



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 54

Sesión Plenaria
19 de decembro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (19215, 10/PL-000008)

Publicación ditame da Comisión, BOPG nº 226, do 14.12.2017

1.2 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas (doc. núm. 16854, 10/PL-000006)

Publicación ditame da Comisión, BOPG nº 225, do 12.12.2017

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico (doc. núm. 4530, 10/PPLI-000002)

Publicación da admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora, BOPG nº 66, do 15.02.2017

Publicación da Proposición de lei, BOPG nº 204, do 02.11.2017

Punto 2. Mocións

2.1 21265 (10/MOC-000061)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia laboral na Administración de xustiza. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 20233, publicada no BOPG nº 215, do 22.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

2.2 21271 (10/MOC-000062)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa AP-9. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 20052, publicada no BOPG nº 211, do 15.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

2.3 21304 (10/MOC-000063)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co dereito a unha vivenda digna. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 15066, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 04.12.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 17087 (10/PNP-001290)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central, así como á empresa concesionaria da AP-9, para mellorar a calidade de vida e minimizar o impacto das diversas infraestruturas de comunicación na parroquia de Chapela, no concello de Redondela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

3.2 19755 (10/PNP-001466)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a solicitude polo Goberno galego ao grupo Ferroatlántica-Ferroglobe do mantemento en Galicia de todos os investimentos e postos de traballo derivados da fabricación de silicio solar, así como a realización das actuacións necesarias para favorecer o desenvolvemento na comunidade autónoma da totalidade do ciclo produtivo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

3.3 20696 (10/PNP-001541)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas tendentes á dotación nos edificios públicos de baños adaptados para os pacientes ostomizados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

3.4 20810 (10/PNP-001552)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa autorización a Audasa da suba das tarifas nas peaxes da AP-9 para o ano 2018 e as dos anos seguintes, así como a elaboración pola Xunta de Galicia dun estudo da viabilidade do rescate da concesión para a súa xestión pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

3.5 20917 (10/PNP-001563)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para frear o avance da presenza da avespa *velutina* en Galicia e o establecemento de mecanismos de loita biolóxica contra esa especie

Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

3.6 20958 (10/PNP-001566)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a integración da conexión ferroviaria dos portos galegos de interese xeral na Rede transeuropea de transportes, redeseñando o trazado do corredor atlántico de mercadorías, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

3.7 20971 (10/PNP-001567)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa realización no ano 2018 dun trampeo masivo contra a avespa *velutina*, profundar na investigación e erradicar esta especie, así como afrontar os danos causados na poboación apícola e incluír os representantes do sector na comisión de seguimento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

3.8 21008 (10/PNP-001570)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a posta en marcha no ano 2018 dun plan de choque para o control da poboación da avespa *velutina*, a posta en funcionamento, de xeito efectivo, da comisión de seguimento e a apertura de liñas de investigación ao respecto, así como a apertura dunha liña de axudas específica para paliar as perdas sufridas polos apicultores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 222, do 04.12.2017

Punto 4. Interpelacións**4.1 19155 (10/INT-000629)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

4.2 20422 (10/INT-000676)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación das condicións laborais do persoal do sector público autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 219, do 29.11.2017

4.3 20946 (10/INT-000701)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e dous deputados/as máis**

Sobre a protección do medio ambiente e o lindano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 223, do 05.12.2017

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

5.1 21410 (10/POPX-000064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a responsabilidade do presidente da Xunta na resolución dos problemas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

5.2 21413 (10/POPX-000065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre os obxectivos que debe ter a Comunidade Autónoma de Galicia na revisión do sistema de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

5.3 21424 (10/POPX-000066)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre xestión que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coa sanidade pública de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 20190 (10/POP-002401)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis

Sobre a realización na actualidade pola Xunta de Galicia dalgunha análise dos niveis de hidrocarburos aromáticos policíclicos e elementos traça nas augas e sedimentos dos encoros nas zonas afectadas pola recente vaga de lumes forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

6.2 20307 (10/POP-002413)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para recuperar as dúas pías medievais pertencentes á igrexa de San Xián de Moraime, no concello de Muxía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

6.3 16918 (10/POP-002128)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do recoñecemento das competencias profesionais e a formación necesaria para a adquisición do título de técnico ou técnica superior en Electromedicina Clínica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

6.4 19596 (10/POP-002337)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e nove deputados/as máis**

Sobre as melloras producidas no Hospital Comarcal da Mariña dende a entrada en funcionamento do sistema de Estruturas de Xestión Integrada, EOXI

Publicación da iniciativa, BOPG nº 207, do 08.11.2017

6.5 20721 (10/POP-002461)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a situación da infraestrutura e a dotación de persoal de enfermaría no Hospital Comarcal de Monforte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 223, do 05.12.2017

6.6 21406 (10/PUP-000132)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da relación existente entre os beneficios e os riscos das vacinas que se usan no Programa galego de vacinación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

6.7 21414 (10/PUP-000128)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores**

Sobre as razóns do Goberno galego para continuar anunciando a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

6.8 21419 (10/PUP-000130)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre os mecanismos de coordinación institucional e de intercambio de información existentes entre a Xunta de Galicia e o Goberno central para que o Goberno galego continuase anunciando a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

6.9 21420 (10/PUP-000131)**Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para continuar anunciando ao sector do mar a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos cando xa coñecía a decisión da Comisión Europea de suprimilo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 226, do 14.12.2017

SUMARIO

Ábrese a sesión ás catro e cinco minutos da tarde.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 11.)

Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Losaada Álvarez). (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 12.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 15.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 20.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 24.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 29.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 30.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 32.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 34.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 36.)

Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior (Fernández Gil). (Páx. 36.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 38.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 42.), Sra. Cuña Bóveda (EM) (Páx. 44.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 48.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 53.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 55.), Sra. Cuña Bóveda (EM) (Páx. 56.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 58.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. representante da Comisión Promotora (Maceira Eiras)*. (Páx. 60.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 65.), *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 68.), *Sr. Villares Naveira (EM)* (Páx. .) e *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 74.)

Rolda de réplica: *Sr. representante da Comisión Promotora (Maceira Eiras)*. (Páx. 77.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 80.)

Votación do texto transaccionado coa emenda 15 do G. P. Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *aprobado por 51 votos a favor, ningún en contra e 20 abstencións*. (Páx. 80.)

Votación das emendas 27 e 56 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 27 votos a favor, 38 en contra e 6 abstencións*. (Páx. 81.)

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, agás as xa votadas, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 81.)

Votación das emendas do G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 81.)

Votación do Ditame emitido pola Comisión 3^a, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas coa transacción incorporada: *aprobado por 38 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 81.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 82.)

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 82.)

Votación das emendas do G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas non incorporadas ao ditame da comisión, agás a 29 e a 30: *rexeitadas por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 83.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas, coas transaccións incorporadas: *aprobado por 38 votos a favor, ningún en contra e 33 abstencións.* (Páx. 83.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia laboral na Administración de xustiza. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 84.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 85.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Moreira Ferro (P).* (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 90.) *e Sra. Santos Queiruga (EM).* (Páx. 91.)

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 93.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa AP-9. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 94.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 96.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Cal Ogando (EM)* (Páx. 102.) *e Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 104.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 107.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co dereito a unha vivenda digna. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 108.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 109.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 111.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Pierres López (S) (Páx. 113.) e Sr. Castiñeira Broz (P). (Páx. 115.)

O señor Sánchez García (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 116.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia laboral na Administración de xustiza: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 119.)

Votación dos puntos 1 e 9 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa AP-9: *rexeitados por 20 votos a favor, 39 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 119.)

Votación do punto 5 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa AP-9: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 120.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa AP-9, cos puntos 10 bis), 10 ter) e 10 quater) incorporados, agás os puntos xa votados: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 120.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co dereito a unha vivenda digna: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 120.)

Suspéndese a sesión ás dez e oito minutos da noite.

Ábrese a sesión ás catro e cinco minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a inasistencia a este pleno don Carlos López Crespo.

Entramos na orde do día.

O primeiro punto é textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas e de En Marea.

Para a presentación do Ditame da Comisión ten a palabra o presidente da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Losada Álvarez): Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Presentación do Ditame sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 20 de outubro de 2017.

A Mesa do Parlamento, na reunión dese mesmo día, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas.

Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos.

Os grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas e do Bloque Nacionalista Galego presentaron cadansúa emenda á totalidade, que foron cualificadas o 13 de novembro de 2017 e rexeitadas na sesión do Pleno do 20 de novembro de 2017.

Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario Popular formulou 48 emendas; o Grupo Parlamentario de En Marea, 47; o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 63; e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 47, que foron cualificadas o 24 de novembro de 2017.

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do día 27 de novembro de 2017, designou os seguintes ponentes. Grupo Parlamentario Popular de Galicia: dona Paula Prado del Río, titular; don José González Vázquez, suplente. Grupo Parlamentario de En Marea: don Antón Sánchez García, titular; don José Manuel Lago Peñas, suplente. Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: dona Begoña Rodríguez Rumbo, titular; don Abel Losada Álvarez, suplente. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: dona Olalla Rodil Fernández, titular; dona Noa Presas Bergantiños, suplente.

Nas reunións do 28 e 29 de novembro e 5 de decembro de 2017 a Ponencia estudou o texto articulado do proxecto, xunto coas emendas presentadas, e rematou o informe, que contén as recomendacións que lle fixo a Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular, excepto as números 10, 11, 12, 15, 16, 17, 18, 21, 22, 23, 24, 25, 26 e 28, que foron transaccionadas, e en aceptar a número 55 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Aprobáronse emendas transaccionais elaboradas coas citadas emendas do Grupo Parlamentario Popular e as emendas números 34, 35, 36, 37, 38 e 39 do Grupo Parlamentario de En Marea; 20, 23, 24, 34, 35, 36, 37, 39, 41 e 42 do Grupo Parlamentario dos Socialistas; e 11, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40 e 42 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión, reunida o 12 de decembro de 2017, aprobou por maioría o Informe da Ponencia. O texto do ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria consta dunha exposición de motivos, seguida de 28 artigos, 5 disposicións transitorias, 1 disposición derogatoria e 4 disposicións derradeiras.

O articulado agrúpase en dous grandes títulos: o título I, referido a medidas fiscais, e o título II, relativo a medidas administrativas. O título I, dividido á súa vez en varios capítulos, establece modificacións na normativa que regula os tributos propios e os tributos estatais cedidos. O título II regula aspectos diversos en materias tales como o emprego público, a ordenación do territorio, o urbanismo, a pesca fluvial, a pesca marítima, a ordenación farmacéutica, o medio rural, os servizos sociais, a economía, o emprego, a industria, o comercio, o consumo, a educación e o transporte. Péchase o texto normativo con diversas previsións contidas nas disposicións transitorias, derogatoria e derradeiras.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Boa tarde a todas e a todos.

Desde o Bloque Nacionalista Galego —xa o temos dito en máis ocasións— rexeitamos o uso que se fai desta ferramenta, da Lei de medidas fiscais e administrativas —tamén coñecida, ou máis coñecida quizais, como Lei de acompañamento—, porque unha práctica, que por habitual non deixa de ser un subterfuxio, serve ao Goberno galego neste caso, e ademais vemos que de maneira reiterada —por dicilo dalgunha maneira—, como un subterfuxio.

Esta ferramenta —tamén o temos indicado en máis ocasións— ten un carácter excepcional, ten un carácter urxente, e debe incluír apenas aquelas reformas legais que sexan indispensábeis para a correcta execución orzamentaria. Non pode servir como porta de atrás para furtar do necesario debate parlamentario, pero sobre todo tamén do necesario debate social que cumpriría en reformas de calado como as que se fan neste Proxecto de lei de acompañamento, por exemplo, da Lei de prevención de incendios, da Lei de mobilidade de terras ou da Lei de montes veciñais en man común.

E digo que é habitual porque desde o ano 2009 o Partido Popular usa a Lei de acompañamento como *totum revolutum*, como un caixón de xastre, para modificar leis —neste caso 21— no pasado ano a través dun procedemento acelerado. No BNG non comungamos nin con este proceder nin con este mecanismo lexislativo.

A respecto das medidas fiscais, entendemos que o Partido Popular renega de adoptar outra fiscalidade máis progresiva e equitativa para garantir unha maior redistribución da riqueza. Mantemos neste senso as nosas emendas que, dentro da limitada capacidade que lle recoñece o marco político actual ao Goberno galego, á Xunta de Galiza, permitirían recadar maiores recursos económicos cos que blindar e mellorar os servizos públicos e dinamizar económica e socialmente o país cara a un maior desenvolvemento e unha maior xustiza social, aplicar unha maior progresividade aos tramos autonómicos do IRPF con gravames adicionais para bases impoñíbeis superiores aos 60.000 euros, e sobre todo a aquelas rendas que superen os 120.000 e crear, dentro da limitada capacidade que lle recoñece o marco político actual ao Goberno galego, un imposto que grave o impacto económico, o impacto ecolóxico e o impacto social das grandes áreas comerciais, ou restaurar realmente o imposto de patrimonio, gravando aqueles superiores a 300.000 euros, excluída a primeira vivenda ou a vivenda habitual. Son propostas que compoñen —xa o dixemos tamén no primeiro dos debates que tivemos arredor desta Lei de acompañamento ao inicio da tramitación parlamentaria destes orzamentos— un paquete fiscal incompleto, limitado, mais con encaixe no encorsetado marco actual.

Desde o BNG insistimos na necesidade de superar ese marco cara a outro que permita ás galegas e aos galegos actuar sobre as grandes figuras impositivas e fornecer o Goberno deste país dos recursos orzamentarios, dos recursos económicos que permitan —como levamos defendendo ao longo de toda esta sesión de debate— blindar os servizos públicos como dereitos fundamentais que son.

En relación co conxunto de medidas administrativas incluídas na Lei de acompañamento, insistimos —e non cansaremos de dicilo cada vez que teñamos a oportunidade, e moito temo que ano tras ano, polo menos no que resta de lexislatura— en rexeitar este mecanismo como ferramenta para acometer reformas de calado en leis de enorme importancia, como son as

que dicía ao comezo: a Lei de prevención de incendios, a Lei de montes veciñais en man común ou a Lei de mobilidade de terras.

A respecto dunha figura como a dos montes comunais, marcada polo seu carácter assembleario, non pode ser reformada sen consultar as asembleas de comuneiros e a organización que as representa, e menos aínda cando o que se pretende coas reformas incorporadas nesta lei de acompañamento é abrir unha porta para entregar a súa xestión a mans privadas, váléndose da declaración do monte en grave estado de abandono con criterios absolutamente discrecionalis. Por iso nós presentabamos unha emenda para que non poida quedar na discrecionalidade da consellería, senón que teñan que elaborarse uns criterios fixos aprobados por decreto por parte do Consello da Xunta. Desde o BNG continuamos a defender esta forma de propiedade, a necesidade de revitalizar e recuperar as asembleas comuneiras, e sobre todo a de camiñar cara a un aproveitamento multifuncional do monte que equilibre a súa tripla vertente: económica, ecolóxica e, sobre todo e tamén, social.

Outras modificacións que introducen: por exemplo, a Lei de depredación, aprobada este mesmo ano hai apenas uns meses; ou a Lei do solo, na que van vostedes xa pola enésima reforma en pouco máis dun ano. Deixan en evidencia que lexislan a impulsos, que se autoemendan por parroquias.

Mais para autoemenda, a da Lei de prevención de incendios do ano 2007. Dixémolo tamén na primeira sesión na que tivemos oportunidade de debater sobre esta lei de acompañamento: ¿que quedaba dela, despois de que dúas terzas partes xa foran reformadas coa Lei de montes nunha disposición última? Xa digo que, para autoemendas, as que se incorporan coa reforma da Lei de prevención de incendios. Recúan vostedes, e mesmo as transaccións nas que chegamos a un acordo o Grupo Parlamentario Popular e o Bloque Nacionalista Galego reflicten precisamente esa autoemenda coa que recúan vostedes nalgunha das decisións políticas tan lesivas que adoptaron entre os anos 2009 e 2010 fundamentalmente. (*Aplausos.*) Dúas, así, *grosso modo*, por dicilo dalgunha maneira: amplían as faixas de protección e xestión da biomasa, despois de telas reducido por puro sectarismo político na Lei de montes do ano 2012, aproveitando outro subterfuxio, como era naquela altura aquela disposición última, e sen —abro aspas— «xustificación técnica» —e pecho aspas—. «Fin de la cita», que dicía o «M. Rajoy», como indicaba no seu informe o Consello Económico e Social. Dicía o Consello Económico e Social naquela altura, co seu informe, que non había xustificación técnica para explicar ou xustificar —valla a redundancia— a limitación, a supresión de metros nesas franxas de protección e xestión da biomasa.

Introducen tamén mudanzas e, insisto, algunhas delas coas emendas transaccionais que se acordaron entre o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego para redixir de maneira máis clara e coa debida seguridade xurídica a execución subsidiaria naqueles predios sen propietario coñecido, nos predios abandonados ou naqueles que foron repoboados con especies prohibidas. Son achegas que foron formuladas pola Fegamp. Nós insistimos —e queremos subliñar ben isto— en que vemos que supoñen unha autoemenda a unha parte importante das decisións políticas que adoptou o Partido Popular desde o ano 2009 e que foron presentadas pola Fegamp, e desde o Bloque Nacionalista Galego quixemos recollelas, non porque coincidamos coa política forestal do Partido Popular, como se dicía na Comisión 3ª, non por-

que concordemos co uso da Lei de acompañamento como ferramenta para desenvolver estas modificacións, senón porque, despois do acontecido este verán, despois do acontecido sobre todo na vaga de lumes, na vaga de incendios do mes de outubro, o Bloque Nacionalista Galego asume a súa responsabilidade, como facemos sempre, formulando, sexa cal sexa o espazo, as nosas achegas para introducir os cambios legais que sexan precisos; sempre cun obxectivo moi claro, que é mellorar a situación na que viven as persoas do noso país. Moitas delas, moitas das achegas que fixemos con ese obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas que viven e traballan neste país e as súas condicións de vida, non foron apoiadas, de facto, todas as que non foron propostas pola Fegamp practicamente foron rexeitadas polo Partido Popular.

No BNG temos unha cousa moi clara: o que se recolle na Lei de acompañamento referido á prevención de incendios ou á mobilidade de terras son medidas conxunturais que non van resolver un problema multicausal como son os incendios, e moito menos atallar a realidade que temos actualmente no monte. Mais, do que non se pode acusar a este grupo é de non ter vontade de diálogo, porque na comisión, no debate que houbo en comisión, tamén tivemos que escoitar por parte do Grupo Parlamentario do Partido Popular que non tiñamos vontade de diálogo.

Tampouco se nos pode acusar de non ter propostas para dar un cambio de rumbo de 180 graos á política forestal e á xestión do monte neste país. Fixemos propostas de diálogo cando Galiza aínda non ardía, no mes de xuño; fixémolas chegar ao propio presidente da Xunta de Galiza a través dunha carta asinada pola portavoz nacional do BNG e fixémolo presentando e defendendo nesta Cámara, neste mesmo hemiciclo, múltiples iniciativas. A todo se nos dixo que non, ou déusenos a calada por resposta.

Urxiamos o Partido Popular xa daquela a abordar o abandono do rural e do monte, a falta de ordenación territorial e forestal, a fortísima presenza de especies foráneas e pirófitas, maioritariamente o eucalipto e o piñeiro, o cambio climático, a seca, a desestacionalización dos incendios, a precarización das condicións de traballo e do propio servizo de prevención e extinción de lumes. A todo se nos dixo que non.

Meses despois, a realidade impúxose e obrigou a moverse, tarde, mal e a rastro. A ver se ese movemento nos leva a algures ou lles serve, a través da Comisión de investigación dos lumes, unha vez máis, a devolvernos ao mesmo sitio.

Pola miña parte, de momento, máis nada.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Hoxe neste pleno imos aprobar ou, mellor dito, vaise aprobar o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, coñecido como «Lei de acompañamento», que, insistimos unha vez máis, o Goberno do PP da Xunta de Galicia nos achega conxuntamente co Proxecto de lei de orzamentos para o exercicio 2018, coma se fose un volume máis integrante dos orzamentos da Xunta de Galicia.

Tamén quero recordar que é unha práctica habitual nos gobernos do señor Núñez Feijóo na Xunta de Galicia, gobernos con maioría absoluta que, polo tanto, pouco ou nada xustifican este xeito de legislar, e nada impediría que fosen tramitados por un procedemento ordinario, e, ademais —insisto—, nada impediría que fosen aprobados, posto que, como nos recordan habitualmente, vostedes teñen a maioría absoluta para así facelo.

Recórdolles que entre 2010–2017 —gobernos ininterrompidamente gobernados polo señor Núñez Feijóo na Xunta de Galicia— con esta lei de acompañamento se modificaron practicamente 400 cuestións normativas concretas referidas a 70 leis distintas, e estamos excluindo as de natureza tributaria ou fiscal. E neste exercicio 2018, nesta lei que hoxe traemos aquí, modifícanse 20 normas lexislativas, excluindo tamén as de tipo fiscal, e 12 desas leis que hoxe se modifican aquí mediante esta lei foron promovidas polos gobernos, directamente, do señor Núñez Feijóo. (*Aplausos.*)

Polo tanto, señores e señoras deputados do Partido Popular, non busquen escusas, o Partido Popular leva gobernando ininterrompidamente nove anos en Galicia, nove anos ininterrompidos! Polo tanto, nada xustifica este xeito de gobernar. É unha mostra de desidia, é unha mostra de improvisación. Vostedes lexislan segundo as necesidades que van xurdindo; prefiren remediar en vez de previr. Prefiren remediar.

Polo tanto, perdóenme, pero paréceme un xeito bastante prepotente de legislar no que a maioría absoluta do Partido Popular despreza o labor da oposición e amosa que o Partido Popular non ten un proxecto de país.

Nós, o Grupo Parlamentario dos Socialistas, presentamos 63 emendas a este proxecto de lei. Aceptáronnos unha e transaccionamos once, o cal representa o 19 % de todas as emendas que presentamos. E aceptamos as transaccións porque somos un grupo parlamentario responsable. Para nós o máis importante é conquistar que as leis que saen aprobadas por este Parlamento galego poidan ser melloradas substancialmente coas nosas aportacións, sendo conscientes, como dixen anteriormente, de que coa súa maioría sería suficiente para aprobarlas e poderían rexeitar todas as nosas emendas. Polo tanto, nós prestámonos a transaccionar porque o que queremos é que se melloren.

Miren, voulles recordar algunhas das emendas presentadas polo noso grupo parlamentario e que vostedes non aceptaron.

No primeiro bloque, de medidas fiscais, os socialistas propoñiamos que aqueles contribuíntes afectados polos incendios forestais durante este exercicio puideran deducir da cota íntegra autonómica o 100 % das cantidades investidas para paliar os danos causados polos ditos incendios forestais. Tamén propoñiamos a ampliación da cobertura, non só a inmobles, senón

que incluímos vivendas, instalacións complementarias, peches, enxoval doméstico, establecementos de todo tipo, explotacións agrícolas e gandeiras, medios de transporte, os gastos necesarios para aloxamentos ou calquera outro gasto derivado dos incendios forestais.

Nós tamén propoñiamos cambios na escala de gravame do IRPF, incrementando a porcentaxe para as rendas máis altas. Tamén propoñemos o establecemento dun mínimo exento para o imposto do patrimonio en 400.000 euros, excluindo da devandita contía a cantidade máxima de ata 400.000 euros correspondentes á vivenda habitual.

Tamén propoñiamos un incremento no tipo para incrementar a cota tributaria do imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos de auga encorada. E tamén o incremento nas tarifas correspondentes ao imposto sobre a contaminación atmosférica.

Ningunha destas emendas foron aceptadas polo Partido Popular; é dicir, o noso grupo parlamentario propón unha redistribución da riqueza baseada en que pague máis quen máis ten e en que quen contamine pague, pero o Partido Popular non acepta estes principios.

Recórdolles que é necesario incrementar os ingresos para atender aqueles que peor o están pasando. Hoxe, aquí —datos oficiais, EPA, terceiro trimestre—, 2017: 33.600 fogares sen ingresos; 61.700 fogares con todos os seus membros en paro. 2008-2015: o salario real baixou un 7,6 % e o dividendo distribuído incrementou nun 31 %. É dicir, as políticas da dereita, as políticas do Partido Popular, son capital sobre o traballo. *(Aplausos.)*

No seguinte bloque, de emprego público, presentamos tamén outra serie de emendas. Sabemos que, no emprego público, as condicións laborais dos empregados e empregadas públicas sufriron as políticas de recortes destes anos de crise. Coa Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, o Goberno galego aplicou a todos os empregados do sector público autonómico recortes nos seus dereitos laborais, penalización económica pola situación de incapacidade laboral, suprimíronse axudas dos fondos de acción social, restrinxíronse os dereitos á prolongación da permanencia na situación de servizo activo ao cumprirse a idade de xubilación forzosa; suspendéronse unilateralmente os dereitos recollidos en varios artigos do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia e houbo restricións na provisión de postos de traballo e na mobilidade.

Tamén, durante os anos 2013, 2014, 2015 e 2016, se impuxo, adicionalmente á supresión da paga extra do 2012, un recorte retributivo para todos os empregados do sector público autonómico que ascende a unha media do 5 % anual, mediante a supresión do complemento específico ou concepto equivalente nas pagas extraordinarias.

Esta Lei 1/2012 naceu con carácter temporal, polo que a súa vixencia quedaba supeditada á subsistencia das difíciles circunstancias económicas que afectaban a sustentabilidade das contas públicas; condicións e circunstancias que parece que están revertendo, posto que no Proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia 2018, aprobado cos votos do Partido Popular hoxe pola mañá no Pleno desta Cámara, vostedes sinalan que o escenario macroeconómico prevé a continuación da fase expansiva da economía galega.

Tamén din que pretenden manter a alta calidade dos servizos públicos, nomeadamente a sanidade e a educación. E tamén din que as políticas sociais cos máis desfavorecidos e a atención ás persoas dependentes constitúen un compromiso irrenunciable e representan un importante esforzo.

Polo tanto, señores e señoras do Partido Popular, acorde con estes plantexamentos, nós pedímoslles que derroguen a dita lei, posto que esta lei é a que está a impedir que volte a calidade dos servizos públicos aos anos de 2018, así como o desenvolvemento das políticas sociais. Vostedes tampouco aceptaron as nosas emendas.

As políticas do Partido Popular durante estes anos supuxeron adelgazamento dos servizos públicos, diminución da capacidade redistributiva e social do Estado do benestar, desregulación, facilitando que novos ámbitos de privatización estean chegando á nosa comunidade, e ruptura do contrato social, o que conleva maior desigualdade social. Si, señor conselleiro, maior desigualdade.

No bloque de medio rural, nós vemos que o contido desta lei que vostedes hoxe presentan para aprobar aquí evidencia o recoñecemento dunha gran culpa sobre as consecuencias da ola de incendios que afectaron Galicia na fin de semana do 15 de outubro deste ano. É un recoñecemento grande de culpa. Pero, de verdade, ¿tiveron que esperar nove anos de goberno ininterrompidos nos que os incendios ano tras ano nos deixan un panorama desolador e que supoñen perdas moi importantes para os afectados e un gasto tamén moi importante para a Xunta de Galicia? ¿Non sería máis eficaz, non sería máis eficiente, gastar parte destes importes en prevención, en planificar, en mellorar o contorno rural, en incentivar a produtividade ou en axudar aos concellos para a planificación forestal? (*Aplausos.*) Isto si que conlevaría ao asentamento poboacional no rural, ao investir en lugar de gastar, ao aforrar en extinción e ao evitar as terribles consecuencias polos lumes, como as que acabamos de sufrir, fundamentalmente en bens materiais e en vidas humanas.

Vostedes non teñen proxecto de país, orzan para non executar. Voulles dar un dato: 2013-2016, na partida 551B, accións preventivas e infraestrutura forestal, obrigas recoñecidas menos crédito inicial sen executar, 39 millóns de euros. Partida 713, ordenacións das producións forestais, obrigas recoñecidas menos crédito inicial, 70,6 millóns de euros. É dicir, sumando estas contías 2013-2016, máis de 109 millóns e medio de euros sen executar pola Xunta de Galicia do Partido Popular. ¿Non terá algo que ver esta falla de execución, esta desidia, nas consecuencias devastadoras que acabamos de vivir? ¿Por que non pensan en clave de país, sen ir parcheando, as consecuencias da falta de políticas?

Voulles dar outro dato: a Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais, 56 cambios dende 2010, e esta lei é obxecto de modificación en 13 modificacións puntuais. Polo tanto, 109 millóns e medio sen executar e 56 cambios na lei en sete anos. Ese é o seu saldo.

Por iso, o Grupo Parlamentario Socialista presentamos unha serie de emendas tamén neste apartado, lamentando que estas non sexan debatidas polos procedementos ordinarios, lamentando que moitas destas medidas non estiveran xa implementadas e lamentando que teñamos que volver a vivir este tipo de catástrofes na nosa terra.

Mire, vostedes aluden continuamente ao Bipartito, ao Goberno de Emilio Pérez Touriño, e neste tema tamén. Recordan tamén a vaga de incendios de 2006. É verdade que as consecuencias foron terribles, pero ¿saben o que é o peor aínda, moitísimo peor? Que despois de once anos non melloraron en nada a prevención; (*Aplausos.*) que se, en lugar dunha fin de semana, estes lumes tivesen sido durante quince días, como en 2006, Galicia ardería literalmente na súa totalidade, monte, bens e persoas; que as normas aprobadas polo Goberno de Emilio Pérez Touriño foron corrixidas para establecer unha menor cobertura nas franxas de prevención, así como nas plantacións de especies pirófitas; e que nada se fixo en once anos, salvo apagar os lumes que nos tocaron vivir. Vostedes gobernan coma se as políticas nada puideran facer por minimizar determinados problemas, indefensión, conformismo e desidia.

Mire, no ano 2010 o noso grupo parlamentario tamén presentou unha proposición de lei, que, evidentemente, non foi aprobada polo Partido Popular e na que se recollían varias das melloras que aquí se propoñen...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...pero vostedes desprezan o labor da oposición. Así, nas nosas emendas —e voume ir directamente á primeira e na réplica xa terei ocasión de seguir coas outras—, establecemos unha clasificación de escalas para o persoal dedicado a labores contra incendios forestais, en aras a mellorar a clasificación, a asignación de funcións e os requisitos de desempeño dos postos de traballo das brigadas forestais, tal e como nos teñen exposto diferentes organizacións sindicais.

En calquera caso, seguimos mantendo que o xeito adecuado para modificar ou mellorar as escalas funcionariais non é aproveitar unha lei de medidas, senón modificar a Lei de emprego público de Galicia, tras a correspondente negociación colectiva.

Nós aceptamos a transacción destas emendas para mellorar a estrutura e os requisitos das xefaturas das brigadas forestais e as categorías de condutores de motobomba e de bombeiro forestal. Esta transacción sobre as nosas emendas facilitará o ascenso laboral de preto de 1.500 traballadores das brigadas forestais. Por iso, nós aceptamos esta transacción e seguiremos traballando e presentando iniciativas que procuren a mellora do emprego público galego, que redundará na mellora dos servizos públicos galegos.

Propuxemos a introdución de cambios nos montes de man común no sentido xa recollido na proposición de lei que presentou o noso grupo no ano 2010, outorgándolle máis funcións específicas á Xunta de Galicia, como é promover a constitución das comunidades veciñais cando estas non existan, a defensa ou xestión en caso de grave abandono, a extinción da comunidade veciñal por parte da Xunta de Galicia para impulsar a súa xestión...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e previr os incendios forestais e que na xestión cautelar ou nos montes veciñais declarados en estado de grave abandono ou de degradación un 70 % se reinvesta no propio mantemento e xestión dos montes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Acabo xa, señor presidente, déixeme soamente un apartado.

O señor PRESIDENTE: Se fai o favor, porque imos moi mal de tempo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E ampliar o labor do Banco de Terras e os criterios de reversión dos montes.

Seguirei na miña seguinte intervención.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Esta lei é unha gran camuflaxe da incompetencia do autotitulado Goberno dos bos xestores de Núñez Feijóo. Vostedes, ademais, presentan emendas; emendan porque non planifican, emendan o pouco que planifican. Isto é un enorme pano de fume fiscal, un truco administrativo para desviar malamente a atención cidadá sobre a incapacidade da Xunta de Galicia; unha tapadeira propagandística — unha máis —, fraude e ruído informativo.

É, ademais, a constatación do fracaso de políticas no agro, no medio rural, no monte, nas políticas de rehabilitación; fracasos estrepitosos e continuados por falta de vontade de facer as políticas doutro xeito, a constatación da utilización das mentiras despois dos lumes que custaron catro mortes, atribuíndo única e exclusivamente ao terrorismo incendiario o que ten causas complexas, como tamén se reflicte no intento aquí de maquillar cuestións de ordenación territorial, de maquillar cuestións da Lei de prevención de incendios, de maquillar a inacción nos montes veciñais en man común e de maquillar a súa ineficacia no intento de xestionar conxuntamente a superficie forestal no fracaso estrepitoso das sofor, anunciado por esta oposición durante anos, facendo propostas que non se tiveron en conta pola soberbia absoluta do Partido Popular, que pensa que por ter 41 deputados iso lle dá a razón, como se di que a terra é plana. Porque eles teñen a maioría e non poden escoitar os que vimos traballando por que escoitasen algo do que se dicía e do que dicía moita xente que entende disto.

É a constatación da continua improvisación xa fallada e da falla de proxecto de país; confusión lexislativa sostida ata o paroxismo nos últimos tempos. Dous botóns para esta mostra: o Grupo Parlamentario Popular fai nas súas emendas a quinta modificación da Lei do solo en menos de dous anos. Iso non é serio. Van ter que modificala outra vez, derivado doutras disposicións que introducen nesta lei, e van ter que modificala se se aproba a Lei de rehabilitación de Galicia, porque afecta moitas cuestións da Lei do solo. Porque a Lei do solo aprobada hai dous anos contiña un modelo expansivo, de expansión urbanística, e en absoluto

regulaba a rehabilitación, e iso demostra unha vez máis a continua improvisación. Se cadra, a nova Lei de rehabilitación é para tapar a nefasta execución neste sector que tiveron vostedes, executando, por exemplo, no 2016, o 15 % do programa de fomento da rehabilitación de vivenda, ¡o 15 %! Iso, evidentemente, dá lugar a que os datos de rehabilitacións desde que vostedes chegaron ao día de hoxe baixaran de 938 a tres centos e pico. É normal coa súa xestión.

¿Máis espectacular, imposible? Non, non, vostedes supéranse. Hoxe traen aquí nas emendas a primeira modificación na Lei de fomento de iniciativas empresariais, lei de depredación aprobada hai un mes, aproximadamente, e xa modifican unha cuestión menor, como despois direi. Alguén debeulles ir petar na porta, señor conselleiro, para dicirlles: ¿como quedou o meu? E vostedes tiveron que ir correndo solícitos a atender correctamente na súa xestoría, que é o Partido Popular ou este goberno.

Discrecionalidade absoluta, polo tanto; lexislación á carta e ao capricho da economía dos amigos; modificacións lexislativas instantáneas; ¿sentido de país? Ningún. ¿Solidez lexislativa? Nula. ¿Decencia? Moi pouca.

Os cambios en materia urbanística son relevantes, ao igual que a atribución competencial dos concellos en materia sancionadora. Esquecéronse de incluír unha disposición transitoria, como xa dixen, na disposición para o planeamento e instrumentos de xestión en trámite. O suposto de venda directa de madeira, polo límite da contía, vai precisar a modificación —unha máis— da Lei de patrimonio. Tanta dispersión que ata na emenda do Partido Popular introducen unha modificación, unha disposición derradeira terceira, que se titula: Refundición normativa en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais. Fan unha emenda para refundir o que levan modificado sistematicamente, ano tras ano, ata dúas veces por ano, e coa emenda, claro, pois teñen que poñer un pouco de orde. ¡Tal é o caos que teñen que introducir iso!

A chapuza é de tal calibre que se esquecen de incluír esas disposicións transitorias para o réxime urbanístico da nova zona de influencia forestal, unha modificación máis que terán que facer. Como xa dixen, modifican a «lei de depredación de Galicia», esa lei feita a medida das grandes empresas que veñen espoliar o país. E cambian nada máis e nada menos que a vixencia dos proxectos sectoriais, que antes tiñan un límite. Se non se desenvolvían e non cumprían os prazos, podían pedir prórroga, etc., pero é que agora vostedes —supoño que pretenden tomarnos por parvos—, a eses proxectos sectoriais —a eses que foron petar á súa porta, os que estaban afectados—, danlles vixencia indefinida para que os desenvolvan, coma se aquí non necesitáramos poñer prazos para desenvolver os instrumentos urbanísticos.

Agora propoñen vostedes na emenda que a vixencia dos proxectos sectoriais que implican a transformación e a parcelación urbanística do solo será a que estableza a lexislación urbanística para os plans parciais. Por iso dicía que deben pensar que somos idiotas perdidos. A lexislación urbanística non establece vixencia específica para os plans parciais. A vixencia dos instrumentos de planeamento de todos eles é indefinida —artigo 82 da Lei do solo, aprobada hai dous anos—. «Os instrumentos de planeamento urbanístico terán vixencia indefinida», artigo 82. Polo tanto, outro favor máis —por se xa non eran bastantes— a algún amigo.

Viñeron vostedes dar leccións aquí a esta Cámara de bo goberno, da excelencia das súas políticas forestais, do desenvolvemento rural, de ordenación do territorio, ¿e saben o que significa o grupo de emendas, a repañota de emendas que traen vostedes aquí? Que as súas mentiras non se sosteñen, que teñen que maquillalas con emendas, que non teñen ningunha credibilidade. Son a constatación dun fracaso continuado. O venres publicábanse os datos da Enquisa de explotacións agrarias do INE, 2016, e nela reflíctese o fiasco das súas políticas. En Galicia pérdense 3.400 explotacións de 2013 a 2016, o 4 %, o dobre da media estatal. E a pesar de perder o dobre de porcentaxe da media estatal de explotacións, a superficie agraria útil por explotación descende, en contra do que o fai no Estado; é dicir, perdemos explotacións e non somos capaces de incrementar a superficie das explotacións que quedan. Polo tanto, perdemos superficie agraria útil coas súas grandes políticas. O mesmo que fala do enorme envellecemento dos titulares de explotación agraria, que, xa o teño dito, é unha situación dramática: menos do 2 % de titulares de explotacións agrarias con menos de 35 anos. E vostedes seguen dicindo que todo o fan ben. O señor Feijóo dixo aquí no discurso de investidura que as concentracións parcelarias se ían acabar —as que están activas— nesta lexislatura. ¡Imposible!, ao ritmo que levan, xa no que levan de lexislatura tardarían quince anos en resolver as 116 que quedan activas. Menten, e parece que aquí todo sae gratis, que non ten ningunha consecuencia, pero ten consecuencias para o país, evidentemente.

E tamén vimos insistindo na incapacidade do instrumento que vostedes escolleron para a xestión conxunta do monte. Claro que é necesario que se xestione conxuntamente o monte, pero vostedes veñen facendo ouvidos xordos, con soberbia e prepotencia, ao que viñamos dicindo e que os datos constatan: 5 Sofor constituídas dende que vostedes gobernan, 800 hectáreas; un ridículo espantoso, e vostedes modifican, como sempre. A solución: deducións fiscais. Esa non é a solución, porque neste país xa hai figuras que xestionan conxuntamente a superficie, e vostedes non souberon facer políticas para dinamizar e para apoiar estas superficies, que son os montes veciñais en man común. ¿Acaso pensan vostedes que se as súas políticas non funcionan cos montes veciñais en man común van funcionar para xestionar conxuntamente a superficie privada do noso rural? Non, porque, como di o Consello de Contas, se necesita algo máis que deducións fiscais, que o que fan, ademais, é adelgazar o público; políticas públicas que son necesarias, como di o Consello de Contas, para que, por exemplo, os distritos forestais fagan algo máis que facer a política de prevención e extinción de incendios, poidan facer o que se chama extensión forestal, poidan apoiar con coñecementos técnicos os montes veciñais en man común, dinamizalos, ser un apoio para que funcionen mellor e para que fagan unha explotación racional do territorio. Se non son capaces cos montes veciñais en man común, ¿como van ser capaces de facelo coas sofor? Ese non é o seu obxectivo. O seu obxectivo, como nos montes veciñais en man común, é facer o deserto verde para que veña a súa solución, que é a entrada do capital.

Por iso, as únicas medidas que vostedes toman tanto no proxecto de lei como nas emendas son facilitar a declaración dos montes veciñais en man común en estado de abandono para cedelas ao Banco de Terras, para que calquera empresa poida entrar a xestionalas. Nin unha soa medida para que estes montes veciñais en man común funcionen, para que a propia xente poida xestionar estes montes. Non, favorecen o abandono, como favorecen o abandono do medio rural.

Reforestación de terras agrarias. Levan anos negando que aquí houbera un problema de reforestación de terras agrarias, a pesar dos datos da superficie agraria útil, que baixaba, a pesar da realidade que vemos de prados e leiras plantados con eucaliptos por todo o país. En cambio, vostedes traen aquí unha modificación para poder executar subsidiariamente cando haxa que arranxar unha reforestación agraria, pero levamos anos perdidos, con miles de hectáreas reforestadas, que teñen moitos efectos negativos, para profundar nese desequilibrio dun país que non é capaz de producir os alimentos que consome, que ten que gastar 900 millóns de euros en comprar alimentos que non é capaz de producir, pero tamén efectos moi negativos nos lumes, facendo masas forestais con continuidade, que son un perigo, cando antes había cortalumes naturais.

Non o dicimos nós, ademais do Consello de Contas, que fala da importancia de cambiar a estrutura da administración forestal, de que esa administración forestal sexa un apoio... Claro, isto é moito máis difícil, require de máis rigor, de máis esforzo, de recursos económicos, para levar a cabo, para pintar na lei, unha dedución fiscal que non vai resolver nada; non vai resolver nada.

Señor conselleiro, as axudas para a incorporación de mozos e mozas son moi importantes, supoño que das máis importantes de calquera actividade económica, e iso non impide que se fracase cando a xente intenta incorporarse, porque faltan moitas outras cousas que requiren de políticas de medio e longo prazo, que necesitan políticas de apoio, que necesitan infraestruturas, que necesitan técnicos, que necesitan servizos públicos. Unha dedución fiscal non soluciona nada; iso si, pode solucionárselle algo a algunha determinada empresa, que si que vai ter coñecementos técnicos, que vai ter capacidade de financiar os seus proxectos, pero non á xente.

Fala outro experto —co que eu ás veces teño discrepancias, do que lle teño lido—, Juan Picos, profesor, creo que da Universidade de Vigo, dunha tripla ameaza: a estrutura da propiedade. Vostedes, fracaso absoluto —xa llelo din os datos— nas sociedades de fomento forestal, fracaso absoluto nos montes veciñais en man común. O abandono e o envellecemento demográfico. Vostedes levan feito políticas de destrución e de abandono do medio rural. Fala tamén do déficit de investimento público sistemático; cifrao entre 36 e 52 millóns de euros sobre o previsto do Plan forestal. E fala da estrutura da administración forestal, isto que vén dicindo durante anos. Vostedes á súa, sen facer ningún caso.

Vostedes pensan que con esas deducións fiscais solucionan algo; solucionaránllo ás grandes empresas. Vostedes pónenlles máis deberes aos concellos na loita contras os lumes, pero non lles poñen nin un euro máis nos orzamentos. Os convenios cos concellos para a prevención e extinción de incendios mantéñense exactamente iguais que no 2017, porque vostedes non planifican, non son coherentes entre o que din na Lei de medidas fiscais e administrativas e o que poñen nos orzamentos. Aprobamos unha lei de fomento de iniciativas empresariais que non aparece na memoria dos orzamentos, queren aprobar unha lei de rehabilitación que non aparece na memoria dos orzamentos, queren darlles máis deberes aos concellos galegos e non lles dan nin un só euro, porque ese non é o obxectivo.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Nós si que cremos que hai solucións, pero as solucións non son simplemente facer un deserto verde para que entre o gran capital; as solucións terán que vir con outro tipo de políticas que teñan vontade de que a xente quede a vivir no rural, que teñan unha administración que os apoie, con rigor, con seriedade, e non coa continua improvisación da que vostedes fan gala, porque realmente vostedes nunca tiveron outro obxectivo que ese: desertizar o rural. Levan trinta anos gobernando neste país e a fotografía do rural galego é en gran parte responsabilidade súa. A fotografía do rural galego é un rural onde a poboación agraria está envellecida, onde o medio rural se abandona, onde hai un medio rural envellecido, onde non hai ordenación do territorio e onde a superficie forestal non está certificada. Esa é a fotografía das súas políticas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero pedir desculpas por esta voz que teño tomada. Non lle fixen caso ao presidente e non me vacinei, e agora pasa o que pasa. (*Risos.*)

Bueno, bromas á parte, debatemos hoxe o Informe de Ponencia da Lei de medidas fiscais e administrativas; un texto que, como acabamos de escoitar aos membros da oposición, é moi criticado, porque consideran que é un recurso lexislativo non axeitado. Ben é certo que non é o mellor instrumento lexislativo, eu xa o dixen en moitas ocasións, pero precisamente neste ano esta lei de medidas revélase como un instrumento útil.

Chegamos hoxe a este pleno cun texto moi traballado, moi traballado polos grupos parlamentarios. Aquí falouse de que non escoitabamos a oposición, de que non lle faciamos caso, e iso non é verdade, e proba diso son a cantidade de emendas que transaccionamos, que aprobamos e que mesmo subsumimos.

O presidente da comisión estivo lendo aquí antes, ao principio do debate, o innumerable número de emendas que se aprobaron. Por tanto, eu creo que todo o discurso dos membros da oposición, que acaban de dicir aquí que o Partido Popular aplicou o rodillo e a maioría absoluta, cae por si mesmo, porque proba diso son as emendas que se aceptaron.

O pasado 7 de novembro, cando compareceu nesta Cámara o presidente Feijóo, ofreceu un acordo de país contra o lume, e hoxe podemos dicir que na Lei de medidas materializamos acordos importantísimos que terán resultados a curto prazo.

A este texto lexislativo o Grupo Parlamentario Popular formulou 48 emendas. Algún grupo preguntaba por que emendabamos a Lei de medidas. Pois, loxicamente, esta lei entra no Parlamento na mesma semana na que, por desgraza, houbo a ola de incendios en Galicia, e, xa que había algunha modificación na Lei de medidas sobre a política forestal, pois apro-

veitamos para introducir medidas para que se apliquen a curto prazo, e a curto prazo digo xa en maio do 2018.

Por moi exprés que fixeramos unha modificación legislativa, non chegaríamos a maio e a xuño con estas medidas en vigor; non poderíamos, na época de máximo risco do ano 2018, adoptar as medidas que hoxe imos aprobar. Por tanto, eu creo que todos os grupos debemos ser responsables e recoñecer que as medidas que aprobamos hoxe na Lei de medidas, sobre todo en materia de política forestal, son moi importantes para o futuro de Galicia.

Señora Rodríguez Rumbo, os empregados e empregadas públicos, ¿sabe cando sufriron maior recorte de dereitos económicos? En maio de 2011, sendo presidente do Goberno o señor José Luís Rodríguez Zapatero; dereitos económicos, por certo, que a día de hoxe aínda non recuperaron e que nunca van recuperar, a diferenza da paga extra do ano 2012, que xa a teñen recuperada, e mesmo antes do que o aprobamos na Lei de emprego público, que estaba previsto para o ano 2018. Xa cumprimos no ano 2016.

Por tanto, que veña unha socialista falar aquí de recortes aos empregados públicos ten moito valor, porque é como vir falar das pensións, cando foron vostedes o único goberno que conxelou as pensións aos pensionistas deste país, en maio do 2011, señorías. (*Murmurios.*) A hermeroteca non mente.

Tamén dicía a señora Rodríguez Rumbo que eramos os máis malos do mundo mundial, que recortabamos en servizos públicos, en servizos sociais, en servizos básicos... Señora Rodríguez Rumbo, pois para ser os máis malos do mundo mundial, os galegos a verdade é que son *masocas*, porque cada catro anos renovan a súa confianza no Partido Popular e cada catro anos aínda lle dan máis confianza ao Partido Popular e menos a vostedes. (*Aplausos.*)

Di vostede que modificamos 56 veces a lei en sete anos, pero é que a lei é súa. A lei é do ano 2007, é do Bipartito, e é lóxico que o Partido Popular non coincida co seu modelo; é lóxico que tiveramos que mudala. Agora, é absolutamente falso, señora Rodríguez Rumbo, que diga vostede que modificamos para minorar as franxas de seguridade. Iso é falso. Modificamos agora as franxas e poñémolas en 50 metros, e, por certo, vostedes están de acordo con iso e consensuaron con nós, igual que o Grupo de En Marea e igual que o Bloque Nacionalista Galego —e sobre iso vou facer unha peza separada, sobre o Bloque Nacionalista Galego na Lei de medidas—.

Señor Sánchez, vostede di que, como temos maioría absoluta, é coma se dicimos que a terra é plana. Bueno, é coma se dicimos que as vacinas non funcionan; máis ou menos vén ser o mesmo ¿non? Vostede estaba no Bloque Nacionalista Galego no ano 2006, e vostede segue insistindo en que o Partido Popular fala de terrorismo incendiario. Pero, mire, no ano 2006, cando vostede estaba no Bloque Nacionalista Galego, cando o seu xefe era o señor Quintana e o conselleiro era Suárez Canal, dicían isto: «*El BNG atribuye los incendios en Galicia a terroristas medioambientales que actúan de forma coordinada. El BNG atribuyó hoy los incendios de Galicia a terroristas medioambientales que actúan con un nuevo modus operandi, de forma coordinada en distintos puntos geográficos de la comunidad*».

Vostedes poden dicilo, e o Partido Popular non pode dicir que isto é terrorismo medioambiental. Pois, mire, señor Sánchez, si, foi terrorismo medioambiental, e igual que o dicía o Bloque Nacionalista Galego cando vostede estaba no Bloque Nacionalista Galego, cando o Bloque Nacionalista Galego seguía sendo o Bloque Nacionalista Galego e cando o Partido Socialista gobernaba co Bloque Nacionalista Galego e con vostedes, o Partido Popular tamén o di, porque, por desgraza, en Galicia houbo terrorismo incendiario eses días e calquera día que haxa un incendio e que calquera prenda lume, sobre todo cerca das casas.

Mire, vostede di que se cede o uso do Banco de Terras. Cédese o uso das terras ao Banco de Terras, pero os propietarios seguen sendo propietarios, señor Sánchez. E despois fala vostede das comunidades de montes. De 3.000 comunidades de montes que hai en Galicia, 1.000 non teñen xunta directiva. Xa llo preguntei na comisión e vostede non me contestou. ¿Que solución propoñen vostedes para as 1.000 comunidades de montes que en Galicia non teñen xunta directiva? Aínda estou agardando a que vostede me diga a súa solución.

Señora Rodil —esta é a peza separada do Bloque Nacionalista Galego—, mire, para rexeitar o uso desta lei vostedes utilizaron bastante ben as emendas, presentaron 47 emendas. Eu creo que houbo debate parlamentario e que houbo debate social. Vostede vén aquí e di que non o houbo. Si que o houbo. Aquí tamén —nesta lexislatura aínda non, pero si na lexislatura pasada—, cando fixemos algunha modificación dalgunha lei por artigo único, vostedes tamén criticaron e dixeron que non era democrático, que non había debate. Mire, eu creo que nesta lei houbo moitísimo debate parlamentario, incluso chegamos a moitísimos acordos, mesmo esta mañá —e a señora Rodríguez Rumbo pode dicilo—. A min díganme vostedes que cuestión das que vostedes presentaron como emenda na lei nós non a tiveramos en consideración, non a tiveramos dialogado, non a tiveramos valorado ou non a tiveramos sopesado. Creo que vostedes non poden dicir que non. Poden dicir que non llela apoiamos, si; pero que non dialogamos, que non as atendemos e que non as miramos, iso non o poden dicir.

E, mire, a autoemenda á Lei de incendios do 2007 fana vostedes porque a lei do 2007 é súa. Hoxe vostede trae aquí emendas á Lei de incendios que aprobaron vostedes e que vostedes propuxeron cando tiñan maioría neste Parlamento. Por tanto, a autoemenda é súa. Nós non recuamos, os que recúan son vostedes, señora Rodil —permítame que utilice a mesma expresión—. Vostedes recúan. ¿E por que? Porque, mire, copiaron as nosas emendas. *(Risos.)* É unha risa, señores do Bloque Nacionalista Galego. Voulles explicar por que copiaron as nosas emendas.

Vostedes din que son as emendas da Fegamp. Ben, o 7 de novembro o presidente da Xunta nesta mesma tribuna ofreceu un pacto de país. E dixo que o primeiro sitio onde podíamos poñernos de acordo era na Lei de medidas —o señor Sánchez está esperando porque sabe o que vou dicir—. Ben, o Partido Popular traballou e redactou unhas emendas, e o día 15 de novembro o vicepresidente da Xunta e a conselleira do Medio Rural presentaron as emendas do Grupo Parlamentario Popular á Fegamp. E alguén da Fegamp —supoño que algún alcalde seu— deulles as emendas do Partido Popular presentadas á Fegamp ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. ¡Ah!, e ao Bloque Nacionalista Galego gustáronlle as emendas do Partido Popular e dixo: copia e pega. ¿E que fixo? Pois presentounas tal cal. Loxica-

mente, desde o 15 ata o 17 —que foi a data de fin de rexistro das emendas—, o noso grupo fixo algunha modificación, por iso hai algunha frase, algunha palabriña, que non é exactamente igual, pero o resto é exactamente igual. Incluso nin sequera cambiaron Galicia por Galiza —que a vostedes lles gusta tanto o termo «Galiza» (*Murmurios.*)—: *Diario Oficial de Galicia*, Banco de Terras de Galicia, Galicia... Incluso non modificaron «Galicia». (*Murmurios.*) Esa é a situación.

Nós estamos encantados de que vostedes compartan a política forestal do Partido Popular. Pero non o neguen, señora Rodil, non neguen que coinciden con nós. Agora non poden dicir que a política forestal do Partido Popular está alonxada da realidade, porque vostedes asumiron nas súas emendas as emendas do Partido Popular; copiaron e pegaron con puntos e comas as emendas do Partido Popular. Que non eran as emendas da Fegamp, señora Rodil, eran as emendas que o Partido Popular lle trasladou á Fegamp e que a Fegamp lle trasladou ao Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

Eu o que quero aquí é ser positiva, e desa cuestión que vostedes dixeron eu quero destacar que iso nos levou a chegar a acordos importantísimos en materia de política forestal, e creo que iso é bo para Galicia. Se vostedes noutras ocasións non puxeran por diante dos intereses de Galicia os intereses do Bloque Nacionalista Galego seguro que chegaríamos a moitos máis acordos polo ben de Galicia. O problema é que vostedes ás veces, por non pactar co Partido Popular, votan que non sistematicamente. Fíxese ata que punto que mesmo nesta lei vostedes manteñen hoxe nunha emenda no pleno para as franxas de protección —¿verdade, señora Rodil?— os 100 metros. Pero é que, claro, na comisión, o Bloque Nacionalista Galego votou a favor dunha transacción que tiñamos feita o Partido Popular, o Partido Socialista e En Marea para que a franxa de protección fora a 50 metros. (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, mire, voulle dicir exactamente cal é, señora Rodil. Vostedes votaron a favor desa transacción. E, claro, vir agora dicir... Mire, é a transacción B3, da emenda 10 do PP coa 34, 35, 38 e 39 de En Marea, coa 34, 35, 36 e 37 do PSOE e coa 11 do BNG. Referímonos ao punto 7 do artigo 15, que modifica o artigo 21 da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia, establecendo en 50 metros as franxas de xestión de biomasa.

Ben, claro, ante isto, señora Rodil, nós temos que pensar: ¿cal é o modelo do Bloque Nacionalista Galego?, ¿cal é a política forestal do Bloque Nacionalista Galego? ¡Home!, polo que vexo, coincide bastante coa do PP. Non nos parece mal. Pero díganos, non o neguen, non digan que o Partido Popular está alonxado da realidade, que o Partido Popular non ten os pés no chan. Non, mire, nós creo que temos os pés bastante no chan cando conseguimos consensuar moitas cousas, non só con vostedes, vía copia e pega, senón tamén co Partido Socialista e con En Marea, cos que tamén chegamos a acordos nas franxas de protección, nos 400 metros. En Marea renunciou a poñer os 500 para poñer 400. Creo que esas cuestións favorecen. Señor Sánchez, non se sinta vostede mal por chegar a acordos co Partido Popular, é bo, porque, mire, é bo para Galicia. (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Sánchez, é bo para Galicia.

Miren, chegamos a acordos tan importantes como a declarar as franxas de protección —como dicía— nos 50 metros, as franxas de protección das vivendas en 400, a incluír os *campings* e

as gasoleneiras e a adiantar un mes, de xuño a maio, a limpeza da biomasa. Ben, iso é posible porque estamos nunha lei que aprobamos hoxe. Se iso o adiáramos e nos puxeramos a traballar na modificación da lei probablemente non chegaríamos a maio con esta modificación. Por tanto, eu creo que nós temos que felicitarnos por iso.

Agora ben, é certo que os alcaldes teñen unha responsabilidade moi importante e que as deputacións teñen unha responsabilidade moi importante. ¿É que a Xunta de Galicia vai axudar economicamente os alcaldes? Por suposto que si, señorías. Pero, claro, é que nós con esta modificación legislativa o que facilitamos é que os alcaldes, precisamente naquelas fincas onde non poden entrar e non se limpa a biomasa, poidan actuar e poidan entrar ou ben de xeito automático ou ben incluso con autorización xudicial cando non se trate de fincas que sexan o domicilio. Por tanto, creo que é fundamental este tipo de cuestións de procedemento que ata o de agora puñan moitas trabas aos concellos para poder facer a limpeza subsidiaria naquelas fincas nas que os propietarios non o facían.

Eu o que lles pido é que lles trasladen aos alcaldes que fagan o seu traballo. As deputacións teñen que facer o seu traballo, e a Xunta tamén. Pero é que vostedes non poden vir aquí botarlle a culpa de todo á Xunta de Galicia; iso non. E non poden vir aquí poñer encima da mesa, señor Sánchez, os mortos nos incendios á Xunta de Galicia, porque iso é política carroñera, que é a que vostedes... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, é a que vostedes criticaban. Falaban de críticas. ¡Pois non fagan vostedes o mesmo! Xa que son diferentes, non fagan vostedes o mesmo. Non está ben, señor Sánchez. Non está ben. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ¡Non está ben, home, non está ben! *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Eu creo que é un bo paso o que empezamos a dar hoxe con estes acordos na Lei de medidas.

E eu agardo que o Bloque Nacionalista Galego se aclare co modelo de política forestal de cara a tomar máis acordos na comisión de estudo e que entre todos poidamos adoptar medidas que favorezan o futuro de Galicia, e sobre todo no tema dos lumes, que é un tema moi importante. E ademais, como todos temos visto, por desgraza, nesa fatídica fin de semana de outubro, é moi perigoso, porque cada vez se achegan máis ás casas e cada vez se achegan máis á xente. Á parte da cuestión medioambiental, que a todos nos preocupa, señor Sánchez... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, bueno, eu acabarei cando se me acabe o tempo, señor Sánchez, e ademais está o presidente para dicirmo. Non me diga vostede cando teño que acabar.

Eu o que lles pido é que sexan responsables e que, polo ben de Galicia, poidamos chegar a máis acordos nesta materia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Vouno coller onde o deixou a señora Prado agora: que isto todo, o que ten a ver coa xestión do monte, coa política forestal e co tema dos incendios, é un tema importante, estamos de acordo. É un tema importante, e xa o era antes mesmo do 15 de outubro, desa fin de semana, e das 50.000 hectáreas ardidadas nunha soa xornada practicamente.

E alédome dunha das cuestións ás que facía vostede referencia no primeiro punto —eu creo— da súa intervención. Alédome, ademais —dígolle—, inmensamente porque recoñeceu vostede que, se non fora por esa xornada, polo 15 de outubro, polas 50.000 hectáreas ardidadas e por todo o que se perdeu ese día 15 de outubro, non terían cambiado absolutamente nada (*Aplausos.*) da política de xestión do monte, da política de prevención e da política forestal que levan facendo vostedes oito anos. (*Aplausos.*)

Eu creo que lle dixen na Comisión —non sei se era exactamente o mesmo punto do debate ao que me vou referir agora— que parece como que até onte aquí non pasaba nada. Aquí non se tomaron decisións políticas, aquí non se gobernou, aquí non leva practicamente case nove anos con responsabilidade de goberno na Xunta de Galiza. Dicía que nós nos emendabamos a nós propias pola Lei de prevención do ano 2007. Eu creo que o fixen na miña primeira intervención e volvo repetilo agora, por se non fun o suficientemente clara: esa lei foi reformada en dúas terzas partes cunha disposición última na Lei de montes de 2012. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) O que estamos intentando agora é recompoñer en parte o que había e poder avanzar na medida en que poidamos a respecto do que vostedes desfixeron —xa o dixen tamén na primeira intervención e volvo facelo agora— entre os anos 2009 e 2010, que en boa medida nos trouxo até o punto no que nos atopamos hoxe.

Téño dito en máis ocasións e vólvo repetir agora: o día 15 de outubro non era a primeira vez que ardía este país, por desgraza para todas. Todo o mundo lembra a vaga de incendios do ano 2006 e as medidas que se adoptaron no marco daquela comisión de investigación que se constituíu neste Parlamento e que vostedes boicotearon; as medidas que se adoptaron por parte daquel goberno para intentar que non volvera repetirse o que vivimos no ano 2006. Ano 2017, 15 de outubro de 2017, e volvemos practicamente vivir unha xornada idéntica. Iso é o que non pode ser, que andemos para adiante e para atrás e que teñan que acontecer situacións como as que vivimos no mes de outubro, no mes de setembro ou o ano pasado para que se reaccione por parte dun goberno. É un tema importante, si, pero non fai falta que arda o monte para que nos decatemos de que temos unha cuestión prioritaria, da que vai depender tamén en boa medida o futuro deste país, e que non fai falta que arda para que tomemos medidas ao respecto.

En relación coas emendas, se son as do Partido Popular ¿por que houbo que transaccionalas? ¿A que viñeron os debates e a que veu a procura de acordos? Eu creo que —xa o temos dito

nalgunha ocasión, pero eu creo que é algo negativo en aras de procurar acordos— non é bo que se teña unha visión do diálogo, unha visión do acordo ou unha visión do consenso coma se fose unha rúa de sentido único, e é que cando a min me dan a razón, ben, pero, se a min non me dan a razón, non hai diálogo, non hai acordo, non hai negociación e nin moito menos hai consenso. Nós, a pesar —e tamén o dixen na miña primeira intervención— de cuestionar o uso desta ferramenta —porque dicía tamén vostede na súa intervención que, recoñecendo que non era a mellor das ferramentas...—, ¡vaia gusto lle colleron para non ser a mellor das ferramentas! (*Aplausos.*) Porque, ¡se fora hoxe a primeira vez que se usa a Lei de acompañamento, a Lei de medidas fiscais e administrativas, pero é que desde o ano 2009 todos os anos que se debaten e aproban orzamentos nesta Cámara vai a Lei de orzamentos acompañada da Lei de medidas fiscais e administrativas, facendo un uso dela que non se corresponde coa natureza para a que foi creada! Non se corresponden a maior parte das reformas lexislativas, xa non as deste ano —que tamén—, é que nas do ano pasado non tiña sentido ningún, porque non cumprían con esa función de facilitar a execución orzamentaria.

Nós, volvo repetilo —e con isto remato—, dixémolo na comisión, díxeno de novo na primeira intervención e volvo repetilo de novo: vontade de diálogo, ánimo construtivo. Propostas, témolos, trouxémolos a esta Cámara antes de que empezase a arder o país, mandamos unha carta asinada pola portavoz nacional ao presidente da Xunta de Galiza despois do de Pedrógão Grande para que sentásenos todos a falar. Daquela falaba o BNG dun acordo de país en materia de xestión do monte e política forestal. (*Aplausos.*) ¡Nin se respondeu! (*Aplausos.*) ¡Benvidas e benvidos ao diálogo! (*Aplausos.*) Agardamos que esa comisión de investigación sexa froitosa, pero, bueno, visto o que escoitamos aquí, imos ir con cautela, polo menos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señora Prado del Río, mire, as mulleres e os homes do PSdeG somos valentes, (*Aplausos.*) e estamos orgullosos de pertencer a este partido político. E, mire —voulle dicir—, grazas a esa... (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) —non, non, non, escoite, por favor, porque tamén seguro que lle afecta na súa vida— valentía, grazas á valentía dos homes e das mulleres do Partido Socialista, hai catro piares básicos na sociedade galega e na sociedade española: educación, igualdade de oportunidades; sanidade, igualdade de acceso; pensións non contributivas, ninguén queda na cuneta; dependencia, igualdade para todos e para todas. Pois si, son unha muller socialista, unha muller valente e orgullosa da miña pertenza a este grupo. (*Aplausos.*)

Mire, señora Prado del Río, na época de goberno do presidente Zapatero houbo restricións, baixáronse un 5 % no 2010 os salarios dos homes e mulleres do Estado, pero é que con Rajoy, co presidente Rajoy, se suprimiu a paga extra no 2012, e co presidente Feijóo, a maiores, durante 2013, 2014, 2015 e 2016, impúxose adicionalmente á supresión un recorte retributivo para todos os empregados do sector autonómico que ascende a unha media do 5 % anual.

Esta foi a única comunidade autónoma onde se aplicou, e se non é verdade dígallelo aos 85.000 empregados públicos da Xunta de Galicia e dos entes instrumentais. Dígallelo, por favor; desmíntame aquí, por favor, con datos. Por favor, desmíntame se isto que lle estou dicindo non é verdade.

Mire, señora Prado del Río, fondo das pensións: 2011, 66.000 millóns de euros; 2017, 8.000 millóns de euros. ¿Algo máis que discutir, señora Prado del Río? Por favor, pois saian aquí e discútanos con datos; datos que se publiquen, non con algúns que empregan vostedes e que non saben onde están publicados.

Pero mire, o maior recoñecemento de culpa do Partido Popular é que votedes presentan 48 emendas á propia lei presentada. Vostede mesmo, agora mesmo, señora Prado del Río, acaba de asumir na súa intervención esa culpa, e ademais di que o hai que facer rapidamente porque é urxente. Mire, repítolle: levan nove anos ininterrompidos gobernando, e nove anos nos que arde Galicia e hai incendios todos os anos, absolutamente todos os anos. Díxenlle na miña exposición que o que pasou no 2006 foi unha catástrofe, e outra das catástrofes máis grandes é que teña que volver acontecer pola súa inactividade, por non ter feito absolutamente nada en nove anos do seu goberno. Polo tanto, asúmano, e realmente este é o mellor recoñecemento desa culpa que lles estará repetindo continuamente.

Mire, vostede di que non nos pasan rodillos e que son marabillosos e boísimos. O único que dixó de verdade nesta tribuna é que ganan por maioría absoluta; iso é verdade, non llo discutimos nunca. Pero con esa maioría absoluta aproveitan para... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Si, si, iso témolo superclaro. Pero, mire, vostedes si que aplican un rodillo; nós presentamos 63 emendas, aprobáronnos unha e transaccionáronnos 11; é dicir, un 19 %, xa llo dixen na miña exposición anterior.

Vou seguir, porque antes non me deu tempo, cunha das propostas que nós presentamos, e é que, ademais, quero que quede bastante claro que os socialistas propuxemos nas nosas emendas a creación dunha axencia para a protección do monte de Galicia; unha axencia — que non se trata dunha empresa pública — que estaría integrada na consellería correspondente en materia rural, que actuaría como ente coordinador de todos os medios dispoñibles contra os incendios forestais, que ademais coordinaría e trataría de canalizar todas as actuacións destinadas á prevención e loita contra os incendios forestais e co obxectivo básico de actuar como instrumento de xestión eficiente no exercicio das funcións relacionadas coas actuacións encamiñadas á protección...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e defensa dos montes contra os incendios forestais e como apoio ás administracións locais, posibilitando os medios e os recursos materiais, económicos e necesarios para o logro dos fins establecidos, porque vostedes unha vez máis invitan e os concellos son os que pagan. Si, señor conselleiro, non lle dea a cabeza. Vostedes danlles cada vez aos concellos máis responsabilidades, pero que paguen eles.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non vou ter tempo.

Política carroñeira. Señora Prado, política carroñeira. Paradoxal que o veñan dicir vostedes cando no 2006 o señor Feijóo dixo: «*Con nosotros no había muertos*». Xa está, para política carroñeira xa temos ao gran campión, ao señor Feijóo.

Despois, vostede intentou afearlle a conducta ao BNG dicindo que o vicepresidente e a conselleira foron á Fegamp a entregar as emendas do Grupo Popular ao proxecto de lei do Goberno galego. Confírmase a chafallada. É dicir, unha conselleira e o vicepresidente o que teñen que entregar é un proxecto de lei do Goberno galego e non as emendas do Grupo Popular, porque o que significa é que o proxecto de lei que entregaron quince días despois xa non valía para nada. Esa é a perfecta definición que acaba de traer aquí a hábil señora Prado. A chafallada feita política. ¡Si, señor!

É dicir, vostedes traen medidas para modificar a Lei de prevención de incendios... (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, bueno, agora escoite, señora Prado, que eu tamén meto a pata ás veces dicindo estas cousas. Non se pode estar a todo, a facerlle dano ao BNG, ¿verdade?... , porque ás veces un se olvida de que hai outros grupos que tamén saben escoitar, señora Prado.

Vostedes confirman a chafallada, confirman, ademais... Que eu non lle botei os mortos encima a ninguén, nunca; nunca o fixen. Eu si que son diferente de vostedes. Vostedes si que botan os mortos á cara. O único que dixen é que tivo que pasar iso —e vostede reconeceuno— para que vostedes tomaran medidas como, por exemplo, modificar a Lei de prevención de incendios, e vostede reconeceuno e non o pode negar. É dicir, aquí antes todo funcionaba ben, as Sofor funcionaban ben —a pesar de que só estaban creadas cinco, 800 hectáreas—; a Lei de prevención de incendios funcionaba ben, a pesar de que non se podía entrar nas fincas a facer as execucións subsidiarias; a ordenación do territorio estaba moi ben, as casas estaban lonxe das árbores... Todo, ata que ardeu e morreron catro persoas, ¿verdade? Pero mentres aquí o dicía a oposición antes, vostedes soberbia e prepotencia e non escoitar e non facer nada, porque aquí os únicos representantes dos cidadáns son vostedes. Iso foi o que fixeron. Por iso, claro que é certo que tivo que haber catro mortos e 50.000 hectáreas para que vostedes reaccionaran, aínda que sexa para facer maquillaxe, non vista de grandes acordos de país, cando son acordos da Lei de prevención de incendios que falan da xestión da biomasa.

Eses non son grandes acordos de país. Nós esperamos chegar a grandes acordos de país se abandonan ese altar da soberbia que vostedes teñen; claro que si, sempre o fixemos. Acabamos de aprobar unha PNL para revisar o Plan seca e o Plan auga. A ver se a cumpren. Tamén aprobamos, a iniciativa deste deputado, un plan de promoción da agricultura ecolóxica, na que vostedes non fixeron nada, ou un plan para fomentar a incorporación dos mozos e mozas —ese 2 % de titularidade de explotacións agrarias que teñen menos de 35 anos—, e nada fixeron.

¡Claro que queremos chegar a acordos! O noso problema é que vostedes non escoitan. Só queren adhesións ao que vostedes digan. ¿E queren que digamos que estes son grandes acordos? ¡Non, home, non! Claro que renunciámos aos 500 metros, non nos imos poñer nós por iso a facer... Pero tamén dicimos que non vale de nada o que vostedes fixeron, igual que non vale de nada a Metaga, a Lei de mellora das estruturas agrarias, sen recursos, sen política rigorosa, seria e continuada nos anos. Isto non se arranxa no DOG exclusivamente, señora Prado.

Entón, vostedes están facilitando que os concellos poidan entrar a facer as execucións subsidiarias; polo tanto, entrarán máis. Iso custa, señora Prado. ¡Iso custa! Entrar e desbrozar custa cartos aos concellos, e vostedes do ano pasado para este non lles dan nin un euro máis nos orzamentos. ¿Que clase de coherencia teñen vostedes? ¡Nin un euro máis!

Despois, outra das cuestións. Vostede volve dicir: os concellos teñen que facer o seu traballo. Vostedes aquí, como grupo que apoia o Goberno galego, falando de montes, falando de ordenación territorial, falando do medio rural, non poden botar balóns fóra. ¡Non poden botar balóns fóra! A situación de desertización do rural é responsabilidade das políticas da Xunta de Galicia fundamentalmente. Vostedes fan políticas para expulsar a xente do medio rural. Non é culpa dos concellos. Os alcaldes, que dan a cara diante da súa veciñanza, non queren que a xente se vaia dos seus concellos xeralmente...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...pero vostedes non poñen as condicións para que así sexa. Non teñen culpa dos datos de abandono e envellecemento do rural, non teñen culpa de que na xestión conxunta da superficie forestal teñamos os datos que temos, non teñen culpa de que os montes veciñais en man común... Vostede acaba de dicir un dato —outra vez a botar pedras contra o seu tellado—. Vostede acaba de dicir que 1.000 montes veciñais non teñen xunta directiva. No 89 aprobouse a Lei de montes veciñais en man común, que xa contiña no seu articulado a declaración de monte en estado de abandono. Non é ningunha novidade, señora Prado. Iso xa estaba, o que pasa é que dende aquela ata esta non fixo máis que abandonarse a xestión dos montes veciñais en man común...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E iso significa o fracaso das súas políticas; fracaso..., bueno, ou non, ou é deliberado...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...porque vostedes o que queren é que entren...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...empresas como Ence e aínda encima gozar das súas deducións fiscais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Empezando polo final, señor Sánchez, non se enterou aínda vostede de que as deducións son para persoas físicas. É que vostede está tan obnubilado con que o PP é amigo das empresas que está todo o día pensando en PP-empresas, PP-empresas... ¡Deixe o comodín de empresa para outra cousa, home! Xa lle expliquei o outro día que se o PP só gobernase para as empresas teríamos menos deputados que os deputados que ten o Bloque Nacionalista Galego. Nós, mire, gobernamos e facemos políticas para todo o mundo: para os albaneis, para os carpinteiros, para os fontaneiros, para os médicos, para os avogados, tamén para as empresas, para os traballadores, para a xente do común, esa é... (*Murmurios.*) Si, parece un anuncio; anuncio é o que vostedes fan, que están sempre dicindo que vostedes son os que representan a xente do común. Pois, mire, non, porque a xente do común tamén vota o Partido Popular; se non, dificilmente teríamos os resultados electorais que temos, señor Sánchez. Se só defenderamos as empresas, dificilmente teríamos os resultados electorais que temos. Pero, bueno, vostedes sigan con ese discurso, que a vostedes lles vai como lles vai e a nós non nos vai ir mal.

Mire, señora Rodil, vostede, polo que vexo, non leu a Lei de medidas. É certo que é moi importante que na Lei de medidas modificamos a Lei de incendios, pero é que non é porque houbera a vaga de incendios do mes de outubro, é que a Lei de medidas xa estaba redactada, por desgraza, cando foi a vaga de incendios, e xa había un artigo referido á modificación para o procedemento de execución subsidiaria. Eu non sei se é que vostede non o leu ou vén vostede aquí mentir ou dicir cousas que non son verdade.

Non é que nós reaccionamos despois da vaga de incendios, non, a execución subsidiaria xa estaba na Lei de medidas, por desgraza, antes de que houbera os incendios, porque xa sabíamos que era un impedimento co que se estaban atopando os concellos para poder executar a limpeza da biomasa nos montes. Agora ben, se vostede quere vir aquí dicir outras cousas, ¡alá vostede!

Tamén lle lembro que a comisión do 2006 dixo vostede aquí que era de investigación. Non era de investigación, era de estudo. Ben, pois chámelle ás cousas polo seu nome, porque despois pasa o que pasa.

Mire, vostede pregunta por que transaccionamos. Eu non lle vou facer o xogo sucio que quere que lle faga o señor Sánchez, pero, mire, nós transaccionamos cousas, claro que transaccionamos cousas; outras non había que transacionalas porque eran as nosas emendas, loxicamente. Algunhas cousas mudaron porque dende o documento que se lle presentou á Fegamp polo señor Rueda... Que é un deputado máis deste grupo, señor Sánchez —vostede esquecese de que tamén temos deputados no Goberno—, e, loxicamente, como deputado, pode ir presentarlle á Fegamp as nosas emendas.

Porque, mire, nós falamos as cousas con quen as hai que falar e intentamos aplicar medidas que estean o máis cercanas á realidade. É polo que ata a día de hoxe a Fegamp non se opuxo a ningunha das medidas que o PP propuxo. Polo tanto, tan alonxadas da realidade non deben estar, señor Sánchez, para que vostedes digan que nós lexislamos dende os despachos. Non, nós lexislamos escoitando a xente, e por suposto que os alcaldes teñen moito que dicir, por suposto, e por iso lles presentamos as emendas aos alcaldes, claro que si, para que eles digan o que lles parece, porque nos parece moi importante.

Miren, o triste, señora Rodil, é que vostedes vían ben as emendas do Partido Popular porque non sabían que eran do Partido Popular. Fixeron unha cata ás cegas e gustoulles. Eu pídolles que se despoxen deses prexuízos que teñen contra o Partido Popular na comisión de estudo, que sexan realistas e acepten as cuestións que teñan que aceptar e acorden as cuestións que teñan que acordar polo ben de Galicia, non porque veñan do PP ou porque veñan de onde veñan, porque consideren vostedes que son importantes para o país e que van resolver os problemas dos galegos e das galegas.

Mire, señora Rodríguez Rumbo, eu tamén son valente, pero creo que non é cuestión de vir aquí dicir quen é máis valente ou menos valente, e por suposto que estou orgullosa de pertencer ao Partido Popular, ¡faltaría máis! E só faltaría que vostede subira a esta tribuna a dicir que non está orgullosa do Partido Socialista. Bueno, non me estrañaría, nos tempos que corren, pero é certo que cando un forma parte dun partido, loxicamente, é porque está orgulloso dese partido.

Pero mire, tamén os dereitos sociais e tamén as políticas de igualdade non son exclusividade nin monopolio dos gobernos de esquerdas. O Partido Popular tamén gobernou e tamén fixo moitos avances nesas materias, por iso eu me sinto orgullosa de pertencer ao Partido Popular. E mire, a paga extra recuperárona, e a redución do salario de entre o 5 e o 15 % que lles suprimiron en maio de 2011 a día de hoxe aínda non a recuperaron nin, por desgraza, a van recuperar nunca.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: E mire, se quere datos sobre pensións, explícolle de onde vén o Pacto de Toledo, ¿lémbrese?: cando o Partido Popular colleu a herdanza dun goberno socialista que deixara quebradas as pensións. Pois mire, leccións en materia de pensións e de recortes a dereitos económicos aos funcionarios do Partido Socialista, ¡ningunha!

Señor Sánchez, mire, no Aprogal —vostedes o que pasa é que non escoitan, cando fala o presidente da Xunta non o escoitan— dixo que sete millóns de euros que van para Aprogal van destinados a que os concellos fagan ese traballo do que estamos falando hoxe, claro que si, e as medidas que se teñen adoptado, os tractores que ten destinado a conselleira aos concellos para facer os desbroces ou os obradoiros de emprego específicos nesta materia.

A vostedes igual non lles parece ben, pois fagan vostedes as súas propostas. Para iso está a comisión, para facer propostas, pero sexan positivos, porque, mire, eu estou sorprendida da curiosa forma que teñen vostedes...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado, remate por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, déixeme rematar, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, si.

A señora PRADO DEL RÍO: Sexan grandes acordos ou sexan puntos de partida, eu creo que é importante poñer en valor que hai cousas que hoxe chegamos a acordo e que benefician os galegos e as galegas. Nin un só voceiro da oposición falou destes acordos, nin unha soa palabra, porque lles pesa máis criticar o Partido Popular que servir a Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...que servir a Galicia e resolver os problemas dos galegos e das galegas. ¡Unha mágoa, señorías! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Socialista e En Marea.

Para a presentación do ditame ten a palabra o presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, don César Fernández Gil.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR (Fernández Gil): Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 19 de setembro de 2017. A Mesa do Parlamento, na reunión do 19 de setembro de 2017, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas.

Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

O Grupo Parlamentario de En Marea presentou unha emenda á totalidade, que foi cualificada o 9 de outubro e rexeitada na sesión do Pleno do 7 de novembro de 2017. Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario Popular formulou dúas; o Grupo Parlamentario de En Marea, 61; o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 45; e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 31, que foron cualificadas o 8 de novembro de 2017.

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 10 de novembro de 2017, designou as/os seguintes ponentes: polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, don José Alberto Pazos Couñago, como titular, e dona Paula Prado Del Río, como suplente; polo Grupo Parlamentario de En Marea, titular, dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e, suplente, dona Luca Chao Pérez; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia designáronse dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, como titular, e dona María Concepción Burgo López, como suplente; e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, como titular, don Xosé Luís Bará Torres e, como suplente, dona Olaia Rodil Fernández.

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o día 13 de novembro de 2017, coa miña asistencia, como presidente da Comisión 1ª, e de todas e todos os ponentes titulares. Nas seguintes reunións, que tiveron lugar os días 15 e 27 de novembro de 2017, analizáronse as emendas e presentáronse ofertas de transacción. O 29 de novembro de 2017 a Ponencia rematou o seu informe, informe que foi obxecto de debate e aprobación na sesión da Comisión 1ª do pasado día 7 de decembro. Recolléronse no ditame todas as recomendacións feitas pola Ponencia no seu informe.

O proxecto de lei conta con 42 artigos, unha disposición adicional, seis disposicións transitorias, e seis derradeiras, estruturados en catro títulos. O título I, baixo a denominación de «Disposicións xerais», regula o obxecto e o ámbito da aplicación da lei, contén as definicións dos conceptos esenciais e enumera as competencias autonómicas e municipais. Tamén este título inclúe as prohibicións e as condicións técnicas e de seguridade apropiadas para garantir os dereitos dos asistentes e a integridade dos propios espazos nos que as devanditas actividades se desenvolvan.

Créase neste título a Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia como órgano consultivo e de coordinación, e por último dispónse a constitución do Rexistro de Empresas e Establecementos Destinados a Espectáculos ou Actividades Recreativas.

O título II refírese ao «Réxime de intervención administrativa» e nel faise unha remisión á Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

E no título III contéñense os aspectos xerais da organización e do desenvolvemento dos espectáculos e das actividades recreativas, tales como o dereito de admisión e control de acceso; vixilancia e seguridade; protección dos menores; horarios; entradas; e publicidade. E tamén un capítulo destinado a regular os dereitos e obrigas do público, artistas, intérpretes e organizadores.

Por último, no título IV contéñense os artigos relativos a vixilancia, inspección dos establecementos abertos ao público e ao seu réxime sancionador.

Ata aquí un resumo sucinto da tramitación parlamentaria levada a cabo pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, que eu presido, correspondéndolle hoxe ao pleno desta Cámara a súa definitiva aprobación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

O primeiro que temos que lamentar no debate deste asunto son cuestións de forma. Hai cuestións de fondo e tamén cuestións de forma. Imos empezar polas formas, porque a verdade é que non foron as máis correctas por parte do Partido Popular, e temos que lamentar a falta de vontade de diálogo, de debate e de acordo nesta cuestión, unha eiva que é atribuíble, principalmente, ao voceiro do Partido Popular, o señor Pazos.

E ademais, como tivemos oportunidade de comparar con outros debates, noutras ponencias, eu creo que foi evidente.

Claro, aquí o que se propuxo desde o primeiro momento é que había que aprobar esta lei a toda costa no mes de decembro, e supeditouse toda a tramitación da Ponencia e da Comisión a ese prazo. É dicir, que era máis importante que o propio debate da Ponencia, era máis importante que a vontade e a posibilidade de mellorar, efectivamente, a lei. Tratábase de cumprir un prazo, e, claro, chegaronse a cuestións de falta de absoluta delicadeza, de respecto aos grupos, como —por exemplo— convocar a propia Comisión o día 7 de decembro, simultaneamente cos debates das comisións de orzamentos; é dicir, simplemente porque había que cumprir un prazo.

Desde logo, pensamos que se perdeu unha boa oportunidade para facer unha análise e un contraste entre todos os grupos e con achegas, ademais, que nos chegaron de fóra, con distintas visións, para facer un verdadeiro enriquecemento do texto. Houbo unha primeira reunión na que o Partido Popular nos comunicou: ímosvos aceptar isto, isto e aquilo, e o demais non se vai discutir. E non houbo ningunha posibilidade de establecer, realmente, un diálogo e un debate sobre estas cuestións.

E eu teño que denunciar aquí que o trato que se lles deu aos grupos parlamentarios foi moito peor que aos propios sectores que teñen que ver coa aplicación da lei, que xa é dicir; que pase isto o que pon en evidencia o que nós entendemos que é un déficit democrático, unha baixa calidade democrática deste Parlamento e que é responsabilidade do Partido Popular, que utiliza o estilo da imposición, do ordeno e mando, do autoritarismo, un estilo *bulldozer* que nalgúns casos parece máis un estilo tractor ou chimpín, pero que intenta pasarlles por riba aos demais grupos sempre que ten oportunidade.

E claro, a escusa destas présas era a urxencia por aprobar a lei. Ben, a vostedes viñéronlles as présas agora, cando levamos vinte e un anos de baleiro normativo, de baleiro legal —que

non hai unha lei específica nesta materia—, e catro anos de tramitación deste proxecto de lei, e de repente en dous meses hai que aprobar a toda présa e non hai que pararse a debater, a discutir, a escoitar e traer aquí ao Parlamento, tamén, distintas opinións.

Claro, o resultado de todo isto é un proxecto de lei que na tramitación previa a chegar ao Parlamento ten un evidente déficit de participación e de diálogo, porque só se consultou con certos sectores, relacionados co ámbito da aplicación. Excluíuse, e hai, eu creo, un descoñecemento amplísimo en moitos sectores que teñen que ver, por exemplo, coas actividades artísticas ou co asociacionismo cultural, co asociacionismo veciñal, coas ANPA, que se van ver afectados por esta lei e non a coñecen, e tamén é certo que naqueles casos que se consultou e que se falou cos sectores, despois pasáronlles, tamén, a apisoadora ás alegacións presentadas, porque das 67 só catro conseguiron pasar ese filtro do Partido Popular, e, claro, viñéronnos coa xustificación de que non era necesario, nin sequera, o ditame do Consello Económico e Social.

E ben, se houbo este déficit de participación na tramitación previa, aínda foi máis evidente durante a tramitación parlamentaria, porque —por exemplo— habendo unha ferramenta —vostedes que presumen tanto da transparencia do bo goberno— como Lexisla con nós, resulta que unicamente —á parte dos escritos que lles mandan facer ou que lles propoñen facer ás persoas que están aquí facendo prácticas, para encher un pouco o Lexisla con nós—, á parte diso, só houbo un colectivo que presentou achegas neste trámite, mediante este mecanismo, que foi a Asociación de Produtores Técnicos de Espectáculos. E nin sequera tiveron a delicadeza de debatelo e de falalo, de propoñer un debate sobre as propostas na Ponencia, é dicir, que ignoraron e desprezaron absolutamente as achegas deste colectivo, que ademais eran propostas razoables, propostas sensatas e construtivas, como —por exemplo— que se recoñeza a titulación da formación profesional dos técnicos superiores en Producción de Espectáculos e Audiovisuais, que é un título que existe no sistema educativo galego e que ten moito que ver con esta lei, e o lóxico é que cando se fala de técnicos competentes que se teña en conta esta titulación. Vostedes nin sequera os tiveron en conta antes e tampouco neste trámite.

E despois, claro, dentro da transparencia do bo goberno e todas estas lérias que venden, resulta que tamén se modificou no seu día o artigo 115.3 do Regulamento da Cámara, que permite un trámite de audiencia para escoitar aquí os colectivos relacionados coa lei. Os grupos da oposición propoñenlle traer aquí 22 colectivos, que poderían ser máis ou poderían ser menos, pero —polo menos— que veñan aquí os colectivos, e vostedes néganse rotundamente, non queren escoitar a sociedade, non queren escoitar os colectivos, cando era unha magnífica oportunidade para contrastar a lei coa opinión de todos estes sectores. Esta é a idea que teñen vostedes da democracia, da participación e do diálogo.

E a escusa que puxeron era que isto ía atrasar a aprobación da lei. Pois mire, só suporía un mes de atraso, aprobaríase no pleno do mes de xaneiro, e despois de catro anos de tramitación non me diga vostede que atrasar un mes a aprobación era un drama.

E, ademais, isto nós consultámolo con eses colectivos e dixéronnos que preferían agardar un mes á aprobación da lei e poder ter esta oportunidade de vir ao Parlamento, de falar no

Parlamento e de ser escoitados no Parlamento, que para iso son os parlamentos, para escoitar a sociedade, para escoitar os colectivos. ¡Pero nada!

Polo tanto, temos que denunciar aquí a escasa ou a nula receptividade, sensibilidade e espírito democrático do Partido Popular, que nunca permitiu que se aplicase este procedemento deste trámite de audiencia previsto no Regulamento do Parlamento.

Ben, hai cuestións de fondo nas que nós discrepamos —de fondo e de forma, como xa dixemos— con este texto legal. O Partido Popular nos debates da Ponencia e da Comisión aceptou pequenos retoques, pero, realmente —como dixemos—, non se fixo un verdadeiro esforzo para debater e para intentar chegar a acordos que mellorasen substancialmente o texto.

Realmente vostedes o que propoñen, a súa actitude, é: ímoslle aceptar aquí a cada grupo da oposición tres ou catro asuntos menores e despois facemos un balance. Aceptamos 12, 10, 15 pequenas emendas, e despois facemos un balance cuantitativo, e si, somos moi dialogantes e moi receptivos porque modificamos non sei que tanto por cento dos artigos. Fan aí eses típicos estudos cuantitativos, non sei cantas palabras, tantos por cento de palabras, e quedamos *guai*. ¡Pois non, iso non vale, señor Pazos, señores e señoras do Partido Popular! Vostedes actúan cun automatismo autoritario —esa é a súa actitude— de rixidez e de falta de flexibilidade.

Quedan, polo tanto, moitas cuestións fundamentais que nin sequera permitiron discutir, con esa actitude. E, en todo caso, están algunhas delas a expensas do desenvolvemento normativo posterior. E, claro, vostedes o que fan con estas leis, cada vez dunha maneira máis reiterada, é trasladarlles responsabilidades aos concellos sen os correspondentes medios e sen o correspondente financiamento.

Isto é moi fácil, pasámoslle ao concello, por exemplo, as competencias en inspeccións e control de espectáculos, ¡e que se arreglen eles! Xa as cidades teñen ás veces dificultades para poder executar esta competencia, ¡canto máis os pequenos e medianos concellos! A non ser que vostedes o que pretendan é, na práctica, privatizar esas funcións de control que teñen que facer os concellos. E o mesmo no caso dos horarios. É dicir, cada vez máis competencias para os concellos e cada vez menos medios para os concellos.

Tamén pensamos que está moi mal resolta a realidade da actividade cultural e recreativa no ámbito asociativo: as actividades que fan colectivos como asociacións culturais, veciñais ou ANPA. Ademais temos que denunciar aquí que empeorou na redacción definitiva do texto. Vostedes suprimiron un apartado que realmente amparaba moitas actividades que fan os colectivos sociais e veciñais, que agora desapareceu e que queda á mercé da arbitrariedade ou do criterio, en todo caso, dos concellos.

Había un artigo que prevía actividades exentas de declaración responsable: apartado C, espectáculos públicos e actividades recreativas de interese artístico ou cultural, cunha capacidade inferior a cen persoas no caso de que se leven a cabo ocasionalmente e que non requiran montaxe de instalacións. Parece do máis lóxico e razoable deixar fóra da obriga desta declaración responsable este tipo de actividades que fan moitísimos colectivos no país,

e resulta que agora eliminan precisamente este artigo, que pensamos que vai poñer en risco moitas actividades ou que lles vai poñer moitas trabas e dificultades a moitas das actividades que organizan os colectivos sociais.

Tamén manteñen vostedes —e nisto son absolutamente reincidentes e persistentes— a excepcionalidade para as touradas. Iso si, facemos leis de benestar animal, pero permitimos o maltrato das touradas. Facemos leis de espectáculos públicos e garantímoslle á Xunta as competencias para autorizar as touradas, non vaia ser que haxa concellos, por exemplo, que teñan esta competencia, como o de Pontevedra, e que lles prohiban a vostedes ir nas festas da Peregrina á praza de touros, a pavonearse en espectáculos crueis e sanguinarios como son as touradas. (*Aplausos.*) ¡Fíxense vostedes!, resulta que a Xunta a única competencia que ten é autorizar actividades que se desenvolvan en máis dun concello, e ademais as touradas. Hai que defender as tradicións patrióticas españolas, intemporais e intocables, e entón, as touradas, competencia da Xunta de Galiza.

E o mesmo se pode dicir tamén con respecto ao acceso de menores aos espectáculos taurinos. Resulta que vostedes manteñen no texto a prohibición de acceso aos espectáculos taurinos en recintos pechados a persoas menores de 12 anos, pero os de 13 anos e os de 14 anos si que poden ir a ese tipo de espectáculos. E se son ao aire libre, pois todo tipo de menores pode ir a este tipo de espectáculos. ¡Xa me dirá que clase de exemplo en relación co benestar e o coidado dos animais e coa sensibilidade mínima que se ten que dar acerca desta cuestión están proponendo vostedes con esta lei!

Ou o que ten que ver co acceso dos menores aos espectáculos, aos concertos, que resolveron mal, e que outras leis, por exemplo na Comunidade de Madrid, cunha modificación que fixeron no 2015, resolveron moito mellor, diferenciando ata os 16 anos e a partir dos 16 anos.

Como xa lles puxemos de manifesto no anterior debate de totalidade, pensamos que está mal resolto o réxime da tramitación administrativa que vostedes, con esa marabillosa Lei 9/2013, de emprendemento, fixaron mediante o réxime de comunicación previa e que despois mantiveron, obrigando os concellos que xa tiñan ordenanzas a cambiar o sistema. Mantiveron este réxime na Lei do solo, mantivérono no Regulamento da Lei do solo, e agora resulta que por arte de birlibirloque na Lei de espectáculos establecen o réxime de declaración responsable, co cal hai un absoluto galimatías na tramitación administrativa. Hai actividades que están suxeitas á declaración responsable, e hai outras actividades que están suxeitas ao réxime de comunicación previa, e unha cafetería ten un réxime e unha panadería ten outro, co cal é un lío absoluto para o persoal que traballa na Administración, para os técnicos do sector privado e para a xente en xeral, que non entende cal é o criterio que utilizan para estas cuestións.

E remato xa, dicindo que temos moitas razóns para votar en contra, razóns de fondo e tamén razóns de forma, pero non imos votar en contra, ímonos abster, e voulle dicir por que razón nos imos abster. Ímonos abster en atención á petición que nos fixeron algúns colectivos profesionais cos que falamos, que nos dixeron que é mellor unha mala lei que no ter nada. É mellor unha mala lei —coma esta— que non ter nada, e isto non é precisamente un eloxio ao labor que fixeron o Goberno e o Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todos e todas de novo.

Hoxe imos aprobar agora unha segunda lei, ou mellor dito, vaise aprobar neste Parlamento outra lei: o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Lei que o Partido Popular —agora mesmo— quere aprobar tamén con moitísima urxencia, igual que pasaba na Lei de medidas fiscais, que de repente lles entra a présa. A verdade é que é bastante curioso —hai que repetilo e remarcalo— que despois de ter pasado 21 anos dende que a Comunidade Autónoma ten a competencia, e que 17 deles foron gobernados polo Partido Popular, e 9 ininterrompidamente polo señor Núñez Feijóo, agora, de repente, naza unha présa tremebunda para ter que aprobar esta lei inmediatamente. Por certo, unha lei que, se non me equivoco, levan tres anos ou cerca de catro traballando nela, e que, polo tanto, se podía ter feito dunha maneira máis sosegada, co que seguramente sairía unha lei moito máis consensuada e moito máis adaptada ao sector que se vai regular.

En fin, o proxecto de lei entregado polo Goberno para o seu debate é un proxecto pouco claro, que non garante seguridade xurídica, normativamente disperso, sen consenso co sector. Non se tiveron en conta nin as asociacións de veciños nin as asociacións de consumidores e usuarios, e recórdolles que aceptaron, das 13 alegacións presentadas, só 4, sen os informes preceptivos de todos os sectores afectados e non adaptados á realidade do noso país.

De todos os xeitos, o Grupo Parlamentario Socialista cremos que é unha lei absolutamente necesaria —e así o recoñecemos dende o primeiro momento—, pero que ten que dar seguridade xurídica ao sector e aos participantes; ten que protexer os usuarios e os espectadores; ten que garantir o cumprimento dos dereitos fundamentais e ten que garantir unha convivencia ordenada. Polo tanto, os socialistas presentamos un total de 45 emendas, baseadas en consultas ao sector, consultas a algunhas asociacións de veciños, a asociacións de consumidores e usuarios e a concellos de distintos tamaños. Polo tanto, presentamos 45 emendas co obxectivo de mellorar significativamente o contido da dita lei, tanto na definición do contido como na clarificación dos preceptos, que entendemos que non daban suficiente seguridade xurídica.

No trámite de aprobación desta lei aceptaron a incorporación de bastantes das nosas emendas, así como algunhas transaccións doutras, porque os socialistas —xa o dixen na miña anterior intervención no que se refería á Lei de medidas— somos un grupo parlamentario responsable, e en aras desa responsabilidade aceptamos a incorporación das melloras propostas polo noso grupo que entendemos que van mellorar a vida dos homes e das mulleres de Galicia, do noso país.

As nosas emendas céntranse en varios aspectos. No ámbito de aplicación intentamos delimitar claramente os espectáculos públicos e as actividades recreativas nas que se debe de aplicar a dita lei. Nas definicións, introducimos a definición de instalacións portátiles ou desmontables, o cal dá unha maior seguridade xurídica. En competencias municipais, para garantir a seguridade xurídica das partes afectadas, que a regulación sexa recollida nas ordenanzas municipais. En canto ás condicións técnicas e de seguridade, introducimos a accesibilidade como requisito obrigatorio, a adaptación das condicións técnicas e de seguridade ao tipo de espectáculo público ou á actividade recreativa cando esta sexa distinta da prevista. A potestade dos concellos para establecer outros límites, requisitos ou características adicionais dentro das súas competencias, así como a regulación sobre a excesiva concentración de establecementos públicos e de actividades recreativas, co fin de garantir a coexistencia con outras actividades humanas ou sociais. En temas de seguros, non limitando as condicións dos seguros dos capitais mínimos só ao aforo, senón que tamén se teña en conta o tipo de espectáculo público ou actividade recreativa que se vai desenvolver.

Tamén emendamos temas sobre cooperación e colaboración administrativa. Que a Comunidade Autónoma galega convoque os concellos, a través da Fegamp, para elaborar convenios de colaboración con cada un dos concellos, nos que se establezan os medios persoais ou materiais precisos para desenvolver o contido da dita lei e os custos que derivan desta delegación de competencias, así como garantir o apoio da Comunidade Autónoma mentres estes convenios non se materialicen.

Tamén establecemos emendas para clarificar a Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, e pretendemos darlle un contido real á dita comisión, así como garantir a representación de todas as partes afectadas: a Comunidade Autónoma, a Fegamp e as entidades representativas do sector, así como garantir a súa reunión como mínimo unha vez ao ano. Establecemos como unha función emitir informes sobre as disposicións desta lei; promover a coordinación das administracións públicas competentes e das actuacións que se deben desenvolver; elaborar estudos e formular propostas para a consecución dos obxectivos establecidos na dita lei e informar sobre as disposicións feitas pola Comunidade Autónoma en temas concretos: sobre catálogo, horarios de apertura e peche, servizos de vixilancia, seguridade e control de acceso.

No Rexistro de Empresas e Establecementos propoñemos que se engada, dentro do rexistro, as instalacións de titularidade pública que sexan susceptibles de ser empregadas para o desenvolvemento de espectáculos públicos ou de actividades recreativas.

No caso do servizo de control de acceso, obrigar a Xunta de Galicia a determinar, por medio dun regulamento, os establecementos abertos ao público e as actividades recreativas que deban ter servizo de control de acceso con persoal habilitado.

No caso de servizo de vixilancia e seguridade propias, obrigar a Administración da Comunidade Autónoma, por medio dun regulamento, os espectáculos públicos e actividades recreativas que deban dispor de especiais medidas de seguridade, servizos de seguridade privada coas condicións e requisitos contidos na lexislación de seguridade privada, e servizos de admisión específicos para proceder ao control de acceso ao público.

No caso de protección das persoas menores de idade, presentamos un texto alternativo no que se establecen as limitacións de acceso, as prohibicións específicas e as condicións de acceso á publicidade, así como a prohibición da subministración de tabaco e bebidas alcohólicas ou drogas, así como da súa publicidade.

No caso de horarios, presentamos un texto alternativo ao punto número 2, co fin de regular as autorizacións de ampliacións de horarios, limitándoos a determinadas datas.

No caso das entradas, e en aras de evitar aglomeracións excesivas de persoas para a adquisición de entradas en determinados espectáculos públicos ou actividades recreativas, establecemos unha maior porcentaxe de venda anticipada, evitar a utilización de programas informáticos que permitan a revenda de entradas e obrigar os organizadores a comunicar en toda a súa publicidade cales son os puntos ou as canles oficiais de venda de entradas, co fin de evitar as vendas fraudulentas.

No caso de dereitos e obrigas dos artistas, intérpretes ou executantes, co fin de dar maior seguridade xurídica ás partes, propoñemos que as medidas de seguridade e de hixiene deben estar acreditadas mediante certificado dun técnico ou técnica competente na materia.

No caso de dereitos e obrigas dos titulares e dos organizadores propoñemos varios cambios nos que se delimiten as obrigas dos titulares dos establecementos das obrigas dos organizadores, así como a sinatura dun contrato entrambas as partes no que se estableza a natureza, o alcance e as condicións, diferenciando as obrigas e os deberes dunha e doutra parte.

Propoñemos a elaboración dun novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual, que sexa, ademais, no prazo máximo dun ano, e propoñemos a elaboración dun texto refundido que recolla toda a normativa autonómica sobre espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos ou espazos abertos ao público e que se atopa agora mesmo moi dispersa en determinadas normas legais.

Isto é contido das nosas emendas.

E, polo de agora, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Neste Proxecto de lei de espectáculos e actividades recreativas de Galicia o Grupo de En Marea comezou facendo unha emenda á totalidade, non dun xeito gratuito e arbitrario, senón que esta emenda era por considerar que este proxecto contén —e segue contendo—

manifestos defectos difíciles de remediar. E supoño que, despois deste miniproceso de debate, aínda nos afianzamos máis na idea inicial.

Vou dividir en tres partes a miña exposición. A primeira, facer máis fincapé ou clarexar un pouco mellor por que era esta oposición. E hai motivos contundentes, algúns xa referenciados polos outros grupos e outros que, dende o minuto cero, nós albiscamos e analizamos como moi negativos. A segunda parte é porque, aínda así, En Marea decidiu presentar 61 emendas parciais por considerar que podíamos —aínda, así e todo, coas emendas parciais, con pouca esperanza pero con bastante vontade— mellorar este proxecto de lei.

E tamén consideramos que a lei vai sendo hora de que se implemente, despois de dúas décadas. Parece que todo leva a que como no mar —ese exemplo habitual— o peixe grande come o pequeno, aquí parece que se lles meteu un foguete e que o máis rápido vai comer o máis lento. Non sei aquí quen é o máis lento, porque a máis lenta é a Administración galega, a última; ou, se non é a última, das últimas de todo o Estado en implementar unha Lei do espectáculo, que, se fan a comparativa, verán que son moi diversas, moi variopintas; algunhas dan moita luz e axudan a ver o que ao mellor non vemos só na nosa realidade, pero a nosa realidade é a que ten que marcar as directrices.

Polo tanto, cremos que unha lei, para ser unha lei realmente valiosa, unha lei eficaz, ten que ser transparente, participada, realista, desenvolvida, con protagonismo e participación cidadá e ausencia de burocracia, tal como nos dita a Comunidade Económica Europea, cun compás ben claro de pautas de norte, sur, este ou leste —porque temos unha realidade e un mapa moi particular na nosa comunidade—, con sancións equilibradas, con boas pautas. Ningunha destas premisas vemos que se cumpra. E podemos dicir pouco participada, e mesmo cando houbo participación tampouco escoitaron ben os colectivos que foron interpelados, polo que nós sabemos e polo que nós vemos como remata esta lei.

E non oíron xentes que reclamaban que se adecuase esta normativa a criterios básicos da normativa mercantil, neste caso o Código de comercio, para definir o que é un establecemento público. Non se concretan as competencias; é moi importante que as competencias da Administración autonómica se completen, igual que as das administracións municipais; ¿ou é que cada concello vai elixir o que lle pareza ben?

Sería necesaria unha regulación na que se definan conceptos. Nós, das 61 emendas, xa comecemos por emendar o título I, definicións, con toda coherencia, porque se non definimos ben o que son as actividades, se non definimos ben o que son os espazos, mal podemos desenvolver a lei; entón, xa hai un erro de plano no arranque. Podémolo definir como queiramos, como actividades perigosas, en directo, aforos íntegros, ambientación determinada, pistas de baile... Pero podemos organizalo por locais e establecementos, que lle viría moi ben á xente que organiza eventos, que non son todos iguais: de espectáculos públicos, esparcemento e diversión. Non é o mesmo un café-espectáculo que espazos culturais e artísticos, auditorios, cines, prazas e recintos diversos, pavillóns de congresos, salas de concertos, de conferencias, de exposicións, multiuso, teatros permanentes, eventuais..., mais definir tamén os espazos deportivos. Non os enumero porque podemos ter dezaioito espazos diversos, pero si definir.

E espazos abertos e vías públicas. É moi diferente pensar na seguridade nun espazo pechado que nun espazo aberto. E aquí, que saibamos, cando imos ás verbenas —nos anos que eu teño memoria de verbenas— poucos incidentes graves e terribles afortunadamente tivemos. Pero a seguridade é necesaria. Por iso nós defendemos o desenvolvemento da lei, por iso nós aportamos ideas.

É distinto actividades recreativas de baile e deportivo-creativas, recreativas e de azar, que existen, e culturais de ocio non lucrativas, que é unha parte importante e lexítima, pero que non poden estar ao mesmo nivel e ao mesmo plano que un grande espectáculo.

Detereime nas verbenas, porque o noso país é pioneiro en verbenas. Hai máis de 300 orquestras, 4.000 traballadores, aí móvese moito diñeiro —máis de 29 millóns de euros— e ten unha singularidade que tampouco se contempla, aínda que si houbo interlocución con algúns destes sectores.

Hai bares tamén que organizan e producen concertos, que teñen que ter outro tipo de consideración; os hostaleiros e hostaleiras tamén teñen moito que dicir.

Polo tanto, en síntese, se escoitasen, outra lei teríamos enriba desta mesa e deste Parlamento. Unha lei moito mellor é posible.

Polo tanto, a definición da seguridade xurídica, isto de non ter en conta, non escoitar as asociacións de creadores/creadoras nin a plataforma galega Mellor sen Touradas, a Fundación Franz Weber e moitas outras que afondan na necesidade de regulamentar con exactitude e control; non están disparatando.

E, por exemplo, o emprego dos bóvidos en eventos tauromáquicos —que nós consideramos tamén unha crueldade e salvaxes— pide un regulamento que non se considerou.

Seguindo o desenvolvemento da lei, que dicimos que é pouco desenvolvida, non é de recibo que digan: hai unha comisión. Vale, hai unha comisión, pero non sabemos que vai regular, quen a vai conformar, que representatividade terá, cales serán as súas funcións... Isto tampouco se entende. Unha comisión que nós comprendemos que, como abrangue tantísimos sectores a nivel de Administración, debера estar representada por xente con competencia en industria, en educación, en deporte, en cultura, en sanidade e en medio ambiente, todas estas áreas involucradas. Nesta lei que abrangue tantos sectores, que move e que condiciona tanto, sería fundamental, por suposto, a xustificación de que os municipios elixan. Eles estarían perfectamente cualificados para decidir por quen terían que ser representados.

Pero nós consideramos tamén que deberían estar representadas organizacións representativas, por suposto de consumidores e usuarios, contar coas asociacións de veciños. Ou ¿que vai pasar? ¿Que as nosas festas populares van estar coutadas porque a xente con tanta burocracia non vai querer enfrontarse a todos os requisitos que se van demandar?

Tamén a nivel de seguros hai duplicidade, hai duplicidade de seguros. Naturalmente, unha orquestra ou unha empresa profesional ten os seus seguros e a sala que programa ten os

seus seguros. Ninguén se vai arriscar a que caia unha parrilla de focos e mate tres persoas, ten que haber seguros de responsabilidade civil. Aínda que levamos cun baleiro legal tantos anos, a xente ten seguros. O que non pode haber é duplicidade. Entón, estamos tamén falando de seguridade.

Fíxense. É necesario que haxa expertos en seguridade, claro que si. Pero para a seguridade privada falta lexislación. ¿E quen son os que van traballar no acceso? ¿Quen vai levar esta responsabilidade? A Escola pública da Estrada, que capacita a xente para ter titulación —porque non se pode deixar a seguridade en mans de calquera—, como moito vai sacar setenta alumnos por ano. Só en Compostela necesitaríanse cincocentas persoas —si, tal como está concibida a lei— para garantir o acceso. Entón, os expertos en seguridade hai que formalos, e hai que formalos dunha maneira estruturada e legal.

E dicimos: vale. Aínda a pesar de todos estes inconvenientes, fáltame algo moi importante, que cremos que é moi perigoso, que é a perda de protagonismo da cidadanía e o perigo de desaparición de grupos sociocomunitarios. Entón, nós cremos que isto non pode pasar. É clamoroso que este tipo de actividades estean incluídas na categoría de espectáculos públicos. As excepcións están tamén mal estruturadas.

Polo tanto, das 61 emendas que nós presentamos vostedes aceptaron 7; ben, aceptaron —digamos— unha emenda que nós consideramos de calado; as outras son pequenísimas emendas, que nos parece unha tomadura de pelo, porque, vale, as emendas poden cambiar unha frase, vale. E engadimos que non haxa xenofobia, moi ben, ¡que ben!, ¡moitas grazas! É un exemplo; de mostra, un botón. E aínda por riba —como ben dixo o señor Bará, do Bloque Nacionalista— teñen —non sei, supoño que cando se insulta é porque non hai argumentos— o recurso do insulto, o insulto de chamarnos irracionais en Comisión. Entón, irracionalidade a súa, que sacan unha lei precipitada, incongruente, inconsistente. E está explicado, porque non están ditos os adxectivos ao chou nin con ansia de insultar, senón realmente con lupa mirando que lei merece este país. Este país non merece, despois de esperar vinte e un anos, este tipo de lei precipitada e sen desenvolvemento axeitado. Entón, se fose participado, claro, conciso e concreto, ecuánime, elaborado todo este regulamento, pois estaríamos felices.

Entón, sentimos tamén que hai que favorecer o voluntariado cun catálogo e funcións precisas. É necesario impulsar e defender todos os sectores, e este goberno debера ser un axente actualizador e relevante de impulso para todos, grandes e pequenos, discriminando moi ben e con ecuanimidade. Sentimos que non se regulamente, sentimos a perda de protagonismo da cidadanía, e mirámolo con preocupación. Sentimos que o réxime sancionador sexa tan desproporcionado, posiblemente o réxime sancionador máis bruto de todas as leis de todo o territorio do Estado español.

A min gustaríame ter un pouquiño de tempo e telo feito —non tiven tempo—, pero, se non, diríalles: ¿300.000 euros sancionando?; é un desfasamento. Sentimos que as licenzas poden ir mesmo en detrimento da hostalaría, sentimos que non calibren, que é distinto un horario de verán que un de inverno, que un horario de fin de semana, que un local aberto, que un local pechado. Sentimos que non teñan desenvolvido quen vai controlar o acceso.

Agradecemos que, afortunadamente, si se nos aceptou unha emenda importante, que se refire ao equilibrio entre liberdade, seguridade e convivencia. Para nós si é un punto ben importante, porque a cidadanía —di aquí e recolle este documento e esperamos que se cumpra— «é libre para elixir a forma de ocio e diversión, e os promotores dos espectáculos, para ofertar un amplo e diverso elenco de eventos sen máis límite que o respecto ás obrigas legais derivadas do interese xeral por razóns de seguridade, convivencia e respecto aos dereitos das persoas».

Sentimos que non se subsanen as eivas. Cremos que se demostra a imposibilidade de reestruturar un texto que ficará con deficiencias de sistemática técnico-xurídica considerables. Reforzar a convivencia implica, debера implicar todos os sectores e ser un obxectivo prioritario, implicar todas as administracións e todos os sectores.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Como xa non teño máis tempo, máis nada e grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Permítanme que comece saudando a representantes da Asociación de Empresarios da Verbena Galega e da Asociación Galega de Orquestras, aos que lles quero agradecer a súa presenza neste debate. E especialmente lles quero agradecer a súa colaboración durante a redacción e tramitación da lei que hoxe nos ocupa e que se concretou, por certo, na redacción dun texto que regula esta actividade e que agora mesmo acaba de negar a oposición a súa existencia. Teñan vostedes a seguridade de que as súas aportacións están recollidas na lei.

Eu creo que, á vista disto, cómpre que fagamos un breve repaso de cal foi o percorrido do texto que hoxe traemos a este Parlamento de Galicia. O anteproxecto que se presentou a esta Cámara xorde da necesidade de regular unha inxente e moi diversa variedade de eventos que se celebran ao longo do ano na nosa comunidade para os cales os distintos axentes que dun ou doutro xeito participan nos mesmos reclaman unha normativa que delimitase con claridade cales eran os dereitos e as obrigas que correspondían a cadaquén.

Se en calquera territorio o desenvolvemento normativo desta materia resulta complexo, no caso de Galicia esa dificultade vese acrecentada pola enorme riqueza cultural da nosa terra e pola especial diversidade dos actos na que esta se manifesta. Esa riqueza explica de maneira moi especial o longo tempo que tomou desenvolver unha normativa capaz de recoller as múltiples especificidades da nosa terra, evitando ao tempo que esa normativa se convertese nun corsé que afogase as nosas tradicións e as nosas industrias. Esa riqueza tamén converteu en imprescindible o diálogo cos distintos sectores afectados, claro, cos seus principais repre-

sentantes e con todo aquel que se quixo achegar a dialogar; sectores afectados pola normativa e dos que recollemos o seu sentir, a súa experiencia e as distintas demandas que —debo dicir— sempre foron trasladadas con ánimo construtivo.

Froito dese diálogo aberto, fluído e sostido durante longo tempo, xurdiu un texto que, como xa dixen en distintas ocasións, con toda seguridade non colma plenamente as aspiracións de ningún dos sectores afectados pola norma, pero si é capaz de proporcionar un marco de actuación no que todos eles poidan desenvolver a súa actividade de maneira equilibrada, razoablemente satisfactoria e coa precisa seguridade xurídica.

Con estes antecedentes, o anteproxecto foi aprobado polo Consello da Xunta e trasladado a esta Cámara para anunciar o seu periplo parlamentario. E por ese exercicio de diálogo felicitei no seu momento o vicepresidente no debate de totalidade e volvo felicitalo hoxe.

No debate de totalidade do xa entón Proxecto de lei de espectáculos este deputado estableceu con claridade cales eran as premisas coas que afrontabamos o trámite parlamentario. Intentariamos mellorar no posible o texto, enriquecéndoo coas aportacións de todos os grupos aquí representados, iso si, coa premisa de que as modificacións introducidas durante ese trámite non deberían romper o consenso social co que o texto chegou á Cámara.

O certo é que, como xa manifestei durante o debate que deu lugar á aprobación do informe da Ponencia, estamos razoablemente satisfeitos do resultado do diálogo mantido durante os traballos da Ponencia, satisfeitos en relación, primeiro, coas dúas emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Popular, ambas referidas á disposición derradeira primeira. A primeira delas incide na redacción do artigo 40 da Lei do emprendemento e da competitividade de Galicia, simplificando de maneira notable a regulación das actividades sometidas a declaración responsable, entre elas as verbenas; a segunda das emendas presentada polo Grupo Popular suprime o apartado 3, como ben dicía o señor Bará, da mesma disposición derradeira primeira, no que se establecía cales eran as actividades exentas de declaración responsable, de licenza municipal ou de autorización autonómica en atención a distintas circunstancias relacionadas coa súa escasa entidade ou incidencia.

Con esta supresión dotamos os concellos de maior autonomía para que regulen esas exencións a través das súas respectivas ordenanzas municipais, de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 41 bis da Lei de emprendemento. Cremos que así posibilitamos unha regulación máis acaída ás circunstancias particulares de cada un deses concellos e afondamos no principio de autonomía local, que en ningún caso, señor Bará, deba confundirse coa posibilidade de actuación arbitraria por parte da Administración local, como penso que vostede apuntou, ao meu entender nunha interpretación errada e pouco respectuosa co municipalismo galego.

No que fai referencia ás aportacións realizadas polos demais grupos da Cámara, tamén debo manifestar a nosa satisfacción, pois creo que serviron para amosar que a coincidencia nos plantexamentos básicos desta lei é moito maior do que aparenta o discurso hoxe mantido polos distintos membros da Ponencia.

Señorías, dos 42 artigos e 12 disposicións que compoñen este proxecto de lei 23 non recibiron nin unha soa emenda dos membros da Ponencia. Outros 14 foron modificados a proposta da oposición. En consecuencia, un 70 % do articulado desta futura Lei de espectáculos e actividades recreativas de Galicia conta co aval da oposición.

O texto que hoxe debatemos incorpora, ben por aceptación directa das propostas, ben a través da oportuna transacción, un 35 % das emendas presentadas polo PSdeG, un 26 % das emendas presentada polo BNG —emendas de escasa importancia, porque son as que presenta o BNG, señor Bará— e un 8 % de emendas de En Marea —que, a verdade, xa me parecen moitas tendo en conta a súa actitude durante o debate—.

Xa sei que á oposición non lle gusta esta análise numérica dos resultados da ponencia e que prefire resaltar aquelas cuestións nas que discrepamos, pero eu creo que as cifras nos poden resultar útiles como un elemento base para analizar o grao de consenso co que realmente conta este proxecto lexislativo. Porque, señorías, eu teño a absoluta convicción de que ese consenso é moito maior do que as súas señorías pretenden aparentar, e isto é así. Sendo importantes as coincidencias que se materializaron en modificacións do texto que chegou ao Parlamento, non esgotan os puntos de coincidencia existentes entre o grupo que sostén o Goberno e os grupos da oposición, porque, ademais das xa citadas, son numerosas as aportacións realizadas polas súas señorías que son plenamente asumidas polo Grupo Popular. Tanto é así que moitas delas xa están recollidas en distintas leis previamente aprobadas neste Parlamento e, en consecuencia, que xa están despregando os seus efectos prácticos no actual momento, e simplemente non foron incorporadas ao ditame por unha cuestión de correcta técnica lexislativa, evitando así duplicidades innecesarias.

Pero aínda existe un terceiro grupo de plantexamentos coincidentes que non foron incorporados ao texto por entender que teñen un marcado carácter regulamentario, por exemplo a composición da comisión. E, polo tanto, esas coincidencias acabarán formando parte do corpo legal unha vez que se teña producido ese necesario desenvolvemento regulamentario da Lei de espectáculos.

Nembargantes, as súas señorías insisten en destacar as inevitables diverxencias que necesariamente se producen en todo debate parlamentario, algunhas delas relacionadas co contido e outras baseadas en cuestións de procedemento.

Respecto das cuestións de fondo, hai algunhas nas que quixera determe un momento. En primeiro lugar, tranquilizando a señora Cuña pola súa preocupación, pola falta de persoal para atender os problemas de seguridade ou as demandas de seguridade que debeñen desta lei; tranquila: a Escola da Estrada xa leva máis de oito anos formando persoal e xa hai máis de dous mil alumnos que recibiron a formación axeitada en Galicia para ese tipo de funcións.

Tamén insistiu En Marea na existencia de riscos que motivaron a única emenda de totalidade que recibiu o texto, sinalando un suposto afán restritivo en cuestións relacionadas co protagonismo da cidadanía, a liberdade creativa ou a conciliación dos principios de seguridade e convivencia. E debo dicir que, despois de varias semanas de debate, intercambios de opinións, seguimos sen coñecer onde se atopan eses riscos. ¿Onde aparecen? ¿Cales son os ar-

tigos que sustentan?, ¿cales son as emendas que conxuran eses perigos? Porque, como única explicación, teiman vostedes en sinalar unha suposta desproporción do réxime sancionador, que plantexan, ademais, resolver de dúas maneiras distintas: a primeira, exceptuando do cumprimento da lei calquera evento que se realice sen carácter lucrativo, o cal supón unha auténtica insensatez, señoría, pois suporía a desprotección efectiva dos asistentes a ese tipo de actos; a segunda proposta consiste en rebaixar o 50 % as contías máximas das sancións previstas para a totalidade dos infractores, teñan estes carácter lucrativo ou non.

Señoría, vostede quere rebaixar de 600.000 a 300.000 euros a sanción máxima para as infraccións máis graves como poden ser —leo—: «superar a capacidade máxima cando comporte un risco grave para a seguridade das persoas ou bens, non permitir o acceso ao establecemento aberto ao público aos axentes da autoridade, celebrar espectáculos públicos expresamente prohibidos nesta lei ou incumprindo as resolucións polas cales se prohíbe a súa celebración, incumplir a obriga de ter subscrito en vigor o contrato de seguro».

Señoría, nós entendemos que as sancións deben graduarse en atención ás circunstancias de cada caso, pero ¿de verdade cre que alguén que pretende lucrarse, desprezando a seguridade das persoas, celebrando actividades prohibidas ou incumprindo as obrigas de aseguramento non merece unha sanción que faga antieconómico ese comportamento? Nós pensamos que si, pensamos que quen despreza desa forma a seguridade das persoas poñendo en grave risco a súa vida merece unha sanción exemplarizante.

O PSOE tamén nos falou da necesidade de asinar convenios con todos os concellos. Eu xa llo expliquei á señora Rodríguez Rumbo. Habilitamos a posibilidade de que se asinen convenios, pero, evidentemente, non podemos instar a que se asinen con todos e cada un dos concellos de Galicia; será en función das súas necesidades e analizando o tipo de eventos que se celebren en cada un deles.

Tamén insistiron as súas señorías na necesidade de endurecer o réxime de celebración na existencia das touradas, obviando un argumento que xa expuxen en reiteradas ocasións: non é obxecto desta lei a regulación das touradas. E no que atinxe ao acceso da mocidade a estes eventos, limitámonos a recoller o acordo tomado, por unanimidade, no Parlamento de Galicia no que se establecía a prohibición de acceso a menores de 12 anos, señor Bará. Non regulamos as touradas, señor Bará, como tampouco regulamos ou prohibimos ou impedimos a celebración do boi de Allariz ou de calquera tipo de espectáculo no que participen animais, gústelle a vostede ou non.

Polo tanto, onde vostedes ven restricións á liberdade só se dan garantías de seguridade; onde un réxime sancionador abusivo, non hai máis que sancións disuasorias para os presuntos incumpridores; e onde aluden á suposta defensa de espectáculos taurinos, só hai respecto á liberdade individual e a acordos parlamentarios unánimes.

No que se refire a cuestións procedementais, aludiron a unha: a falta de diálogo, un argumento que se repetiu ata a saciedade; a ver se, a base de repetilo, facémolo realidade. Non é así, señorías. Esta lei foi amplisimamente consensuada, dialogada e negociada durante a súa xestión e tamén foi obxecto de amplo diálogo en sede parlamentaria.

Non temos présa, señor Bará, pero unha cousa é a présa e outra cousa é a dilixencia, e, como xa lle dixen, hai sectores por exemplo aquí representados que non deberían encontrarse na temporada alta, que a metade da súa temporada se fai cunha lexislación e a metade da temporada ten que cambiar o seu proceder polo cambio lexislativo; por iso, a dilixencia, que non a présa.

Porque, como deixou escrito un sabio, un bo diálogo é aquel que agota o tema sen agotar os interlocutores, e o certo, señorías, é que vostedes pretendían converter o diálogo, unha ferramenta valiosa, nun utensilio inútil, propoñendo máis de vinte comparecencias para escoitar a distintas asociacións unha vez que xa estaba vencido o prazo para poder emendar o texto e, polo tanto, para poder incorporar calquera suxestión. Por certo, plantexaron esa lista o primeiro día da Ponencia e presentárona o último. Iso chámase, señor Bará, filibusterismo político.

Se vostedes as consideraban tan importantes, ¿por que non se reuniron con elas? Levamos máis de tres anos anunciando esta lei. ¿De verdade que non encontraron un pequeno anaco de tempo para reunirse con esas asociacións? Incluso chegou vostede a imputarnos hoxe a baixa participación cidadá no Lexisla con nós, unha ferramenta libre e aberta na que son os cidadáns os que deciden a súa participación. Por certo, eu ademais de recomendar a lectura, pediríalle que lese o que se presenta. Se o fixese, se lese, por exemplo, ese escrito presentado pola Asociación de Produtores Técnicos de Galicia, coñecería cal é o motivo que xustifica a elección da declaración responsable sobre a comunicación previa, debido á natureza efémera destas actividades. Pero ademais diso, ademais de utilizalo como arma arroxadiza, hai que lelo, señor Bará.

Por certo, ademais das xuntanzas que tivemos, ofrecémoslles e puxémonos á disposición un día completo aquí no Parlamento para recibilos, a vostede ou a calquera de vostedes, fóra da ponencia, para falar con vostedes, recibir as súas suxestión, negocialas e tenderlles a man. Estiven un día completo no Parlamento e ninguén se puxo en contacto comigo, ninguén me dirixiu unha chamada, ninguén pediu unha cita, ninguén ofreceu ningún diálogo, pero iso si, calquera cousa serve para impostar un desacordo, usalo como arma arroxadiza e así xustificar o inxustificable.

Nós, a pesar disto, seguimos apostando polo diálogo, polo diálogo útil. Dous exemplos concretos, para o que pido a atención sobre todo de En Marea. Mire, presentaron unha emenda ao artigo 16 que regula a protección de menores exixindo o cumprimento da lexislación en materia de consumo de alcohol, solicitando que se aludise tamén ao tabaco e a outras substancias ilegais. Ofrecémoslle unha transacción para que se cumpra esa normativa en materia de prevención de consumo de bebidas alcohólicas, tabaco e substancias ilegais. Eliminamos «outras» porque o tabaco e o alcohol non son ilegais. Negáronse vostedes a dialogar.

Segundo exemplo, señora Cuña. Durante o debate da Ponencia reiterarei a nosa oferta dunha transacción para modificar no artigo 13 en relación coa posibilidade de que as persoas con intolerancias ou alerxias alimentarias teñan garantido o acceso á comida específica, ben sexa mediante a oferta deses alimentos no interior dos recintos, ben establecendo a imposibilidade de impedirles que accedan a eses recintos con eses alimentos adaptados ás súas ne-

cesidades se non existe oferta no interior. Unha modificación moi interesante para toda a xente que padece problemas de intolerancias alimentarias, que precisa, necesariamente, da súa aceptación para ser incorporada.

En primeira instancia, negáronse a negociar un acordo, pero posteriormente vostede asegurou na comisión que por En Marea non ía quedar. Pero a realidade é que seguimos sen incorporar esta transacción.

Pois aquí ten a oferta de diálogo útil, señoría. ¿Seguimos na negativa de negociar calquera transacción co Grupo Popular ou podemos chegar a acordos? ¿Aceptan vostedes algunha destas transaccións? ¿Aceptan que vostede comprometeu o seu apoio durante o debate da aprobación do informe? Eu sigo coa man tendida, señoría, pero o tempo esgótasenos.

Hoxe nos acompañan aquí os catro líderes. Estaban aquí, no Parlamento, os catro líderes da súa formación. Eu creo que, se os reúne un momentíño, talvez sería posible tomar este acordo sen necesidade de que inauguremos o Grupo Mixto ou que algún de vostedes se teña que ausentar desta sala durante a votación. Eu creo que é posible. Anímoos a concordar, señorías, incluso co Partido Popular. Comprobarán que non pasa nada e que incluso pode ser beneficioso para o conxunto dos galegos. Pero, iso si, vir aquí impostar desencontros que non existen nun ton que non existe... Señor Bará, o outro día vostede falaba da cordialidade nas xuntanzas durante o debate da Ponencia. Hoxe veu aquí dicir pouco menos que lle tiramos o guante, que nos negamos a falar con vostedes. É absolutamente falso que eu lle dixera o primeiro día...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...que isto era o que aceptabamos e que non se falaba nada máis. Díxenlles que os íamos invitar a transaccións e inviteinos a presentarnos contrapropostas de transacción. Non recibín nada, sigo esperando, a man segue tendida, o reloxo segue contando. Hoxe teñen unha magnífica oportunidade de amosarlles aos galegos se realmente apostan polo diálogo ou se isto non é máis que outra das imposturas ás que nos ten habituados a oposición.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos.

Vamos agora a unha rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas polos demais.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: O señor Pazos díxonos aquí que a lei chegou cun alto nivel de consenso social a esta Cámara. Debe ser o consenso da apisoadora que lle pasaron vostedes á Fegamp, á Asociación Galega de Empresas Musicais ou á Federación de Empresas de Salas

de Festas ou a todos os colectivos que presentaron alegacións e aos que vostedes lles pasaron por riba porque aceptaron 4 de 69. Se iso é consenso social, non sei a que lle chaman vostedes precisamente consenso. Non di moito de vostedes.

Pero é que ademais —como lles dixemos nós aquí— vetaron o trámite da audiencia no Parlamento, que é unha figura contemplada no Regulamento do Parlamento no artigo 115.3 que curiosamente vostedes nunca a aplicaron. Vostedes pecháronlles as portas do Parlamento. E non me veña aquí dicindo que era o último día da Ponencia porque a Ponencia reúnease as veces que faga falta se hai vontade de chegar a acordos, non hai que pechala. Vostedes pechárona porque non querían escoitar os colectivos, non quixeron escoitar a Fegamp. Propuxemos que viñeran ao Parlamento e non quixeron escoitar a Asociación Galega de Empresas Musicais, á Asociación Galega de Orquestras, Asociación de Empresarios da Verbena Galega, a Federación de Asociacións provinciais de Empresarios de Salas de Festas, a Fundación Franz Weber, a Asociación de Produtores Técnicos, a Confederación de Anpa Galegas, a Confederación de Anpa de Centros Públicos, a Confederación Galega de Asociacións Veciñais, a Asociación de Consumidores, a Federación de Cineclubs, a Escena Galega, a Federación Galicia-Cultura, a Asociación de Músicos ao Vivo, a Gaiteiros Galegos, a Festivais de Artes Escénicas, a Profesionais do Circo de Galiza, a Federación Galega de Teatro Afeccionado, a Unión de Titiriteiros Galegos, a Academia Galega do Audiovisual, a Asociación de Música Clásica de Galicia. A todos estes colectivos pedímoslles que viñesen comparecer ao Parlamento para dar a súa opinión sobre a lei e vostedes pecháronlles as portas do Parlamento. Esta é a vontade de consenso, de diálogo e de participación que teñen vostedes, ¡cero!, ¡cero patatero!, esa é a realidade.

E claro, vostedes non regulan as touradas nesta lei. É certo, non regulan as touradas. As touradas regúlanas cunha lei estatal que impide que outras comunidades e outras administracións poidan prohibilas porque as consideran patrimonio patriótico español intocable. Iso é o que fan vostedes coas touradas; un espectáculo cruel e sanguinario como as touradas. E vostedes autorizan as touradas con esta lei dende a Xunta de Galicia para impedir, precisamente, que desde os concellos se poida poñer freo a este espectáculo cruel e sanguinario.

E en canto ao das présas, xa lle dixemos que era un mes o que levaría facer este trámite de audiencia, de consulta e de debate que enriquecería e melloraría a lei, e vostedes son responsables, señor Rueda, de que non se fixese este trámite.

Polo tanto, o que temos que dicir en conclusión é que imos apoiar, desde logo, as emendas presentadas polos outros grupos porque nos parecen achegas positivas, e lamentamos esta actitude do Partido Popular, porque, por moito que diga aquí que estivo á nosa disposición, a realidade é que impuxo un prazo, e dese prazo non se moveron, e non houbo un verdadeiro debate na Ponencia sobre o conxunto do texto da lei.

Polo tanto, non imos apoiar este proxecto, en primeiro lugar, polo déficit de participación e de diálogo. Comezou co propio veto do informe —como lle dixen— do Consello Económico e Social, co argumento nada máis e nada menos de que as materias reguladas non están directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

¿Como pode dicir isto?, que as verbenas, os espectáculos musicais, os concertos, as actividades das cafeterías, non están directamente vinculados coa actividade económica e social de Galicia, co desenvolvemento económico e social de Galicia, se teñen un impacto moi grande no PIB e son actividades que moven moitísimo diñeiro? ¿Como poden dicir isto realmente? Non teñen absolutamente ningunha credibilidade.

E non imos apoiar porque vostedes puxéronlle cancelas, coa tramitación deste proxecto, á democracia participativa. Pechan as portas do Parlamento á sociedade, e se non, veremos no debate do seguinte asunto o trato que lles dan vostedes ás iniciativas legislativas de iniciativa popular.

O BNG quere un Parlamento aberto, nós queremos un Parlamento aberto. De feito estamos organizando actividades que se chaman precisamente así, Parlamento aberto, traendo ao Parlamento a colectivos para discutir, para debater, para contrastar sobre asuntos que son de capital importancia para este país, e ¡ben que o agradecen!

Vostedes, en cambio, queren un Parlamento pechado, un Parlamento opaco, un Parlamento ensimismado, autómatas e sen alma, iso é o que defende o Partido Popular. E meten no mesmo saco —como lles dixemos— realidades que non teñen nada que ver. Incrementan as competencias municipais sen financiamento para levalas a cabo. E tamén —como xa lles dixemos— hai unhas contradicións evidentes no réxime xurídico de tramitación das autorizacións.

Polo tanto, por todos estes motivos non imos apoiar esta lei e si imos apoiar as emendas presentadas polos grupos da oposición.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Por parte do Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

O Grupo Parlamentario Socialista, a verdade é que consideramos que se podía ter conquirido unha mellor lei, sobre todo máis consensuada, máis participativa, con maior transparencia e que recompilara a normativa dispersa que —como vostede ben sabe— está como mínimo contida en 9 normas.

Vostede sabe perfectamente que este documento foi remitido a 9 organizacións representativas do sector, das que contestaron 3; e no trámite de exposición pública a través da web alegaron outras 3 entidades. O total de alegacións presentadas por estas dúas vías foron 53, e desas 53 aceptaron unha parcialmente. A Fegamp presentou 13 alegacións e aceptaron 4. Polo tanto, consenso, consenso, non parece que houbera, salvo que na documentación remitida aos grupos políticos falten esas alegacións ou esas emendas. Polo tanto, nós cremos que, dilatándose un pouquiño máis, simplemente, poderíase ter feito unha mellor lei.

Tampouco entendemos dende o Grupo Parlamentario Socialista por que non se incluíron os informes preceptivos da Administración autonómica, e ademais a propia Asesoría Xurídica Xeral da Xunta manifesta na propia documentación que son necesarios ou que debería habelos. ¿Por que non se inclúe o informe da Comisión Galega de Cooperación Local, que, entre outras funcións, ten a de emitir informes sobre os anteproxectos de lei que atinxen ao réxime local? Non parece moi lóxico. A propia Asesoría Xurídica Xeral manifesta que o proxecto de lei contén unha atribución directa de competencias por lei sectorial aos concellos, pasando a constituír unha competencia propia dos concellos na autorización e ampliación de horarios; autorizacióna de carácter extraordinario; funcións de inspección e control; incoar, instruír e resolver os expedientes sancionadores; actuacións necesarias para o axeitado desenvolvemento das competencias... Polo tanto, non entendemos moi ben por que se omiten estes informes.

A propia Asesoría Xurídica fai referencia á Lei 5/2014, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, cando establece no seu artigo 1, no punto número 3, que para estes efectos, os anteproxectos das leis ás que se refire a liña anterior deberán ir acompañados dunha memoria económica elaborada pola consellería competente por razón de materia, na cal se reflecta o impacto da nova atribución de competencias sobre os recursos financeiros das administracións públicas afectadas e o cumprimento dos principios de estabilidade, sustentabilidade financeira e eficiencia do servizo ou actividade.

A lei deberá prever a dotación dos recursos necesarios para asegurar a suficiencia financeira das entidades locais, sen que iso poida levar consigo en ningún caso un maior gasto das administracións públicas.

Unha vez máis, a Xunta invita e os concellos volven pagar.

É verdade que nós ímonos abster na aprobación desta lei porque entendemos que é necesaria, e imos votar a favor das emendas presentadas polo resto dos grupos políticos. Pero gustaríanos que fora unha lei máis consensuada, que dilatara o seu procedemento simplemente un pouco máis de tempo para volver consultar, tal e como se expuxo por parte do BNG a todos os sectores afectados por esta lei, que se volveuse outorgar aos concellos unha nova consulta, e polo tanto podería saír desta Cámara, creo que estaría en condicións de saír desta Cámara, unha lei aprobada por todos os grupos políticos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Todas e todos coñecemos dende hai moitos anos o que é o esquema da comunicación. Para que exista comunicación ten que haber un receptor ou unha receptora, un emisor ou unha emisora, un código, un canal. Eu creo que hai moitas interferencias no canal. Creo que non falamos nin temos o mesmo código e que hai que facer un esforzo de escoita.

Vostede falaba de reloxos. Vou intentar ser moi clara, aínda que utilice a metáfora. Eu creo que quen confunde o reloxo co tempo, o crecemento co desenvolvemento, o grande coa grandeza, tamén confunde a natureza coa paisaxe.

¿Que quero dicir? Quero dicir que aquí falamos de moitos temas e argumentamos creo que coherentemente. Que vostede diga, a En Marea, que lle aprobásemos o 8 % das súas emendas xa é moito, coa actitude que tiveron. Retrátase vostede mesmo falando de actitudes. ¿Cal é esa actitude receptiva? ¿Cal é esa actitude de man aberta, comunicativa? É increíble. Eu non podo dicir que teño a man aberta e dar un zoscazo, porque non é crible, directamente.

Falamos de moita xente afectada, de moita xente beneficiada. Falamos de que a Comunidade Económica Europea recomenda a mínima intervención e a simplificación administrativa. Isto non está acontecendo. Non está habendo simplificación, está habendo burocratización, e eu creo que está habendo intereses solapados. Como non teño certeza, simplemente o esbozo como unha intuición. Creo que cando vostede fala de cuestións como que escoitaron moito, non se corresponde coa realidade.

Cando fala dos produtores, por exemplo, nós reunímonos con máis de vinte persoas e colectivos. Realmente tiñamos a percepción e a necesidade de que a lei tivese peso, que a lei fose útil, que a lei fose favorable para a nosa sociedade como merece, ¡e para nada! Vostede di: si, si, man aberta. Alégrome moito porque no fondo estamos todos de acordo. Non se engane, non se engane, señor Alberto, porque está baleirando de significado moitas das afirmacións que fai e está creando unha falsa visión.

Supoñamos que no desenvolvemento lexislativo posterior se vai solapar, se vai recoller ou corrixir toda esta cantidade de cousas pouco formuladas e esbozadas; unha lei moi desequilibrada. Por unha banda, moi desenvolvida toda a parte sancionadora; nada, nada, absolutamente nada definida; e despois, cuestións de problemas lexislativos que vostedes dirán como van solventar.

Non é menor o tema do carné, de quen vai controlar o acceso; non é menor. Nin quen vai formar esta xente e cal vai ser a competencia. Se non temos lei de seguridade privada neste país, ¿pretenden privatizar? Non o sei, é intuición. Sigo co tema da intuición. ¿Que pasa? Di que saíron 3.000 alumnos. Si, pero a demanda en toda Galicia é enorme. Saen 70, pregunte na escola.

E con respecto á Escola de Produtores Técnicos e Espectáculos de Galicia, fan demandas absolutamente lexítimas e falan de que se o proxecto técnico ten que ser asinado por alguén, ten que ser por un técnico competente. E dan datos do artigo ao que se fai referencia e da doutrina do Tribunal Supremo. Non recolleron para nada estas suxestións.

Mire, vostede díxonos un día que eramos amigos de Groucho, de Groucho Marx, e eu dígolle, bueno, pois si, pero pode que sexa vostede máis amigo, que a política sexa a arte de buscar problemas, atopalos, facer un diagnóstico falso e aplicar despois remedios equivocados, que é o que sentimos nós con esta lei.

Aínda así e todo, imos absternos porque a consideramos necesaria, e esperamos que con decretos sucesivos polo menos se mellore un pouco e non se maquille. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Pois nada, unha lei horrorosa que parece ser que vai pasar sen votos en contra. É unha cousa certamente curiosa e pouco vista neste Parlamento, pero un aprende todos os días.

Eu entendo, señor Bará, que hoxe, despois do que pasou no anterior debate, vostedes teñan que impostar un certo enfado. Porque claro, se vostedes son capaces de negar que coincidimos en acordos, cando foron capaces de fusilar completamente as emendas que presentou o Grupo Popular a unha lei, que as fusilaron e as copiaron unha por unha, e aínda así negan a coincidencia, ¿que podía esperar eu, despois dun debate moito menos intenso que ese, no que coincidimos practicamente ao cen por cento? Pero bueno, está visto que non hai interese nestas cousas.

Un par de cuestións que dixo. O das touradas é un debate que aburre un tanto, dígollo de verdade. Se de verdade queren combater as touradas, fágano. É certo, eu vou unha vez ao ano. Suelo ir alí porque me invitan algúns amigos, tamén é certo. Por certo, xusto alí, detrás de min, hai un palco que é da deputación... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, si, si que está, e leva un carteliño ben grande que pon: Palco da Deputación. Vostedes creo que gobernan na Deputación de Pontevedra, ¿verdade? E voulle dicir outra cousa que igual lles sorprende: hai xente mirando as touradas no palco da deputación na que gobernan vostedes co PSOE. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, bueno, non sei. Ata onde eu sei, nos espectáculos públicos, incluídos as touradas, non se piden carnés políticos. Mentres non governe o BNG, polo menos, non. Imos ver se conseguimos facelo así. *(Aplausos.)*

Vostede critica que o prazo foi moi curto. Eu voulle facer outra pregunta que me parece bastante máis razoable, ¿que fixo vostede durante ese prazo? Eu cheguei o primeiro día á Ponencia e dixeran: aceptamos todo isto. Voullas trasladar, ademais, todas as propostas de transacción que lles ofertamos. Gustaríanos recibir contrapropostas de transacción. ¿Sabe cantas recibín? ¡Cero, señor Bará! Efectivamente, escuridade total nas súas transaccións. *(Murmurios.)* Escuridade total: Mordor. Esa é a realidade.

E agora di: é que nos tiñan que dar máis prazo para reunirnos con máis xente e demais. Eu a pregunta que me fago é ¿con quen se reuniron vostedes? A representante de En Marea di: reunímonos con máis de vinte colectivos. ¡Oia!, ¿e cando se reuniron non lle trasladaron queixas? ¿E vostedes esas queixas non as materializaron nas súas propostas de emenda? ¿E non se debateron esas propostas de emenda? Porque eu non entendo nada, ¡de verdade! En fin, unha cousa certamente sorprendente.

A señora Rumbo solicítanos que fagamos... *(Murmurios.)* Señor presidente, entre a penumbra e o ruído é un pouco complexo, non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non esperaba que me puxeran unha iluminación acaída para o evento, pero agradézollo moito, señor Bará.

Eu, en todo caso, veño aquí aprobar unha lei de espectáculos, ou a intentalo, non a dar o espectáculo. Iso xa llo deixo á bancada da esquerda, non é cousa miña.

O que lle intento dicir é que dialogar non é aceptar todo o que se di. Acéptanse algunhas cousas, transacciónanse outras, e nas que non —que foi o que fixemos—, deilles as razóns de carácter xurídico. Xa lle dixen antes que moitas das cuestións que vostedes plantexan nós concordamos con elas, pero ou xa están recollidas noutra lexislación, ou son cuestións de carácter regulamentario que se deberán desenvolver posteriormente.

Mire, señora Cuña, eu teño que dicirlle unha cousa. Vostede falou aquí do que é o diálogo, dos interlocutores, e teño que lle dicir unha cousa. Voulle trasladar exactamente a única frase que eu recibín de En Marea durante este diálogo, e foi —é certo que ese día non estaba vostede—: «Non imos negociar ningunha transacción co PP. » Fin da cita. ¿Vostede cre que así se pode negociar algo? ¿Vostede cre que se pode acordar algo? Eu propúxenlle hoxe dúas transaccións. Nunha, en vez de dicir: «bebidas alcohólicas, tabaco e outras substancias ilegais», nós propoñemos: «bebidas alcohólicas, tabaco e substancias ilegais.» ¡A diferenza é moi substancial! ¡Non ma acepta, señoría! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si que me dixo que non en tres ocasións. A ver se hoxe di que si.

A outra é para permitir que os celíacos, a xente que sofre intolerancia á lactosa e a outro tipo de cousas, teña garantido que cando vai a un evento, ou lle ofrecen dentro eses produtos acaídos ás súas necesidades, ou os pode introducir. Díxome que a ía aceptar, pero é que estamos no debate final da aprobación da lei e aínda non me dixo se a acepta ou non a acepta. ¡Home, pois agradézollo! Mire vostede, acabamos de resolver dúas transaccións en trinta segundos nas que non foi capaz En Marea de dicirme a nada que si en tres semanas. ¿E os que tiñamos dificultades para o diálogo somos nós? ¡Home, imos ser un pouco serios!

O que lamento moito é non ter reproducidas todas as transaccións que lles trasladei, porque agora resulta que cando o debate é público... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...van vostedes e as aceptan. Durante tres semanas dixeron que non a todas e cada unha delas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

Señora Santos, silencio.

O señor PAZOS COUÑAGO: E en canto ao persoal de seguridade, eu teño que dicir, de verdade, que se preocupe.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Si, intento.

O que non é razoable é que nos diga vostede que a necesidade dese persoal é de 500 persoas para toda Galicia, e cando lle digo que xa están formadas máis de dúas mil, siga dicíndome que as necesidades son inxentes e que non poden ser cubertas. ¡Home, parece unha incongruencia numérica!

Eu, en fin, volvo repetir que para dialogar hai que querer dialogar, e para acordar hai que querer acordar. E eu creo que faltou algunha xenerosidade nalgún dos grupos.

En todo caso, permítame que, xa que me contestou vostede cunha cita de Groucho, eu lle conteste con aquela que tamén di: hai políticos que a cada problema lle buscan unha solución, e hai outros que a cada solución se empeñan en buscarlle un problema. Para mostra un botón. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Perdoen isto da luz, estase mirando. Hoxe o Parlamento cumpre 36 anos, e os anos tamén se van notando. (*Aplausos.*) É así, é así. O Parlamento cumpre hoxe 36 anos, o 19 de decembro do 1981.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra don Marcos Maceira, a quen lle rogo que se achegue á tribuna de oradores, por un tempo de quince minutos. Será acompañado polo vicepresidente primeiro do Parlamento.

O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Maceira Eiras): Boa tarde, señor presidente.

Señoras e señores deputadas, a ILP de medidas para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico chega ao Parlamento para a súa toma en consideración após unha longa campaña de difusión e superado moi amplamente o mínimo exixido. O obxectivo é que se transforme nunha lei que comece a garantir nas relacións económicas o dereito de utilizarmos a lingua galega con normalidade, sempre e en todo lugar.

Presentámoslla ao Consello da Cultura Galega, á Secretaría Xeral de Política Lingüística, á Dirección Xeral de Consumo e Comercio, á Federación Galega de Municipios e Provincias, ao Instituto Galego de Consumo, á Confederación de Empresarios de Galiza, a comités de empresa, a organizacións sindicais e de consumidores, tamén aos grupos parlamentarios,

sempre coa vontade de que, de ser tomada en consideración, contase con todo o respaldo político e social posíbel.

Esta ILP partiu dunha comisión promotora a iniciativa da Mesa pola Normalización Lingüística, entidade con trinta e un anos de traxectoria na defensa da nosa lingua. Iniciouse tamén co apoio de cento vinte e cinco persoas representativas de diferentes ámbitos: do académico, da cultura, da xustiza, da saúde, dos traballadores da teleatención, do empresariado. Continuou recibindo apoios de persoas de diferentes idades, ideoloxías, condicións sociais, cidadáns e cidadás que queren situacións nas que sempre se poida ver, ouvir, usar e recibir atención e documentación en galego, 28.000 persoas que constataron coa súa sinatura a vontade ampla de termos como galegos e galegas os mesmos dereitos que os utentes de calquera outra lingua oficial no seu territorio, como acontece co francés en París, co alemán en Berlín, co finés en Helsinki ou co español en Madrid.

Normalizar é actuar para recuperar a normalidade do uso do idioma. A sociedade galega normaliza o galego todos os días a través das asociacións culturais, veciñais, de familias, organizacións sindicais, de consumidores, empresariais..., que o empregan na súa actividade cotiá e recuperan espazos de uso e presenza, a mesma sociedade que participa en dúcias de manifestacións —moitas delas as máis numerosas de Europa— a favor da súa lingua propia.

Calquera proceso de normalización que quixera ser real precisa do impulso social, como é o caso desta proposición de lei, mais tamén do impulso político para desenvolver as mudanzas que foren precisas para devolverlle á lingua o seu status natural, a comezar por garantir o dereito ao uso pleno e sen límites.

O impulso político precisa tamén de que as institucións responsábeis, co Goberno galego á cabeza, se comprometan coa súa propia lexislación e cos acordos dos que participaron, así como do acompañamento ás reclamacións lexítimas de impulso e promoción da lingua, que son, ademais, obriga establecida polo propio Estatuto de autonomía.

Este debería ser o alicerce sobre o que establecer os principios mínimos da política galega, porque a normalidade da lingua galega ten que ser a mostra da cohesión social e da unidade do pobo galego. É con esa orientación, a de darmos un paso firme e unánime para o noso idioma, coa que traemos esta ILP para o ámbito socioeconómico e para, antes de máis, que o galego deixe de estar excluído por defecto.

No ámbito socioeconómico desenvolvemos as nosas relacións de consumo e todas aquelas actividades que precisamos para vivir e satisfacer gran parte das nosas necesidades; actividades, como case todas, que precisan da lingua para informármonos, para solucionarmos dúbidas, para reclamarmos os nosos dereitos como consumidores e consumidoras ou para darmos aviso en caso de emerxencia, situacións nas que dunha maneira abafante a nosa lingua está excluída, vetada, onde o normal é que non estea, onde non temos liberdade para empregala simplemente por non termos opción en galego na atención, documentación ou información.

A liberdade no uso do galego é, no mellor dos casos, condicional e limitada, aínda que formalmente o galego é a lingua propia e cooficial en Galiza e os poderes públicos teñen a obriga de promovela.

Esta aspiración de normalidade está na Lei de normalización lingüística de 1983, cuxas carencias na aplicación e desenvolvemento a todos os niveis son evidentes, mesmo en aspectos que estaban, cando menos en aparencia, absolutamente claros hai trinta e catro anos.

O Parlamento aprobou a Lei de normalización lingüística, a Lei de uso do galego como lingua oficial da Administración local ou o Plan xeral de normalización da lingua galega en 2004, un plan xeral elaborado coa participación de case mil persoas representativas de diferentes sectores e aprobado unanimemente polo Parlamento, que se concretou en 440 accións, con intención de efectividade, para ser impulsadas pola Xunta. Trece anos despois, segue inactivo.

O Parlamento galego e a Xunta de Galiza comprometéronse coa Declaración universal de dereitos lingüísticos de 1996 e coa Carta europea das linguas, ratificada polo Estado español en 2001. Ambos os dous documentos internacionais establecen obrigas claras, que van desde o sistema educativo vehiculizado na lingua minorizada á xustiza, pasando polo ámbito económico, ao que hoxe nos referimos.

En 2015 todas as forzas políticas galegas asinaron a Declaración de unidade a prol da normalización da lingua galega, promovida pola Mesa pola Normalización Lingüística, na que se afirmaba que é preciso abrir unha nova etapa de normalidade para a lingua galega. Nesta declaración todas as forzas políticas mostraron o compromiso de promover todas as medidas e accións que foren precisas para a súa reposición, rehabilitación e plena normalidade.

Ademais, en decembro de 2016, con motivo da Capitalidade Cultural Europea en Donostia, presentouse o Protocolo para a garantía dos dereitos lingüísticos, co apoio de cento cincuenta entidades sociais de toda Europa e coa presenza de organizacións tan relevantes como a Unesco, a OSCE, a UNPO ou ELEN. De ser admitida a trámite esta proposición e aprobada a lei, Galiza daría un paso firme para o cumprimento deste protocolo internacional.

Non abonda, evidentemente, con aprobar leis, asinar acordos nacionais ou internacionais ou proclamar o noso amor á lingua. Todo isto é necesario, mais inútil, se non hai vontade de exercicio do lexislado, acordado ou planificado. ¿De que valen se non se efectivizan e se nin sequera se avalía o seu cumprimento? ¿Alguén imaxina un país con lingua propia oficial onde as actividades económicas que se poden realizar nela son anecdóticas? ¿Un país onde en casos de reclamacións, avisos de emerxencias, dúbidas, xestións de todo tipo sempre existe unha cláusula oculta introducida pola práctica diaria, mais con amparo legal, de non poder ter atención na súa lingua? Pois ese país existe e é Galiza.

A realidade é que hoxe en Galiza é practicamente imposíbel facer en galego un acto tan simple e habitual como abrir unha conta, asinar contratos de diferente tipo ou mesmo trámites obrigatorios a entidades públicas como a alta ou a baixa na Seguridade Social ou determinadas xestións coa Axencia Tributaria.

Querer vivir en galego con toda normalidade convértenos en estranxeiras na nosa patria. Só no pasado ano 2016 o Informe da Liña do Galego, servizo de queixas e parabéns relacionados co uso da lingua que ofrece gratuitamente a Mesa pola Normalización Lingüística, recolleu 316 casos de vulneración de dereitos lingüísticos, que son só unha ínfima parte dos que se producen acotío en Galiza.

Probablemente moitos e moitas de vostedes, igual que moitos outros cidadáns, terán recibido respostas do tipo de «*o me habla castellano o no le atiende*» ou «*si continúa hablando gallego, no le puedo solucionar su problema*», ou situacións onde dentro de Galiza non se garante algo tan elemental como sermos entendidos en galego, unha coacción inadmisíbel ante un acto de necesidade que evidencia a ausencia de normalidade do galego.

Coñecemos protocolos ocultos, mais de obrigado cumprimento, onde expresamente se lles prohíbe ás traballadoras dirixírense en galego á clientela aínda sendo a lingua utilizada. Mesmo os servizos de xeolocalización desprezan a toponimia galega, única lexítima, legal e oficial. Como consecuencia, chégase a dificultar a recepción de envíos postais porque acontece que para a empresa distribuidora o que non existen son lugares co topónimo oficial.

Con todo isto, sorprende que a baixada continuada de uso do galego non sexa máis intensa do que xa é. ¿De que vale calquera campaña, iniciativa pública ou social para fomentar o uso da lingua, para combater prexuízos, para darlle á lingua todo o valor que ten, se é imposíbel a práctica elemental?

Esta situación non se corresponde coa dun país que afirma no Estatuto que a súa lingua é cooficial. De selo, ¿non debería ser tan oficial como a outra lingua? ¿Onde está a igualdade para o galego cando nas accións lingüísticas de elocucións telefónicas, produtos tecnolóxicos, páxinas web comerciais, informacións e sinalizacións de calquera produto a nosa lingua está excluída? ¿Que liberdade temos para empregar se simplemente non hai opción?

Mesmo, se comparáramos con outras linguas oficiais do Estado, ¿por que case sempre contamos con todas as opcións menos a nosa? ¿Hai algún motivo para que galegos e galegas sexamos en moitos servizos os únicos cidadáns con lingua oficial sen dereito efectivo a utilizalo en condicións de igualdade? O que para outras linguas oficiais no Estado é impensábel para o galego tamén o ten que ser.

A lingua galega perde falantes debido a un proceso secular de subordinación, de exclusión, de limitación forzosa, aínda actuante, introducido ademais na mentalidade colectiva a través da coacción e de eficaces prexuízos, xunto ao desleixo dos poderes públicos en relación co idioma. Mais é un proceso que se pode reverter se se ten vontade, convicción e acción decidida para a reposición, rehabilitación e recuperación da lingua.

A lingua é unha necesidade humana. Recoñecer o dereito á atención en calquera lingua agás na propia é unha mostra de desprezo ao pobo que a fala, é pretender manter pola forza e pola coacción un status de subordinación que ben podemos denominar racismo lingüístico.

O obxectivo desta proposición de lei é pór fin a estas situacións discriminatorias. Non abonda con recoñecer o dereito de uso se non hai un uso real en igualdade... Efectivamente, non abonda con recoñecer ese dereito de uso —desculpen—. (*Aplausos.*) Quere dicirse: non hai uso real en igualdade sen devolución. A Lei galega de protección do consumidor recoñece o dereito ao uso oral e escrito. ¿De que serve ese dereito se non vai acompañado do dereito a ser escoitado, entendido e atendido? Pola contra, máis de quiñentas disposicións legais, duascentas no ámbito do consumo, obrigan ou amparan o uso do español.

As consecuencias da ausencia e desenvolvemento do dereito ao uso do galego e a dispoñibilidade lingüística son claras e visíbeis. Velaquí un exemplo concreto denunciado pola Mesa: febreiro de 2017, unha clienta solicítalle un servizo en galego a unha entidade bancaria, este é o resumo da resposta: «*Esta entidad se relaciona con sus clientes siempre en cumplimiento a las obligaciones en materia lingüística establecidas en la normativa vigente, no existiendo ninguna obligación concreta para la entidad sobre el uso de la lengua gallega*». Denéganse servizos, atención e información por usar o galego, ao tempo que traballadores da teleatención ven perigar os seus postos de traballo porque a empresa considera innecesaria a opción na nosa lingua. A lingua fica inutilizada e o emprego en Galiza, deslocalizado.

Afortunadamente, hai empresas que apostan polo noso idioma, mantendo, como mínimo, a opción en igualdade. Saben que facer visíbel o galego mostra a súa identificación e compromiso co país e é un outro indicativo de calidade. Mais atópanse con importantes obstáculos na posibilidade de teren contratos, documentos, instrucións ou etiquetaxe en galego, ou mesmo permisos e licenzas, porque a legalidade non as ampara.

Na visibilidade pública, mais tamén na súa xestión interna, a utilización do galego obriga a un sobre esforzo sen recoñecemento nin axuda de ningún tipo para o acceso a programas de facturación, de confección de nóminas ou de contabilidade, por non falar dos problemas xa comentados respecto da Administración xeral do Estado.

En febreiro de 2015 o presidente da Xunta de Galiza, Alberto Núñez Feijóo, anunciaba o comezo da elaboración do Plan de dinamización do galego no tecido económico, un proceso no que a Mesa participou presentando achegas que xa avanzaban a necesidade de garantir sempre os dereitos lingüísticos do empresariado e das consumidoras e consumidores.

Consideramos que, se houbera vontade, o desenvolvemento deste plan, xunto coas axudas necesarias para financiar custos, poden ser o complemento desta proposición de lei, que recoñece e amplía dereitos, amplía a responsabilidade da Administración pública e promove a valoración e contratación das boas prácticas lingüísticas, de igualdade e respecto ás linguas.

Todos os avances para a lingua galega partiron da mobilización da sociedade, tamén neste ámbito. Temos casos recentes, como o de Ferroatlántica, onde as traballadoras e traballadores conseguiron levantar o veto ao uso do galego nas súas relacións coa empresa; a presión para conseguir atención en galego como garantía do dereito a traballar no propio país das traballadoras de Extend, na Coruña; o de empresas que conquistaron a etiquetaxe en galego con perseverancia; ou o de miles de persoas que estes días solicitan a Ikea que queren tamén galego, como xa o fixeron hai días coa aseguradora Génesis. Mais esa sociedade está moi li-

mitada sen o amparo da lei. Precisamos que a lingua galega estea presente en todo e para todo para podermos vivir nela.

Señores e señoras deputadas, a proposta é sinxela, é a do sentido común, a de que o pobo galego é igual que calquera outro, tamén no dereito de empregar a súa lingua. Porque é de sentido común que as persoas que queremos galego teñamos igualdade de dereitos, é de sentido común que en Galiza calquera persoa poida ser atendida e entendida en galego, é de sentido común que para iso exista información e documentación en galego, é de sentido común que se respecte a toponimia galega, e só se se garantir ese sentido común poderemos ser libres de expresármonos no noso idioma.

Non propoñemos nada que non estea en vigor e sexa plenamente exercíbel para o castelán. Nin sequera propomos nada que non estea xa en vigor para outras linguas do Estado. No ano 2018 o galego, para existir e se desenvolver, non ten que ser máis que calquera lingua, mais é un deber deste Parlamento e do Goberno galego que non sexa menos.

Señor presidente, señores e señoras deputadas, por todo isto pídolles que tomen en consideración esta proposición de lei, que pretende garantir os dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico.

Obrigado pola súa atención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Maceira.

Pode permanecer no escano, xa lle indican alí cal é o seu escano.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Antes de máis, quixera darlle a benvida ao presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira, e ás persoas que nos acompañan na bancada de convidadas. En nome do Bloque Nacionalista Galego e do grupo parlamentario, quero transmitirvos o máis sincero agradecemento polo traballo que desenvolvestes, non só na recollida de sinaturas —máis de 28.000— para presentar a iniciativa lexislativa nesta Cámara, senón por dar un debate tan necesario, non só en termos políticos, non só en termos parlamentarios, senón tamén socialmente, arredor dos dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos. *(Aplausos.)*

Na curtametraxe «Sentido común», coa que a Mesa pola Normalización Lingüística promoveu a campaña de recollida de sinaturas desta ILP, presentábase unha vida en galego, unha vida plena en galego, como unha experiencia, como un reto; situacións, contextos absolutamente diferentes e ao mesmo tempo absolutamente cotiáns, como contactar coa com-

pañía telefónica, presentarse a unha entrevista de traballo, visitar unha escola infantil; poderíamos engadir millentas. Asinar unha hipoteca, escriturar a casa, renunciar a unha herdanza nunha notaría, abrir unha conta bancaria, contratar un seguro, mercar un vehículo ou consultar a páxina web de Ikea son accións imposíbeis de facer na práctica en galego.

Son testemuñais as empresas ou compañías, sexan galegas ou sexan foráneas, que desenvolven a súa actividade no noso país que proporcionan a documentación ou manteñen a relación comercial coa clientela, coas persoas usuarias e consumidoras, en lingua galega. Tan testemuñal, tan anecdótico é o uso do galego no ámbito socioeconómico que nos sorprende mesmo cando acontece.

O que debería ser normal neste país resulta exótico, e esa é unha realidade que vulnera os dereitos das persoas que viven e traballan na Galiza, os de todas, sexan galegofalantes ou non; unha realidade que evidencia a discriminación diaria de quen quere vivir 24 horas ao día, 365 días ao ano, na súa propia lingua. E esa difícil —por non dicir imposíbel— tarefa de recibir unha atención oral e escrita en galego provoca situacións de continua vulnerabilidade e indefensión para as persoas usuarias ou consumidoras que desexan —poñamos por caso— asinar o contrato de alugamento en galego ou recibir o xustificante de pagamento dunha multa na lingua propia do país. No mellor dos casos, o que provoca son eternas agardas mentres se traducen os documentos, e iso se che dan a oportunidade de que sexan traducidos; toda unha exótica experiencia —e sobreentendan a retransa— que sería ilegal se, en troca do galego, falásemos do castelán.

¿Por que, se o galego —de verdade, pénseno cinco minutos— é a lingua propia de Galiza, oficial no noso territorio, asumimos como unha realidade válida, como unha situación aceptable ou mesmo inevitable non poder recibir en lingua galega un aviso ou instrución vinculada á prestación dun servizo ou á compra dun ben? ¿Por que o asumimos como aceptable ou válido?

Desde o BNG imos apoiar a toma en consideración desta iniciativa. Contribuímos individual e colectivamente coas nosas sinaturas —xunto coas de máis de 28.000 persoas— a que chegase até aquí, e co noso voto como grupo parlamentario empurraremos para que saia adiante, e agardamos que todos os grupos desta Cámara o fagan. Por dúas razóns; podería haber moitas máis, pero por dúas razóns.

En primeiro lugar, porque o artigo da ILP dá amparo e rango de lei a algunhas das medidas recollidas no Plan de dinamización da lingua galega no tecido socioeconómico que aprobou a Xunta de Galiza no ano 2016. Non hai razón ningunha, non hai razón ningunha para rexeitar a súa toma en consideración e tampouco para se opor á súa aprobación. A ILP da Mesa desenvolve a normativa vixente a respecto da protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, Lei 2/2012, na que se recoñece —artigo 46— o dereito á atención oral e escrita en galego.

Esta ILP dá contido a ese dereito, blindando a atención na lingua propia do país, garantindo o acceso á información, a contratos, avisos ou instrucións na lingua propia deste país. Antepón os dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos á vontade particular das empresas, garan-

tindo o cumprimento do artigo 1 da Lei de normalización lingüística, que recoñece o dereito de todas as persoas deste país, todas as persoas deste país, a usar a lingua propia de Galiza.

¿Como imos exercer ese dereito a usala se non temos acceso a ese idioma nas facturas, nos catálogos, nos certificados, nos contratos ou se a persoa que nos responde no servizo de atención ao cliente nin sequera o entende?

En segundo lugar, porque é de xustiza, como dicía aquel lema dunha campaña a prol da normalización lingüística no ámbito xudicial —creo que foi a última que se desenvolveu por parte do Goberno galego—. Galiza é o único territorio do Estado con lingua de seu e recoñecemento de nacionalidade histórica que non conta con instrumentos legais que protexan os dereitos lingüísticos da poboación galegofalante como consumidora e como usuaria. Un paradoxo se temos en conta que eses dereitos son recoñecidos na Declaración universal dos dereitos lingüísticos, do ano 1996, ou na Carta europea de linguas minorizadas, do ano 2001. E que a Xunta de Galicia —isto hai que subliñalo— ten a obriga legal desde 1983 de fomentar a normalización do uso do galego nas actividades mercantís —artigo 25 da Lei de normalización lingüística—.

Euskadi aprobou en 2003 o Estatuto das persoas consumidoras e usuarias, cuxo capítulo VII recolle os dereitos lingüísticos destas, entre eles acceder en euskera á información sobre bens e servizos.

Igual acontece desde a aprobación da Lei do Código de consumo en Cataluña, no ano 2010 —artigo 128—, por certo, unha lei recorrida polo Estado español diante do Tribunal Constitucional, con sentenza —e isto si que tamén pode ser anecdótico— favorable á Generalitat de Cataluña no ano 2017. Di moito dun Estado no que vivimos, como é o Estado español, que un Goberno recorra por suposta inconstitucionalidade o dereito dos cidadáns e das cidadás a seren informados e informadas na súa propia lingua, a recibir documentación no seu idioma ou a asinar contratos nela.

Desde o BNG cremos que debería de ser o Goberno galego quen desenvolvese esta lexislación, e non unha asociación quen trouxese esta lei ao Parlamento, para garantir e blindar os dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos, porque é obriga legal da Xunta de Galiza garantir o uso normal da lingua propia deste país en todos os ámbitos, tamén no económico, e sobre todo velar porque ningunha persoa sexa discriminada por razóns lingüísticas. E discriminar, señorías, é distinguir, é dar un trato diferente a persoas que merecerían un mesmo trato, beneficiando uns e prexudicando outros sen máis motivo que a lingua que usan.

Hoxe o Parlamento, a Cámara de representantes do pobo galego, corazón político deste país, tomando en consideración esta ILP, pode iniciar o camiño que deixe atrás ese trato desigual, ese trato diferente para quen quere vivir unha vida plena en galego. Pode sentar as bases para que o exótico, o anecdótico, deixe de selo e comece a ser normal.

É un dereito que se recoñece para todas as persoas que vivimos e traballamos aquí, —insisto— falen galego ou non, porque os dereitos nunca son só para unha parte, aínda que se dirixan a ela, senón que fan o conxunto da sociedade máis xusta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Eu tamén quero, en primeiro lugar, dar a benvida ao presidente da Mesa da Normalización Lingüística, en nome do Grupo Parlamentario Socialista, e tamén dar a benvida a todos os que o acompañan e están agora mesmo con nós. E quero, en primeiro lugar, felicitar todos os promotores e todas as persoas que traballaron para traer aquí esta proposición de lei, primeiro, por conseguir traela; e, segundo, por conseguir traela cun número tan alto de firmas, 28.000 firmas de galegos e galegas, moitas máis das que eran necesarias para estar aquí.

Un número de firmas que indica, por unha parte, o importante e esforzado labor de todos os promotores, pero tamén a necesidade que ve a sociedade galega da necesidade de promulgar unha lei destas características, que impulse, recoñeza e garanta os dereitos lingüísticos de todos os galegos e galegas, porque disto fundamentalmente trata esta lei: de garantir os dereitos de todos os galegos e galegas para non ser discriminados en razón do uso da lingua, de ningunha das linguas, pero tampouco da lingua galega.

Como xa se dixo aquí, estes dereitos lingüísticos están recoñecidos nunha amplísima legislación, tanto autonómica como estatal, e mesmo en documentos internacionais, como xa se dixo: a Carta Europea das linguas rexionais e minorizadas, aprobada e asumida polo Goberno do Estado, e a Declaración universal de dereitos lingüísticos, firmada en 1996 e pouco despois aceptada por este Parlamento; dereitos lingüísticos para usar calquera dos dous idiomas oficiais en calquera momento, pero que está moi presente para o castelán e moi pouco presente para o galego. Dito doutra maneira, todos aceptamos ou parecemos aceptar que estes dereitos en castelán están aí e se cumpren, pero somos moito menos exixentes e incluso menos conscientes de que temos que ter os mesmos dereitos lingüísticos para o uso do galego.

Dicía o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado unanimemente nesta Cámara en 2004, o seguinte, textualmente: «Neste noso país habitualmente moitos testamentos dítanse en galego e escríbense en castelán. Moitas declaracións xudiciais fanse en galego e aséntanse en castelán. Moitas declaracións aos medios de comunicación fanse en galego e publícanse en castelán. Moitas compras e vendas negóciáanse e realízanse en galego pero factúranse en castelán.». E di tamén o Plan de normalización da lingua galega: «A ocultación da lingua galega é tan intensa e tan rutineira que lle pode pasar desapercibida a quen observe a realidade sen suficiente atención aos detalles. No sector económico esta invisibilidade vólvese aínda máis intensa. A tendencia a mirar para as grandes empresas e as grandes operacións escurece a presenza do galego nunha parte importante do proceso económico e de produción e de venda. A lingua propia parece estar ausente da economía do país, e, a pesar de todo, está aí.»

Trece anos despois de escribir isto, e de que todos ratificásemos estas verbas, esta realidade non cambiou, ou cambiou de moi pequena maneira, e en gran parte porque dende 2009 as medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega deixaron de ser aplicadas.

Tamén, por certo, no Plan xeral de normalización da lingua galega está o recoñecemento dos dereitos lingüísticos dos galegofalantes. Neste senso, teñen moita razón os promotores desta lei cando din que non se fixo nada en todos estes anos para realizar unha campaña que explique e defenda estes dereitos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista vai votar favorablemente a toma en consideración desta proposición de lei, porque é lóxica, parécenos necesaria e, ademais, a súa aprobación estaba prevista nunha medida do Plan de normalización da lingua galega, exactamente a 4.2.16, onde se afirma tamén, textualmente, que «é necesario promover unha iniciativa lexislativa que recoñeza mellor os dereitos lingüísticos dos consumidores e usuarios». Era necesario en 2004 e segue sendo necesario en 2017. E segue sendo moi necesario fronte ao tecido económico, porque todas as análises din que este sector é un dos que utiliza menos o idioma galego. Póñeno de manifesto as queixas e reclamacións dos consumidores, dío tamén o Plan de normalización, como dicía antes. Baste pensar, para ver esta realidade, na existencia de moitas grandes empresas e multinacionais de todo tipo que ofertan os seus servizos a través de páxinas web ou a través doutros medios en castelán, en éuscaro e en catalán pero non en galego, e plataformas de televisión en que pasa exactamente o mesmo. É necesario, polo tanto, realizar un maior traballo con estas empresas, cousa que non depende tan só dos usuarios senón tamén do Goberno, que ten que cumprir esa obriga de defender o noso idioma.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística elaborou en 2015 un Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2015-2020, que fundamentalmente reflicte e amplía dalgunha maneira as medidas do Plan de normalización da lingua galega, pero onde, por certo, non están presentes os dereitos dos usuarios e os dereitos dos consumidores, elemento que xa denunciámos na Comisión 4ª cando se presentou este plan, un plan que ten un desenvolvemento moi cativo. Practicamente non coñezo ningunha medida que se puxera en práctica e, por riba —é un dos graves problemas—, non ten ningún proceso de avaliación de resultados, e ao final parece que este plan non está dando uns grandes resultados.

Hai que facer algo con esta situación, e nós cremos que tamén é necesario acomodar, recoñecer os dereitos dos usuarios. E é lóxico tamén que, cando se recoñecen dereitos, se organizan obrigas e se reflicten obrigas, obrigas que nesta lei se manifestan, se relacionan no artigo 1.

E, neste sentido, creo que é necesario ter en consideración que a maior parte do tecido económico galego está constituído por pequenas e medianas empresas e que é necesario facer unha distinción entre as grandes multinacionais ou grandes empresas e estas empresas e comercios maioritarios. E, neste sentido, nós temos algunha matización que poder facer a este artigo 1 e que, de chegar a ser admitida —como espero— esta proposición de lei, manifestaremos na ponencia, no sentido de que cremos que é necesario que a lei reflicta tamén, por unha parte, esta distinción entre unhas e outras empresas e, sobre todo, a necesidade

absoluta de tomar medidas en positivo, de que o Goberno, que deixou de facelo, teña asesoramento lingüístico, asesoramento en novas tecnoloxías para estas pequenas empresas, para que se poida facturar a contabilidade en galego, para que se poidan ter páxinas web en galego; asesoramento e axudas que existían pero que deixaron de darse por este goberno dende 2009, onde tamén, por certo, desapareceron todas esas medidas de reforzo positivo que creo que son absolutamente necesarias e que outras comunidades teñen, como tomar medidas para prestixiar as empresas e visualizar este prestixio das empresas que utilicen como lingua vehicular o galego ou que teñan plans de normalización.

En todo caso, como dicía, nós queremos, por unha parte, repetir as felicitacións e dicir que o noso voto vai ser a favor e que esperamos que sexa un voto unánime de toda esta Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas, señor presidente.

Boas tardes.

Quixera saudar, en primeiro lugar, en nome de En Marea, a Mesa pola Normalización Lingüística e o seu presidente, a xente no público que nos acompaña esta tarde, xente de sectores sociais e económicos que respaldan esta iniciativa, ademais das máis de 28.000 persoas que respaldan esta iniciativa lexislativa popular. Debemos agradecerlle, polo tanto, á Mesa e á sociedade civil esta iniciativa cidadá que vén estimular á Cámara o que nós deberamos de facer por nós mesmos, que é ampliar e asegurar os dereitos da cidadanía a vivir plenamente na súa lingua, na lingua da súa elección, tamén nas relacións socioeconómicas.

En efecto, a norma que hoxe se presenta como proxecto busca garantir o exercicio pleno do dereito á oficialidade lingüística en Galicia no eido socioeconómico, enfocado neste caso nas relacións de consumo entre particulares e entidades que ofrecen os seus produtos ou servizos ao público, sexan consecuencia do desenvolvemento dunha actividade económica libre ou ben por concesión dun servizo público en réxime de monopolio. Trátase, en consecuencia, de regular o acceso da cidadanía aos bens de consumo en plena liberdade e igualdade lingüísticas, é dicir, con garantía de que poidan facelo na lingua oficial da súa escolla.

Esta pretensión é totalmente coherente co réxime xurídico lingüístico do noso país e pretende facerse equivalente ao que no conxunto do Estado existe para o castelán en territorios onde esta é a única lingua oficial. Lembremos que a lexislación española de consumo garante o acceso de todos os cidadáns en español, de tal maneira que tanto os servizos ofertados como os bens producidos e postos en servizo, a circulación, e en oferta pública sempre teñen que ter un contido mínimo accesible nesta lingua, en castelán, prohibíndose incluso a comercialización daqueles que non o prevexan. Non en van calquera superficie comercial, mesmo de produtos asiáticos, sempre ten que ofrecer os seus servizos, as súas instrucións

en lingua oficial, neste caso do Estado, ata o punto de que incluso os ordenadores teñen que ter a letra ñ, para poder ser comercializados dentro do Estado español. É, polo tanto, unha situación de normalidade para a lingua da que se predica oficialidade lingüística. E isto, independentemente de cal sexa a competencia lingüística dos usuarios, que poden ser utentes de calquera lingua non oficial dentro do Estado, pero que en todo caso teñen asegurado recibir un trato nunha lingua que sexa oficial. De tal maneira que sería ilícito, pero sobre todo ilóxico, que puidésemos acceder a un operador comercial en castelán pero que nos explicase despois as instrucións ou o réxime de uso noutro idioma que non fose oficial e que non puidésemos comprender.

Queden con isto. Salientar que o que prevé a norma, o que prevé esta norma para o castelán é a necesidade de que as entidades comerciais, a nivel de Estado, coñezan e ofrezan a posibilidade de relación en castelán e poidan desenvolverse cos consumidores nesta lingua, sen prexuízo de que, se queren, poden optar por outras diferentes.

Esta é a normalidade que se reclama para a lingua galega e que debe ser atendida por razóns legais, sociolingüísticas e económicas. As propostas desta norma están vertebradas sobre catro piares. En primeiro lugar, a garantía da dispoñibilidade, oferta lingüística de sinalética fixa e instrucións de uso e riscos de seguridade dos produtos ofertados en Galicia, así como a documentación contractual. En segundo lugar, unha serie de medidas de fomento, some-tidas, polo tanto, a desenvolvemento administrativo. En terceiro lugar, a inclusión de cláusulas sociais de carácter lingüístico na contratación administrativa de servizos externalizados. E, en cuarto lugar, a regulación con carácter potestativo nas cláusulas administrativas dos contratos públicos da avaliación como elemento positivo adicional da promoción do uso do galego.

Temos a partir de aquí dez razóns para apoiar esta iniciativa lexislativa popular.

En primeiro lugar, porque temos un contexto legal favorable que así o permite e, ademais, o aconsella. A ILP desenvolve pois a nivel legal a previsión estatutaria en materia de oficialidade lingüística. Así o establece o artigo 5 do Estatuto de autonomía, que establece o mandato aos poderes públicos de promover en todos os planos da vida pública o uso da lingua galega, sen que se poida establecer ningún tipo de discriminación. No mesmo sentido, a Lei de normalización lingüística, no seu artigo 2, onde se establece que os poderes públicos garantirán o uso normal do galego igual que o castelán, polo tanto, tamén nas relacións socioeconómicas, como aquí hoxe nos ocupa. E, ademais, unha medida de desenvolvemento da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias, compromiso adquirido polo Estado español a partir do ano 2000, que no seu artigo 13, en relación coa vida económica e social, fala da promoción do aseguramento do uso da lingua, neste caso da galega, nos sectores económicos e sociais que dependen directamente do seu control, do sector público, e realizar accións que fomenten o emprego desas linguas rexionais ou minoritarias e, ademais, facer accesibles nas linguas rexionais ou minoritarias as informacións subministradas polas autoridades competentes referentes aos dereitos dos consumidores.

Tamén, constitúe un contexto, non soamente idóneo senón de desenvolvemento necesario, a lexislación de consumo, particularmente a Lei galega 2/2012, que, no artigo 11, recolle este

dereito para as persoas consumidoras: relacionarse en galego no ámbito socioeconómico; no artigo 33, os servizos de atención ao consumidor, ata o punto de garantir recibir na mesma lingua que naquela que se realizou o contacto ou oferta de contratación, polo tanto xa recollido nesta lei vixente a relación bilateral a instancias da persoa consumidora. Pero importante especialmente o artigo 46: a Administración autonómica incentivará a utilización da lingua galega na oferta da compra, na información de carácter fixo e documentación, nas relacións entre os consumidores e destes cos oferentes, que practicamente é a plasmación deste artigo 1 desta iniciativa lexislativa popular. Por non falar tamén do xa comentado aquí Plan de normalización da lingua galega, que, aínda que non ten valor xurídico, si que ten valor hermenéutico, na medida en que foi aprobado por unanimidade por esta Cámara e, polo tanto, en relación coa súa orientación lexislativa e das medidas de fomento da lingua galega, algún valor terá.

Hai un segundo bloque de razóns polas que nós apoiamos esta iniciativa, e é que a norma contribúe a ampliar dereitos da cidadanía sen reducir os das empresas. A norma, polo tanto, garante a liberdade e amplía dereitos para todo o mundo. Non se prohibe o emprego de ningunha lingua á empresa e ao mesmo tempo garánteselle á cidadanía o dereito a ser atendido na lingua oficial da súa elección. Aí a ILP asegura unha opción dispoñible, simplemente dispoñible, a dispoñibilidade dunha opción ao servizo dos clientes, que poden exercelo.

¿É obrigatorio o uso dos hospitais? Non, pero para quen demanda os servizos sanitarios teñen que existir estas instalacións. ¿É obrigatorio saír de noite á rúa? Non, pero para aquelas persoas que decidan libremente facelo deben de existir farolas. ¿É obrigatorio divorciarse? Non, pero debe de estar dispoñible a ruptura do vínculo matrimonial. ¿E todo isto por que? Para garantir a liberdade de escolla, para garantir a liberdade de elección.

A norma, esta norma, só vela para que a cidadanía galega dispoña dos servizos en galego para quen queira exercer a opción lingüística de empregar a lingua. Non é unha obriga de uso incondicional para empresas, senón que simplemente integra a oferta de servizos da empresa para poderse comunicar de xeito eficaz, de forma activa e pasiva, co cidadán. A oferta lingüística é un servizo esencial no ámbito da contratación, porque a lingua traslada o sentido da nosa vontade cando o contratamos, e no marco destas relacións socioeconómicas a formación libre e consciente da vontade é esencial para a validez dos contratos.

Outra razón máis: a ILP é a garantía material desta liberdade lingüística. Os pasos para afirmar a existencia da liberdade lingüística de elección entre linguas cooficiais son tres. En primeiro lugar, aspecto obxectivo; ten que haber competencia lingüística suficiente para poder optar polas linguas. En segundo lugar, aspecto subxectivo; a formación libre e consciente da vontade de decidir por unha lingua ou outra ten que vir sen ningún tipo de prexuízos internos ou externos, ten que haber unha ausencia de prexuízos ou de presións ou de coaccións. E, en terceiro lugar, a condición material de posibilidade; é dicir, no caso concreto das relacións de consumo que eu teña, que unha persoa teña ocasión de exercer o seu dereito, que teña poder adquisitivo, que haxa algo do meu interese no mercado e, ademais, finalmente —e isto é importante—, que teña con quen relacionarme e algo que ler ou escoitar na miña lingua.

Esta ILP busca garantir todo o proceso de formación e execución libre da vontade lingüística nas mesmas condicións que a lexislación estatal asegura para o castelán.

Outra razón máis. No caso dos prestatarios por concesión de servizos públicos que prevé o artigo 2 da ILP, a norma non fai máis que trasladar ao concesionario as obrigas que en orixe ten a Administración prestadora dos servizos. Non cabe que no proceso de externalizar a un axente privado a oferta dun servizo ou dun ben se reduzan os dereitos lingüísticos das persoas que neste caso son consumidoras. Isto é un trasunto do artigo 15 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común, que xa prevé incluso para a Administración xeral do Estado que calquera cidadán ou cidadá poida escoller a lingua que desexe entre as cooficiais.

Pero existen tamén razóns sociolingüísticas para apoiar esta iniciativa. A ILP visibiliza a lingua galega nas relacións comerciais e con isto contribúe eficazmente a desterrar o prexuízo de que non constitúe unha lingua idónea para o ámbito socioeconómico.

Oito. A ILP, como efecto colateral, crea unhas condicións favorables dentro das entidades oferentes que desterra condicións laborais en que non se respectan dereitos lingüísticos tamén dos traballadores e das traballadoras, como se puxo xa aquí algún exemplo polo propio presidente da Mesa pola Normalización Lingüística.

A ILP, en definitiva, neste ámbito, crea un clima diferente, diferente nas relacións contractuais, sen necesidade de que teñan que actuar nin os servizos de inspección laboral, aforrando custos así á Administración, e evitando sancións ás empresas, porque xa se van garantir os dereitos de todas as partes.

Nove. A oferta lingüística en galego funciona como distintivo de calidade, de proximidade, e dinamiza a economía do noso país, tal como lembran o Foro Enrique Peinador ou a Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adegueiros.

¿Por que a proximidade? Porque está demostrado socioloxicamente —así o fai Núñez Singala— como o emprego da lingua do interlocutor na que este ten a iniciativa crea un ambiente de proximidade entre cidadán e a fronte de servizos, o que xera confianza e interese e, en consecuencia, estimula o bo desenvolvemento da actividade comercial.

O estímulo económico, a garantía da oferta lingüística, fomenta que, polo menos nunha parte, as entidades que desenvolven a súa actividade en Galicia teñan que realizarse con persoas capacitadas lingüisticamente, o que habitualmente tira da demanda laboral interna, con repercusións positivas no emprego. Ademais, desincentiva a indesexable deslocalización dos servizos de atención telefónica ao consumidor ou ao usuario e aumenta a demanda de servizos de tradución e interpretación, ou emprega persoal cualificado que sae das nosas universidades en caso de empresas de nova implantación.

Finalmente —e con isto remato, señor presidente—, a calidade. A lingua di nunha soa palabra moito dun produto e dun servizo, non digamos xa se é etiquetado en galego.

Remato cunha anécdota. No proceso de toma de decisións económicas dos consumidores, ilustra a economista Mari Carme García Negro, cunha anécdota persoal, a idea de calidade

vinculada á oferta dun produto dun servizo do que se está orgulloso, e o caso concreto era ela mesma cando entrou a un comercio téxtil en Cataluña e lle preguntou á encargada: «mire, ¿e estas teas son boas?», ao que a encargada, case indignada, respondeu: «pois claro que son boas: facémolas nós».

Isto é o que pasa cos produtos e cos servizos que se ofrecen e se garanten na nosa lingua, que son portadores, en si mesmos, da idea de que hai xente real e próxima que responde por eles. Porque o galego suma, apoiamos esta iniciativa con sumo gusto. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Quería aproveitar tamén en primeiro lugar para dar a benvinda e saudar o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística e todas as persoas que nos acompañan no debate de hoxe, que debatemos a toma en consideración dunha iniciativa lexislativa popular de medidas para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico, tal como a denomina o propio colectivo promotor da iniciativa, neste caso a Mesa pola Normalización Lingüística.

Vaia por diante que queremos trasladar o noso máis profundo respecto polo traballo realizado pola Mesa para traer á Cámara o debate desta iniciativa, así como recoñecer tamén o importante labor que desempeña para o fomento do uso da lingua galega.

Gustárame comezar a miña intervención facendo unha contextualización do marco xurídico actual no que fai referencia ao uso do galego na sociedade, pois parece acaído, para tratar unha iniciativa como a que hoxe debatemos, ter unha visión clara do contexto normativo vi-xente e poñelo en relación coa proposición de texto lexislativo que se lle trasladou á Cámara.

Como vostede saben —e tamén se mencionou—, o Estatuto de autonomía de Galicia, norma básica do noso autogoberno, sinala, no seu artigo 5, que a lingua propia de Galicia é o galego; ademais, que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar. Así mesmo, os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Ademais, tamén, no punto 4 deste artigo 5, sinalábase que ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

O desenvolvemento deste marco estatutario cristaliza en textos como a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que recoñece xa no seu preámbulo a lingua galega como núcleo vital da nosa identidade. Este recoñecemento conleva o desenvolvemento dunha serie de dereitos encamiñados a garantir a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia, asegurando a normalización do galego como lingua propia.

O dereito a empregar a lingua propia de Galicia e velar porque ninguén sexa discriminado por razón da lingua empregada son, polo tanto, os eixos fundamentais sobre os que xira esta norma, que desenvolve o seu exercicio nos distintos ámbitos, especialmente aqueles que implican relacións entre os cidadáns e as diferentes administracións e entidades públicas no ámbito territorial de Galicia.

A Lei de normalización lingüística encomenda ao Goberno de Galicia, en exercicio da súa función normalizadora do uso da lingua, a elaboración de plans que poñan en valor a nosa lingua, que ofrezan debida formación aos funcionarios e empregados públicos e que fomenten tamén a normalización do uso do galego nas actividades deportivas, culturais, asociativas e mercantís. E, precisamente, para actuar neste ámbito, o Goberno galego puxo en marcha o Plan de dinamización da lingua galega no tecido socioeconómico 2016-2020.

Este plan nace do consenso do Plan de normalización lingüística, aprobado por unanimidade polo Parlamento no ano 2004, xa que, como vostedes saben, fortalecer o galego no ámbito económico é unha das directrices establecidas no referido plan, pero, ademais, no marco deste plan de dinamización do galego no tecido socioeconómico, contamos cun terreo fértil sobre o que avanzar e no que recoller os froitos temporais do esforzo e das achegas das 314 entidades e axentes implicados no tecido socioeconómico, ademais do propio Consello da Cultura Galega, da Real Academia Galega ou da propia Mesa pola Normalización Lingüística como entidades partícipes tamén deste plan.

O plan estrutúrase a través de tres obxectivos estratéxicos principais: crear conciencia de que o uso do galego favorece os resultados económicos e empresariais e as relacións laborais, comerciais e bancarias; estender o uso da lingua no ámbito económico, na relacións laborais, comerciais e empresariais, tanto na oferta como na demanda de servizos; e utilizar tamén o idioma para impulsar unha imaxe de marca diferencial propia de Galicia.

E, para isto, articúlanse, como vostedes saben, 84 medidas coas que incidir na promoción social da lingua dende a economía, por medio das dez áreas nas que se estrutura esta: hostalería, comercio, alimentación, TIC, construción e inmobles, banca, asesoramento, intermediación, axencias de publicidade e cooperativismo.

De entre as accións que prevé a súa posta en marcha —a posta en marcha do plan—, cómpre destacar aquelas centradas na promoción do galego no ámbito da responsabilidade social e empresarial, a formación lingüística de profesionais, a creación dun punto de información en materia de lingua destinado ás empresas, o impulso á etiquetaxe en galego e as campañas publicitarias de promoción do consumo deste tipo de produtos, apoiándose especialmente en campañas de promoción, con especial atención ao galego nas TIC e os medios dixitais ou a posibilidade de obteren as empresas a certificación das normas ISO na lingua propia de Galicia.

Continuando coa análise do contexto normativo vixente en referencia aos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico, cómpre sinalar que, no que ten a ver cos dereitos dos consumidores e usuarios, a Lei 2/2012, do 28 de marzo, de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, regula xa os dereitos lingüísticos dos consumidores, concreta-

mente —fíxose referencia antes— no seu artigo 46, onde reconece que os consumidores, nas súas relacións de consumo, teñen dereito a usar calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia sempre e cando a contratación se realizase ou o consentimento se manifestase no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como nos supostos de publicidade, ofertas, promocións ou comunicacións comerciais recibidas en Galicia.

Pero, ademais, en relación co artigo 2 do texto da iniciativa lexislativa popular que hoxe estamos a debater, no que se pide garantir o dereito dos consumidores e usuarios a ser atendidos en galego polas empresas contratadas pola Administración para a prestación de servizos públicos, cómpre sinalar que este dereito está xa tamén garantido polo artigo 38.1, apartado c), da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, segundo a cal todas as persoas usuarias dos servizos públicos autonómicos, con independencia da modalidade na que se presten, teñen dereito a utilizar e ser atendidas, segundo a súa escolla, na lingua galega ou castelá nas súas relacións orais ou escritas co prestador do servizo. Para estes efectos, tanto nos supostos de xestión directa como indirecta, adoptaranse as medidas organizativas do servizo necesarias para a garantía deste dereito. Pero é que, ademais, segundo este precepto legal, o galego será a lingua de uso preferente en todas as actividades relacionadas coa organización e prestación dos servizos públicos.

Podemos concluír, polo tanto, señorías, que os dereitos que se pretenden salvagardar con esta iniciativa lexislativa atópanse xa garantidos no marco normativo vixente. Cómpre ter presente tamén que nas relacións mercantís e comerciais hai que equilibrar os dereitos dos consumidores e usuarios coa existencia das dúas lingua oficiais, coa capacidade e recursos de cada empresa ou profesional e finalmente tamén coa liberdade de cada empresa, polo que, ao noso parecer, debe apostarse por apoiar o uso do galego a través dun enfoque de estímulo e fomento, por respectar os dereitos dos consumidores e usuarios e tamén por preservar a liberdade de todos os consumidores e empresarios para empregar a lingua que desexen, sempre dentro da igualdade e considerando a cooficialidade das linguas, unha aposta que, dende o noso punto de vista, é firme e decidida no contexto do Plan de dinamización da lingua galega no tecido socioeconómico.

Dende o Grupo Parlamentario Popular mantivemos diversos contactos cos representantes do tecido socioeconómico galego para tratar sobre a iniciativa lexislativa popular que hoxe debatemos, e deses contactos puidemos extraer unha conclusión: consideramos que o establecemento de novas obrigas pola vía normativa coa correspondente posibilidade de infraccións e sancións e a necesidade de incorrer en novos custos que non todas as empresas estarían en condicións de asumir podería favorecer un efecto contrario ao desexado, entendendo como unha mera obriga formal a utilización do galego, en lugar de como un valor engadido, que, á luz dos datos e da evolución dos últimos anos, vai pouco a pouco avanzando en diferentes sectores, creando imaxe de marca e buscando unha maior identidade e afinidade cos consumidores e usuarios de bens ou servizos.

Falaba ao inicio da miña intervención sobre a necesidade de seguir traballando no terreo fértil que proporciona o contexto do Plan de dinamización da lingua galega no tecido socioeconómico, porque consideramos fulcral seguir avanzando no fomento e no impulso do

uso do galego en todos os planos da vida pública, tal e como encomenda o mandato estatutario.

No contexto de vixencia do Plan de dinamización do galego no tecido socioeconómico é onde estamos a avanzar na defensa e promoción da lingua. Hoxe etiquétanse en galego cada vez máis produtos que acceden ao mercado; por exemplo, o 70 % do viño producido en Galicia xa se etiqueta en galego. Pero é que, ademais, en aplicación do plan, estase conseguindo un importante aumento da presenza do galego no sector agroalimentario, nas cadeas de alimentación, na banca, nos estaleiros, en liñas aéreas, e estase a conseguir tamén que algunhas multinacionais rotulen e fagan a súa publicidade en galego.

En definitiva, estanse producindo avances no contexto do Plan de dinamización da lingua galega no tecido socioeconómico, uns avances que avalan a permanencia e o reforzo da aplicación deste plan, deseñado para a súa aplicación no horizonte temporal 2016-2020, e que vai ser avaliado no marco do Observatorio da Lingua Galega mediante a creación dun grupo de traballo permanente, integrado polos representantes tanto da Secretaría Xeral de Política Lingüística como das consellerías e o resto de entidades involucradas no seu desenvolvemento anual, tales como a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega, as cámaras de comercio ou a Confederación de Empresarios de Galicia, entre outras.

Quero rematar facendo unha breve referencia de política lingüística comparada, porque, baixo a luz que proporcionan os últimos datos da enquisas do INE, todo parece indicar que a política lingüística da Xunta de Galicia consolida o feito de que o 82,8 % dos galegos considera o galego como a súa lingua materna, fronte ao 55,5 % dos cataláns que consideran a súa lingua materna o catalán ou o 33,7 % dos vascos que consideran o éuscaro a súa lingua materna.

En definitiva, señorías, dado que temos un contexto normativo que, ao noso xuízo, garante os dereitos lingüísticos da cidadanía, entendemos que non é necesario a día de hoxe dar trámite a unha iniciativa lexislativa destas características. Agora ben, compartindo con todos os grupos e coa entidade promotora o interese e o compromiso por aumentar a presenza do galego en todos os ámbitos da vida pública, por facer do galego, parafraseando a Castelao na súa obra «Sempre en Galiza», «a lingua que todos os galegos falen sempre coa mesma sinxeleza coa que cantan os xilgaros, sen decatárense da fermosura do seu cantar», agardamos, polo tanto, seguir atopando puntos de encontro, como o marco do Plan para a dinamización do galego no tecido socioeconómico, para levar adiante esta nobre tarefa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Réplica, señor Maceira.

O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Maceira Eiras): Obrigado, señor presidente.

En primeiro lugar, quero agradecerlle o apoio a esta ILP aos grupos do Bloque Nacionalista Galego, a Olaia Rodil, e a Luís Villares, de En Marea, e Concepción Burgo, do Partido Socialista. Recibo as súas palabras como garantía de que nun futuro, cando non dependa do Partido Popular, o dereito ao uso do galego no ámbito socioeconómico será unha realidade. *(Aplausos.)*

Quero destacar a ilusión das persoas que colaboraron coa Mesa pola Normalización Lingüística nesta ILP. Esta iniciativa é de todas as persoas comprometidas a favor da lingua. Quero darlles de maneira especial as grazas aos representantes do empresariado, consumidores e traballadores, polo seu apoio ao longo destes meses e pola súa presenza hoxe aquí, porque saben que o desenvolvemento social e económico de Galiza vai ligado á súa lingua. Permítanme recoñecer tamén o interese de persoas do Partido Popular, dentro e fóra desta Cámara, por tentar que o seu partido apoiase esta ILP tan xusta e necesaria. É hora de que todas as persoas que aman o galego e o seu país saian do armario lingüístico e manifesten publicamente o seu desacordo coa hostilidade do PP cara ao noso idioma e a calquera iniciativa para a súa normalización. *(Aplausos.)*

Se falamos de normalización do galego, falamos de uso. Non hai lingua se non hai uso en todas as funcións, se non está presente en todos os ámbitos. Poderase ler, cantar, admirar ou mesmo amar o galego, mais o uso precisa de dereitos dentro da sociedade. Iso é o que se lle nega ao galego. O dereito a sermos atendidos en galego polas empresas non discrimina a ninguén, o dereito a que a Administración pública garanta a atención en galego nas empresas concesionarias non exclúe, a información de dereitos lingüísticos e promoción da lingua por parte da Xunta non ataca. É obriga legal do Goberno galego fomentar o uso do idioma.

¿Como pode haber reticencias ao recoñecemento de todo isto hoxe, que se fan trinta e seis anos da constitución do primeiro Parlamento galego, a trinta e catro anos da promulgación da Lei de normalización lingüística, a vinte e un da unidade nesta Cámara sobre a Declaración universal dos dereitos lingüísticos, a trece do esquecido Plan xeral de normalización da lingua galega? ¿Que se fixo neste tempo, dos que trinta e tres anos corresponden ao PP, para aumentar gradualmente a presenza do galego? Ampáranse na falta de vontade de terceiros para abdicar do seu deber. Todos vostedes xuraron ou prometeron acatar o Estatuto, que no seu artigo 5 di: «o galego é a lingua propia de Galiza» *(Aplausos.)*, e do que derivan a lexislación e os acordos mencionados. Só as persoas cheas de autoodio poden estar en contra da oficialidade, do dereito de uso e do recoñecemento da dispoñibilidade lingüística, cuestións que ata o Tribunal Constitucional —ben pouco sospeitoso— considera legais.

Calquera plan de dinamización que non parta destes principios mantén a situación actual de discriminación, coaccións, ataque e obriga da renuncia ao idioma á forza, que rexeita ademais a Declaración universal dos dereitos humanos. Facer plans para non aplicarlos é un perfecto exercicio de cinismo se non se garantir a presenza e o dereito elemental de utilización plena. *(Aplausos.)*

Este debate mostra a nula vontade do PP de cumprir e ampliar a cativa lexislación que ampara o galego e promover a súa presenza. Isto ten como consecuencia que as outras linguas oficiais no Estado teñen leis que garanten o seu futuro. Por certo, hoxe aprendemos un novo

eufemismo: onde hai un terreo ermo agora no Partido Popular chámalle terreo fértil. Porque un ermo é o que é a política lingüística neste país. Que se diga con claridade que en Galiza só o español pode contar con todo o amparo e protección no seu uso e que todo o que di a lexislación e os acordos sobre o galego non pasa da retórica, que só agocha maltrato e desprezo contra Galiza e a súa lingua.

¿De que liberdade podemos falar sen opción mínima ao uso do galego? Velaí o que hai tras o seu discurso do bilingüismo, da liberdade do idioma e da imposición do galego. Todo vale en canto non se puxera en cuestión a superioridade do español. ¿Pretenden converter o galego nun residuo de uso ritual? Os últimos sete anos foron os de maior agresividade contra o galego na historia autonómica, co carimbo do Partido Popular e do presidente Feijóo: decretazo contra o galego no ensino e prohibición nas materias de maior carga horaria na LOMCE, reclusión ao 3 % na educación infantil, onde apenas chegan ao terzo os materiais didácticos en galego, mentres se fomenta —iso si— a presenza absoluta en castelán e mesmo en inglés.

O resultado da política de exclusión do noso idioma é o retroceso do galego que evidencian todos os estudos. Mais non é natural nin irreversíbel. Esta ILP acompañouse dun diálogo con diferentes axentes sociais, políticos e económicos que permitise a súa toma en consideración, un diálogo no que quixemos incluír desde o comezo o Partido Popular, mais que, polo visto, prefire consolidar a súa marca política de agresión a Galiza e á súa lingua. Diálogo e acordo son precisos, mais para avanzar e para se cumprir. Hai tres anos que estamos á espera da resposta á solicitude para reunírmonos co presidente Feijóo.

Continuaremos o traballo de impulso do galego en todos os ámbitos, non podemos nin imos ficar de brazos cruzados en canto vostedes se absteñen ou actúan directamente en contra da lingua galega e do seu uso. A situación do galego non é irreversíbel. Animo os miles de galegos e galegas que apoiaron esta ILP a continuaren reivindicando o dereito do galego a existir. Anímoos a actuar, organizarse e xuntar todas as forzas coas que contamos. O galego está e seguirá vivo porque somos moitas as persoas que o usamos e defendemos.

Queremos dereito a usar sempre a lingua. Queremos galego.

Obrigado, señor presidente. (*Aplausos.*)

Votación textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Maceira.

Prego aos servizos da Cámara que acompañen o señor Maceira á tribuna de invitados. Grazas.

Pechado xa este debate, pasamos á votación dos textos lexislativos.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando, en primeiro lugar, o Ditame emitido pola Comisión 3^a, Economía, Fazienda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia. Hai unha votación de emendas que pediu por separado o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, en concreto das números 15, 27 e 56. Votamos, polo tanto, estas tres emendas.*

Votamos.

(O señor oficial maior fala co señor presidente.) ¿Perdón? (Pausa.) Non me avisaron desa transacción. (Pausa.)

¿Hai unha transacción?

A señora PRADO DEL RÍO: *Hai unha transacción, que se lle fixo chegar á Mesa, co Grupo Socialista. E gustaríanos votar por separado esa emenda.*

O señor PRESIDENTE: *Non a teño.*

A señora PRADO DEL RÍO: *Trasladeilla ao letrado Juan Carlos Caride.*

(O señor oficial maior fala co señor presidente.)

O señor PRESIDENTE: *Hai unha transacción coa emenda 15 do Grupo Parlamentario Socialista. Votamos, polo tanto, esa transacción.*

Votamos.

Votación do texto transaccionado coa emenda 15 do G. P. Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 51; abstencións, 20.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta transacción.

O señor PRESIDENTE: E votaremos agora, logo, as emendas 27 e 56, que quedan, as que pediu por separado o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos estas dúas emendas.

Votación das emendas 27 e 56 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 38; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, agás as xa votadas, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos o ditame da comisión, neste caso coas transaccións e coas emendas incorporadas.

Votamos.

Votación do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas coa transacción incorporada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o ditame da comisión e, consecuentemente, queda aprobado o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas.*

Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votamos.

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea, agás... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Perdón? (O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.) ¿Hai unha transacción? Si. (O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.) Si. (O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.) Se a quere ler...*

O señor PAZOS COUÑAGO: *Si, xa a propuxen e se deu lectura. A primeira, do artigo 13: «No caso de que se ofrezan bebida e comida nos espectáculos públicos ou actividades recreativas*

naqueles establecementos nos que a súa actividade comercial principal non sexa a hostalaría e non se poida garantir a oferta de produtos para persoas con intolerancias ou alerxias alimentarias, ou a contaminación cruzada dos alimentos dispoñibles para a venda, non se poderá impedir o acceso co mesmo tipo de alimentos especiais para estas persoas».

A segunda vai referida ao artigo 16, que establece: «Con carácter xeral, o acceso das persoas menores de idade a establecementos abertos ao público, espectáculos públicos e actividades recreativas, así como as condicións para poder participar neles, están suxeitos ás limitacións e prohibicións previstas na normativa reguladora da protección integral da infancia e adolescencia e demais lexislación aplicable por razón da materia e, en particular, ás reguladas na normativa vixente en materia de prevención de consumo de bebidas alcohólicas, tabaco e substancias ilegais en persoas menores de idade. Será aplicable o réxime sancionador que en cada caso resulte de aplicación».

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Entón, imos proceder da seguinte maneira: votamos as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea, agás a 29 e a 30, que son obxecto dunha transacción e que serán votadas co ditame.

Entón, votamos todas as emendas de En Marea, agás a 29 e a 30.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas non incorporadas ao ditame da comisión, agás a 29 e a 30.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E votamos o ditame da comisión, neste caso coas transaccións incorporadas que se acaban de ler.

Votamos.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de espectáculos públicos e actividades recreativas, coas transaccións incorporadas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o ditame da comisión e, polo tanto, queda aprobada tamén a Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, esta proposición de lei non se toma en consideración.

O señor PRESIDENTE: Abran as portas, por favor, remataron as votacións.

Pasamos ao punto 2 da orde do día, que se corresponde co de mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia laboral na Administración de xustiza

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que se segue a continuación:

<<O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a atender as reclamacións dos sindicatos con representación entre o persoal de Xustiza de Galicia, abrindo un período de diálogo permanente, nos seguintes termos:

1º) Mellorando as retribucións dos traballadores da Administración de Xustiza coa media do resto de Comunidades Autónomas, especialmente no complemento autonómico transitorio.

2º) Consolidando as prazas que responden a necesidades estruturais, especialmente as de máis de tres anos.

3º) Repoñendo as prazas que foron amortizadas naqueles supostos e ámbitos de especial afectación.

4º) Negociar e acadar un acordo para que non exista discriminación no ámbito xudicial con outros corpos de funcionarios ou autoridades no tratamento das situacións de incapacidade temporal.

5º) E abonando o cen por cento das retribucións nos casos de substitucións dun corpo superior, instando a reforma da lexislación estatal.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Agardamos un segundo a que saian os nosos convidados.

O día 14 de novembro, concentracións; 1 de decembro, primeira folga de xustiza en Galicia; 13 de decembro, folga de novo, a segunda da historia na nosa comunidade autónoma, cun seguimento medio dun 90 %, aínda que o Goberno —non está aquí o vicepresidente para confirmalo— reduciu a cifra ao 46,97 %. O outro día el mesmo dicía, cando nos medios de comunicación as cifras do Goberno rondaban o 50 %: ¿para que entrar en guerras de cifras? Aquí mesmo dixó que foi un seguimento importante, dende logo apreciable e para ter en conta.

¿Para que imos entrar en guerras de cifras, se o importante é que a folga foi masiva? Estas son fotografías dese día nos xulgados: o de primeira instancia número 4, mercantil, de Ourense, que ten un posit que pon: «Con motivo de la huelga convocada para el día de hoy, este juzgado permanecerá cerrado. Para dudas o consultas, llamar al teléfono 988...». Xulgado do social número 4 de Ourense. Os xulgados de Santiago.

As fotografías é difícil que poidan enganar. A convocatoria foi feita polos 7 sindicatos, exactamente igual que as anteriores, e como dicíamos na anterior comparecencia, na interpelación, era mércores e suspendéronse practicamente todos os xuízos, tamén os penais. E curiosamente en Ourense, por exemplo, suspendeuse un xuízo de homicidio que levaba anos convocado e posta a data por parte do xulgado. A viúva da vítima estaba alí e tivo que marchar para a súa casa, agardando a que lle desen outro día para poder celebrar o xuízo pola morte do seu home.

De todo isto hai un responsable, evidentemente, que é o vicepresidente da Xunta, o conselleiro de Xustiza, e o seu director xeral, que non están abertos ou seguen sen estar abertos ao diálogo.

Os sindicatos convocantes seguen a falar da falta de vontade de negociación por parte da Xunta. O único que vai ás reunións é o director xeral, que é bo tipo, segundo nos din, e sabémolo porque vén á comisión, pero non resolve nada. O conselleiro nunca vai, e polo que din os sindicatos, cren que se reuniu con eles un día hai nove anos. Practicamente coñécenlle a cara de vela nos medios de comunicación e a través do televisor.

O certo é que, ata o de agora, houbo dúas mesas, unha o 7 de decembro, e a Xunta, segundo os sindicatos, presentou un documento abstracto, sen contido, sen cantidades, sen prazos e sen nada. Outra o día 12 de decembro, e aínda foi peor. Houbo desprezo aos traballadores e ás traballadoras, non se lles deu ningún tipo de oferta económica, e están fartos. Non hai máis.

Agora están citados para mañá, para unha nova reunión, para seguir dialogando e chegar a un acordo, pero curiosamente a Xunta faino a través do Consello Galego de Relacións Labo-

rais. Esta é a convocatoria, e é a presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais quen convoca os sindicatos a unha reunión co Goberno —non sabemos se será o conselleiro ou outra vez o director xeral— na sede do propio Consello Galego de Relacións Laborais, que é un órgano de diálogo institucional entre os axentes sociais, non está pensado para mediar entre o Goberno e os sindicatos, aínda que é un órgano consultivo e asesor do Goberno en materia de política laboral.

Os representantes sindicais están moi estrañados, non entenden por que teñen que ir ao Consello Galego de Relacións Laborais cando nos outros dous momentos de negociación non foi así, e sobre todo porque non lles comunicaron previamente que esta señora —a presidenta— vaia facer de mediadora entre eles, e entón están bastante sorprendidos. Dálles un mal pálpito, e non saben se é porque tanto o director xeral como o conselleiro tiraron a toalla da negociación e necesitan dunha terceira persoa que lles dea algún tipo de idea.

Non está mal que se poñan todos os medios para chegar a un acordo, a situación precisa, pero quizais deberían avisar os sindicatos da intención da mediación, e quizais o Goberno non debería instrumentar órganos como o Consello Galego de Relacións Laborais para os seus propios intereses.

Ninguén nega que cando hai un conflito hai que buscar solucións. Aquí hai dificultades, todos somos conscientes, pero quizais a través doutras alternativas diferentes se puidese chegar a un acordo. Unha, podería ser chegar a plans xenéricos, por exemplo, nos que se inclúa a todos os funcionarios, diferidos no tempo. Por exemplo, a partir do 1 de abril vaise aboar esta cantidade; a partir do 1 de xullo esta outra; e así ata chegar ao 31 de decembro do ano que vén, do ano 2018. E incluso chegar a unha compensación para a redución do complemento autonómico transitorio polos recortes que teñen sufrido estes funcionarios e funcionarias nos últimos catro anos.

Estes son dous exemplos, e aquí hai cincoproblemas básicos. O primeiro problema é este complemento autonómico transitorio, que vostedes deberían ter equiparado co resto de comunidades autónomas. Non o fixeron, e sabemos que está afectado pola Lei de orzamentos xerais do Estado, pero a Comunidade de Madrid estableceu unha suba e o Principado de Asturias está pensando en levalo ao seu Consello de Goberno.

Vostedes non negocian nada con Hacienda. Estaría ben que chame ao señor Montoro alguén do Goberno, ou que lles digan vostedes aos deputados e deputadas do Partido Popular que llo comenten ao Goberno, que falen co señor Montoro, e negocien algunha saída con Hacienda. Fagan un xesto. En Asturias o propio conselleiro dicía literalmente: «Haberá que falar todo iso, pero tamén hai que ser conscientes de que é necesario poñer máis cartos enriba da mesa». Bueno, pois non se pode esperar moito máis tempo a que os traballadores e traballadoras de xustiza vaian, a partir do 1 de xaneiro, a unha folga indefinida que afecte a todos os usuarios da xustiza.

O segundo problema é consolidar as prazas que responden a necesidades estruturais de máis de tres anos, especialmente. O outro día o conselleiro veu aquí e díxonos que había 36 prazas, pero errou nunha cousa, Non son 36 prazas; son 36 reforzos que se van crear como prazas

e que non van estar dispoñibles como mínimo ata o día 31 de decembro do ano 2018, porque aínda teñen que saír a concurso.

O terceiro problema é repoñer todas as prazas que foron amortizadas. Dixo o conselleiro 106, pero tampouco nos dixo que foran aprobadas a través dun plan de modificación dos cadros de persoal no ano 2012, e estamos case xa no ano 2018.

O cuarto problema que hai aquí é acadar o cen por cento das retribucións nos casos de que haxa unha situación de incapacidade temporal, polo seguinte: porque, se hai unha incapacidade temporal dun traballador, marcha e non cobra o cen por cento das súas retribucións. E se todos os funcionarios, todos os traballadores e traballadoras dun xulgado, se poñen enfermos, non cobran o cen por cento da súa retribución, pero se un secretario, un xuíz ou un fiscal se pon enfermo, polo mesmo traballo, cada un no seu ámbito, si que cobra o cen por cento da súa retribución.

Nós cremos que neste caso a alternativa que podería ter o Goberno sería sinxela. Cando se crearon as unidades administrativas, reguláronse por decreto. Pois neste caso, tendo en conta que son corpos regulados a través dunha lei orgánica, quizais tamén se podería sacar un decreto que solucionase o problema.

O último problema está no caso de que se substitúan outros traballadores que están nun corpo superior. O conselleiro o outro día dicía que hai unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que o prohíbe. Nós falabámoslle dunha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que é de 14 de decembro de 2016, que recolle o principio de non discriminación e igualdade de trato. Se as situacións son equiparables, non se poden tratar de forma distinta; e se as situacións son distintas, non se poden tratar de maneira idéntica. A non ser que esta diferenza estea xustificada de maneira obxectiva, pero esta causa obxectiva no se pode amparar nunha lei ou nun convenio, que é xustamente o que se está facendo aquí.

Estaría ben que vostedes, deputados e deputadas do Partido Popular, chamasen por teléfono a algún dos europarlamentarios que teñen en Europa e que fagan algunha pregunta ao Parlamento europeo, algunha petición ao Parlamento europeo, ou incluso á Comisión da Unión Europea, para que se aplique esta sentenza e nos clarifique a situación na nosa comunidade autónoma.

Pedímoslle que vostedes aproben que se inste o Goberno a atender as reclamacións dos sindicatos entre o persoal de xustiza, abrindo un período de diálogo permanente que leve a bo porto estes 5 puntos que están na nosa proposición non de lei e dos que agora acabo de falar.

Da emenda do Partido Popular —que curiosamente coincide practicamente no cen por cento co noso texto— falarei logo na segunda volta, ao pechar o debate. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Sobre esta mesma cuestión, señora Vilán, sabe vostede que no pasado pleno chegamos a un acordo por unanimidade, aprobando a PNL 20.338, co cal entendo que, se acadamos un acordo, intentar cuestionalo 14 días despois creo que non dá unha boa imaxe cara aos cidadáns. Non enviaremos un bo sinal ao pobo galego, e aos funcionarios de xustiza en particular, se o Parlamento de Galicia anda mudando o seu criterio cada dúas semanas. Eu non sei se isto de mudar o criterio pode considerarse normal no Partido Socialista, pero, dende logo, no Partido Popular non damos titulares, senón que nós damos certezas e seguridade, e iso o saben ben os galegos.

En relación co complemento autonómico transitorio, é verdade que se está cobrando menos que, por exemplo, os funcionarios de Cataluña ou do País Vasco, pero tamén é verdade que se está cobrando máis que, por exemplo, os funcionarios de Castela-León, de Castela-A Mancha, de Murcia ou de Extremadura.

En todo caso, a Xunta de Galicia é consciente de que, logo de varios anos de crise e de solicitarlles aos empregados públicos sacrificios económicos, debe negociar unha mellora do complemento específico destes funcionarios, e é unha negociación que debe estar, entre outras cousas, ligada ao desenvolvemento da nova oficina xudicial, e todo isto, por suposto, dentro dos límites legais que marque a normativa aplicable e da porcentaxe de masa salarial autorizada pola Lei de orzamentos xerais do Estado, porque saberá vostede que a día de hoxe existen atrancos legais que non permiten o aumento das retribucións da función pública en xeral, polo que calquera acordo conseguido neste eido quedará en suspenso ata o momento no que sexa legalmente posible a súa eficacia.

O Goberno galego está a tender a man ás organizacións sindicais para acadar esta mellora das retribucións. Hai diálogo, ¡claro que hai diálogo!, ao Grupo Popular cónstalle que hai diálogo por parte da Xunta de Galicia. Mire, houbo diálogo na Mesa sectorial de negociación o 24 de outubro deste ano; houbo diálogo en distintas conversas non oficiais cos membros do Comité de folga; houbo diálogo tamén na reunión para consensuar os servizos mínimos do 28 de novembro do 2017 e tamén na reunión do 7 de decembro, convocada expresamente para consensuar unhas bases de negociación que previamente se lles trasladaran ás organizacións sindicais. Tamén se volven convocar as organizacións sindicais para o día 12 de decembro, e curiosamente o día anterior xa se lle mandara por parte do Comité de folga un preaviso para a folga. Non sei se hai moita vontade de diálogo cando xa se mandou o día anterior á reunión un preaviso, pero bueno. E por último, como vostede acaba de comentar, están convocados para o día 20 de decembro ante o Consello Galego de Relacións Laborais. De non iniciarse aí a negociación, será claro que a responsabilidade de manter e acrecentar o conflito vai ser das organizacións sindicais representadas no Comité de folga.

Agora ben, que vostede, señora Vilán, diga cousas como que unha vítima dun xuízo tivo que marchar para a súa casa porque non houbo xuízo, e hai un responsable que é o vicepresidente da Xunta, ¡é o último que nos falta por escoitar!, porque, que eu saiba, o vice-

presidente da Xunta non convocou ningunha folga. Entón, paréceme certamente ruín esa matización. E como proba dese talante negociador, señora Vilán, sabe xa que desde a mesa sectorial celebrada en outubro se pactou e se ofreceu un acordo sobre o complemento específico que busca un acordo que nos sitúe na media de percepción económica de todos os territorios; tamén que o acordo debe implementarse gradualmente e cando sexa legalmente posible.

En canto á consolidación de prazas, xa está aprobado, hoxe aprobamos os orzamentos de 2118 e aí figura unha partida de dotación económica para consolidar ata 36 prazas de persoal de reforzo que existen dende hai máis de tres anos consecutivos.

Falan outra vez das amortizacións de prazas. Non é unha amortización tal, é unha reordenación de servizos que non supón unha redución neta de prazas, senón que, paralelamente, onde é necesario, se van crear prazas. Consolídanse reforzos, entre eles os das fiscalías, no marco do proxecto de implantación da nova oficina xudicial. Tamén se dotaban prazas nos novos órganos xudiciais que se van crear e se reforzaban os servizos comúns de apoio aos decanatos.

De todos xeitos, previa negociación sindical, aquelas prazas inicialmente incluídas no plan e que obxectivamente fosen necesarias, por pertencer a ámbitos de especial afectación, volverían dotarse.

E en relación coa IT, a situación da IT é unha materia que afecta a toda a función pública autonómica, e, polo tanto, debe ser obxecto tamén de negociación na mesa xeral, sen prexuízo de que na mesa sectorial da Administración de xustiza se poida iniciar un diálogo tendente a poñer de manifesto as peculiaridades deste sector.

En canto á equiparación das substitucións verticais coa percepción do cen por cento, sabe vostede perfectamente, eu creo que alí non hai ningún indocumentado na Xunta, hai un corpo de letrados e un Tribunal Superior de Xustiza que dixo que non se podía equiparar. Hai unha sentenza do TSX de Galicia que o impide. Vostede saberá máis que o TSX e que o corpo de letrados da Xunta de Galicia, ¡pois enhoraboa a vostede!, pero hoxe por hoxe a Xunta intentouno incluso en execución de sentenza e non o conseguiu. En todo caso, si que hai o compromiso por parte da Xunta de Galicia de trasladar esta problemática suscitada en Galicia para buscar unha solución. O compromiso de diálogo está, se vostede quere traer outra vez un tema que xa se pactou aquí hai uns días, hai dúas semanas, no Parlamento, imos remudar outra vez o que se di no Parlamento, pero creo que iso non é bo se o que busca vostede é realmente unha solución ao conflito cos funcionarios de xustiza.

O Goberno da Xunta de Galicia amosa claramente a súa vontade de negociar acordos legais, e, por outra banda, está a ofrecer negociación ás organizacións sindicais presentes na Mesa sectorial de Xustiza para procurar un acordo que dea resposta ás reivindicacións destes colectivos dentro da legalidade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: Agora, se vemos que cada dúas semanas vostedes pretenden mudar a postura do Parlamento de Galicia, está claro que non van contribuír a dar seguridade e estabilidade a un marco para chegar a un acordo.

Polo tanto, nós propoñemos unha emenda transaccional, unha emenda de substitución, para reiterar o acordo que xa pactamos, pero non podemos mudar agora o acordo do Parlamento de Galicia pactado hai catorce días nesta mesma Cámara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

Continuamos o debate do pasado pleno, un debate oportuno por varias razóns. En primeiro lugar, porque permite poñer o foco na deterioración da Administración de xustiza, oculta moitas veces baixo esas cortinas de fume da propaganda do Partido Popular. Unha deterioración que é evidente e que ademais está tendo consecuencias graves nun servizo público fundamental, con sobrecargas de traballo para o persoal, con atascos e atrasos nas tramitacións e cunha xustiza lenta e ineficaz que, a fin de contas, é unha xustiza afastada da sociedade e unha xustiza inxusta.

En segundo lugar, este debate tamén permite poñer o foco nunha cuestión que é importante nestes tempos, que é a unidade sindical na defensa de reivindicacións que son xustas, en defensa dunha administración de xustiza máis áxil e máis eficaz. E hai que dicir que, a pesar de todas esas cortinas de fume e desas distorsións ás que nos ten acostumados o Partido Popular, non se trata só de reivindicacións salariais, tamén son reivindicacións de dereitos, de dereitos roubados co pretexto da crise. E tamén é evidente que, ademais desta unidade exemplar, hai tamén un grande apoio ás mobilizacións e ás xornadas de folga, con todo o que iso supón, por parte do persoal da Administración de xustiza. Debería de tomar nota o Partido Popular deste apoio. Deberían de reflexionar sobre esta unidade e sobre este apoio masivo e baixar dese pedestal de soberbia e de prepotencia no que están instalados.

Este debate tamén permite poñer en evidencia a cerrazón e a inflexibilidade por parte da Xunta de Galiza, da Dirección Xeral de Xustiza e do señor Rueda —que curiosamente estaba hai un pouco aquí pero marchou deste pleno, non quere escoitar este debate—; unha dirección xeral —como se dixo aquí— que se negou sistematicamente a recibir as organizacións sindicais e a negociar esas reivindicacións. Tamén queremos aquí denunciar esa hipocrísia do Partido Popular, que vota no Parlamento algunhas cousas e despois veta na mesa de negociación as posibles solucións.

Como fixemos no pasado pleno, desde o BNG, desde logo, imos apoiar esas cinco reivindicacións das organizacións sindicais. En primeiro lugar, queremos que se acabe con esa discriminación salarial do complemento autonómico transitorio, que é o segundo máis baixo

de todas as comunidades do Estado, con diferenzas que chegan ata os 10.000 euros nalgunhas categorías profesionais; van entre os 3.000 e os 10.000 euros ao ano, dependendo das distintas categorías. A Dirección Xeral de Xustiza pon a obxección de que hai impedimentos legais, e a realidade é que se aplican estes complementos noutras comunidades. Por exemplo, foron aprobados en Asturias ou en Madrid, debe ser que alí teñen outra lei ou a aplican de distinta maneira, pero a realidade é que desfrutan de mellores complementos salariais.

En segundo lugar, pensamos que tamén é de xustiza acabar co castigo á enfermidade imposto polo partido Popular en 2013. É certo que lles afecta a outros sectores da Administración, pero é un agravio comparativo ademais, porque na xustiza, como sabemos, nas mesmas unidades xudiciais hai persoal que ten este castigo da incapacidade laboral e hai outro persoal, como pode ser os que dependen das competencias do Estado, ao que non se lle aplican estes descontos cando hai unha incapacidade temporal, e no territorio do ministerio tampouco se aplica. Polo tanto, vostedes, que son defensores a ultranza dos mesmos dereitos da cidadanía independentemente do territorio no que vive, tamén o deben aplicar a estas cuestións.

E o mesmo no caso da consolidación dos reforzos de máis de tres anos que hai constatados, reforzos que levan xa máis de dez anos; e o que se pide aquí, ademais, é un calendario progresivo para a consolidación destes reforzos, que nos parece que é unha proposta suficientemente razoable.

Tamén a exigencia do cen por cento das retribucións nas substitucións, levando a cabo o principio de a igual traballo, igual salario. E o incremento de persoal recuperando esas prazas amortizadas, que as organizacións sindicais cifran en 106. Vostedes escúsanse en que hai limitacións e obxeccións legais. No caso de que as haxa, témolo fácil. Vostedes teñen a maioría, poden cambiar as leis e acabar con estes impedimentos legais.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados e deputadas, os sindicatos con representación entre o persoal laboral ao servizo da Administración de xustiza, cumprindo a súa función de defensa dos traballadores e traballadoras desta administración —algo que sabemos que ao partido Popular non lle gusta, especialmente non lle gusta ao señor Rueda, vicepresidente encargado desta materia de xustiza e administracións públicas—, acordaron iniciar na rúa reivindicación dos seus dereitos cunha folga que —como xa dixemos hai días neste pleno— o día 1 deste mes de decembro se celebrou e que tivo un amplo seguimento, porque, diga o que diga o señor Moreira, non hai diálogo. Si, agora enviáronlle unha convocatoria de reunión que non se sabe nin para que, nin sequera sabe a representación sindical de que lle queren falar dende a Xunta nin poden preparar absolutamente nada.

Como no grupo de En marea considerabamos xustas as súas reivindicacións, presentamos no pleno do día 5, a través do noso voceiro Luís Villares, que ao noso entender consideramos obxectivamente, e dende a humildade, que é a persoa que máis sabe da xustiza e do seu funcionamento en Galicia desta Cámara, incluíndo o propio Goberno da Xunta, unha proposición non de lei para defender os dereitos dos traballadores e traballadoras da xustiza e propoñer solucións ás desfeitas do Goberno galego, os superxestores que todo o saben e todo o entenden, pero aos cales este tipo de folgas os deixan en evidencia e en vergoña cos seus propios datos; algo que, por certo, non sae na TVG.

A nosa iniciativa foi aprobada por unanimidade desta Cámara en todos os seus puntos, salvo no relativo á equiparación salarial no caso de substitucións verticais, e por suposto acompañamos as nosas propostas coas emendas orzamentarias correspondentes nesta materia, nesta tamén, e esperamos que as votasen a favor, xa que tan preocupados están no Grupo Popular do bo funcionamento da xustiza, e iso que ata lles molesta que traíamos iniciativas semellantes aos plenos e as comisións, cando está dentro do funcionamento correcto destas e da función da oposición.

Igual tamén lles pica —e se veu que lles pica— esta moción do Grupo Socialista, e o señor Moreira non defraudou, xa esperabamos ese argumento. Igual anda mal de ideas no equipo de argumentario do Partido Popular, non entendemos moi ben por que lles molesta tanto, porque a realidade é que, se non se executan as propostas aprobadas neste Parlamento, e se non se dotan orzamentariamente, non serven para nada.

Por iso deberan explicar a súa falla de compromiso co bo funcionamento da xustiza, que ten como consecuencia directa unha limitada capacidade para loitar contra a corrupción, a fraude pública e todo este tipo de delitos nos tribunais; esa xustiza que a ten tomada co partido imputado inxustamente, segundo vostedes, o PP de M. Rajoy, o PPdeG de Pablo Crespo da Gürtell, xunto coa lista inacabable de casos da corrupción galegos. Porque se os traballadores de xustiza están en condicións precarias, o sistema xudicial é precario, e é por iso que quedan 2.000 xuízos sen levarse a cabo dos 10.000 que deberían celebrarse ao ano, por falla de orzamentos para xuíces substitutos, outro exemplo da súa boa xestión. Algo que inflúe en algo tan sensible tamén como a desprotección das mulleres vítimas de violencia machista que denuncian os seus agresores nos tribunais galegos, nos cidadáns e cidadás que sofren abusos bancarios ou todo tipo de inxustizas e problemas no ámbito público e privado.

O Goberno galego e o seu grupo proclaman a bombo e platillo que saímos da crise e que no 2018 teremos o nivel de PIB máis alto da historia. Pois xa é hora de que esta recuperación económica, esta riqueza, sirva para rematar con discriminacións salariais como esta, e que se revertan os recortes feitos ao persoal público, tanto ao persoal de xustiza como ao de toda a administración galega e estatal que sufrimos recortes e roubo dos dereitos dos dous últimos gobernos e, por suposto, de M. Rajoy, do crack da facenda Cristobal Montoro e tamén do PP de Galicia. E cando se fala de pagas extras —sinto que non estea a señora Paula Prado aquí—, a verdade é que en relación cos dereitos que nos usurparon a moitas funcionarias e funcionarios deben asesorarse mellor polos sindicatos. Faille falta, porque ou menten ou están moi mal asesoradas.

Na exposición da proposta de En Marea cito que rematou o noso voceiro dicindo que, en definitiva, estas reivindicacións son xustas para unhas condicións de traballo dignas que permitan unha xustiza áxil e eficaz. Polo tanto, como nesta mesma liña vai esta moción do PSdeG, ímola apoiar en todos os seus puntos porque consideramos importante reforzar este tipo de iniciativas, malia que se aprobasen previamente, para lembrarlle ao Grupo Popular —ao que tanto lle molesta repetir iniciativas nas materias, que non fan os deberes ben de xeito premeditado moitas veces—, que as executen, porque é a súa obriga como goberno que son en Galicia e no Estado, xa que son o mesmo partido imputado grande e unido e que nos gobernan aquí e alá.

E por último, rogarlles que fagan o que teñan que facer e deixen vostedes de facer populismo, pero populismo do malo, que non é darlle poder ao pobo, que é o populismo no que nós cremos e que nós practicamos, e deixen de facer oposición á oposición para tapar as súas carencias e miserias, que para algo teñen esa maioría absoluta tan enorme, da que fan gala sempre. Gobernen e arranxen problemas como neste caso, por favor, e deixen de enredar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo autor da moción, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Antes de nada, agradecer aos grupos do BNG e En Marea o seu apoio.

Señor Moreira, hai un artigo do Regulamento, que é o 151, que di que toda interpelación poderá dar lugar a unha moción para que a Cámara se manifeste sobre o contido desa moción, e iso é o que estamos a facer. Creo que é bastante sinxelo de entender se un sabe ler. Hai unha diferenza entre o anterior Pleno e este, e é que no medio houbo un novo día de folga, polo tanto, non é exactamente a situación idéntica á do anterior Pleno. E non houbo negociación e non houbo diálogo, porque, se houbo negociación e houbo diálogo entre o anterior Pleno e este Pleno, non estaríamos nós aquí con esta moción se vostedes conseguiran chegar a un acordo cos sindicatos —7 sindicatos— de xustiza. Sería fácil, e creo que bastante fácil, de entender.

Por certo, non se votou a proposición non de lei de En Marea por unanimidade porque se votou por puntos, e iso quere dicir que houbo un punto, dos creo que cinco, ao que vostedes votaron en contra. Así é que non se aprobou por unanimidade. Vostedes aprobaron os puntos que lles interesaban a vostedes, e o que non lles interesaba decidiron que non o votaban. Non se aprobou por unanimidade porque vostedes non dan titulares, quizais sexa porque a Televisión de Galicia estea controlada directamente por vostedes, e cando non lles interesa, os titulares non saen.

Non hai diálogo. Se houbo diálogo, diríanlles aos sindicatos a que van ir a unha reunión co Consello Galego de Relacións Laborais, porque aquí non pon a que van, pon tratar a situación do conflito actual, *y fin de la cita*, como dixo algún ilustre. Non pon nada máis, non

saben a que van. ¡Se vostede di que isto é diálogo...! Non hai un documento para negociar, hai isto; isto é o que hai despois de dous días de folgas históricas na nosa comunidade autónoma. Moito diálogo non parece.

Pero como nós temos a vontade de chegar a acordos... Por certo, vostede copiou literalmente o noso texto, literalmente, e hai dous puntos nos que fai algún cambio. E no quinto, vostede equivocouse, porque non se pode instar o Goberno da Xunta a modificar a lexislación estatal. O Goberno da Xunta terá que instar o Goberno de España a que modifique a lexislación estatal porque dende aquí non temos competencia para facelo. Nós propoñémoslle unha transacción no punto 4, acadando un acordo para eliminar a discriminación no ámbito xudicial con outros corpos de funcionarios ou autoridades, con relación a situacións de incapacidade temporal; e no punto quinto, abonando o cen por cento das retribucións nos casos de substitucións dun corpo superior, instando o Goberno do Estado á reforma da lexislación estatal e aplicando o principio de non discriminación e igualdade de trato recollido na Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 14 de setembro de 2016.

Se entre o noso texto que copiaron mal e o seu conseguimos acadar un acordo, seguro que os traballadores e traballadoras da xustiza o van agradecer, que o servizo público vai acabar funcionando mellor e que nós poderemos dicir aquí que efectivamente chegamos a un acordo por unanimidade. Non quiten vostedes os puntos que a vostedes non lles interesan.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa AP-9

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción. (doc. núm. 21271)

Emenda de substitución.

Substituír o punto 2 polo seguinte texto:

<<2. Demandar do Goberno do Estado a non autorización da suba anunciada do 3,81% das peaxes no ano 2018, así como a renegociación dos convenios asinados con AUDASA en 2011 e 2013.>>

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Abel Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción. (doc. núm. 21271)

Emenda de supresión do punto 1.

Débese suprimir o punto 1 da parte resolutiva da moción.

Emenda de modificación do punto 2.

Débese modificar a seguinte expresión no punto 2 da moción:

Onde di: «...a non aplicación da suba do 3.1 % das peaxes no ano 2018, ...» debe dicir: «...a non aplicación da suba do 3.8 % das peaxes no ano 2018, ...»

Emenda de modificación do punto 4.

Débese modificar a seguinte expresión no punto 4 da moción:

Onde di: «4. Solicitar ao Ministerio de Fomento a adopción das seguintes medidas...» debe dicir: «4. Solicitar ao Ministerio de Fomento a adopción pola empresa concesionaria das seguintes medidas...»

Emenda de modificación do punto 6.

Débese modificar a seguinte expresión no punto 6 da moción:

Onde di: «6. Exixirle ao Ministerio de Fomento e á empresa concesionaria a realización...» debe dicir: «6. Exixirle ao Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, e a concesionaria a realización...»

Emenda de modificación no punto 6.

Débese modificar no punto 6 da moción a seguinte expresión

Onde di: «...que contemple as seguintes actuacións:...» debe dicir: «...que contemple, no ámbito das competencias de cada administración, as seguintes...»

Emenda de adición do punto 8.

Débese engadir ao final do punto 8 a seguinte expresión:

Engadir in fine: «...de Chapela e Teis, sen repercusión no aumento das tarifas.»

Emenda de modificación do punto 9.

Débese modificar o punto 9 da parte resolutiva da moción que quedará redactado co seguinte contido:

«9. Desenvolver, de forma urxente, as actuacións para a conversión en tramo urbano do traxecto da autoestrada AP-9 que vai dende o nu de conexión da avenida de Bos Aires a rúa Alfonso XIII, coa posibilidade de efectuar a circulación en ambos sentidos, realizando os accesos necesarios á AP-9 dende Teis.»

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da moción que quedará redactado co seguinte contido:

«10 bis. A demandar do Goberno de España que asuma o custo polos investimentos realizados nos últimos anos, tal como a construción de novos carrís no tramo de circunvalación de Santiago de Compostela e no tramo Vilaboa – Teis, coa ampliación da ponte de Rande; e consecuentemente deixe sen efecto o aumento extraordinario que se aplicará ás tarifas no futuro como compensación das inversións nestas obras.»

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da moción que quedará redactado co seguinte contido:

«10 ter. Instar ao Goberno de España a levar a cabo a rebaixa da liña de afección da AP-9 na parroquia de Chapela ao mínimo legalmente posible.»

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da moción que quedará redactado co seguinte contido:

«10 quater. Instar a Xunta de Galicia a reverter os terreos actuais do Colexio Igrexa ao Concello de Redondela unha vez este sexa trasladado á súa nova situación.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde.

Quero, en primeiro lugar, darlle a benvida á representación veciñal da parroquia da Chapela que nos acompaña hoxe, concretamente da Asociación veciñal de Chapela e da ANPA do Colexio da Igrexa, moi prexudicados por todas as actuacións relacionadas coa ampliación da ponte de Rande. E igual que lles dou a benvida, quero lamentar a ausencia neste debate tan importante, tan urxente (*Aplausos.*) e tan oportuno do Goberno galego, que está completamente ausente, nin sequera a conselleira de Infraestruturas e Vivenda tivo a deferencia de acompañarnos neste debate, e isto dá a medida do que lles interesa esta cuestión.

Ao final, na AP-9 estamos falando dunha cuestión de historia, dunha lección de historia: a historia dun espolio, dun saqueo, dun roubo legalizado; un roubo favorecido, ademais, polos gobernos do Estado, por gobernos de todas as cores, desde o ano 2000, coa ampliación da concesión por vinte e cinco anos, ata o máximo legal de setenta e cinco anos, ou no 2003, coa privatización —por certo, a prezo de amigo— que fixo o Partido Popular sendo conselleiro da COTOP do Goberno galego o señor Núñez Feijóo, que tamén foi cómplice desa privatización.

Todo este proceso tivo a absoluta complicidade dos gobernos do Partido Popular na Xunta de Galiza, que actuaron con absoluta submisión e vasalaxe, traizoando, ademais, a este Parlamento e a Galiza cando aprobaron no Parlamento do Estado o veto vergonzante á transferencia da AP-9, que non sería posíbel sen a complicidade e colaboración do PP galego.

E ao mesmo tempo vemos como a concesionaria se lucra con beneficios absolutamente escandalosos, porque a AP-9 é un filón, é unha mina de ouro, é unha caixa de caudais coa que recadan cada día 380.000 euros dos galegos e galegas. Ingresaron 138 millóns de euros no ano 2016, dos cales 46 —unha terceira parte— foron beneficios, e prevén uns ingresos de arredor de 4.700 millóns de euros —¡4.700 millóns de euros!— ata o ano 2048 en que remata a concesión, dos cales máis de 1.500 millóns de euros van ser beneficios, algo absolutamente escandaloso, cando ademais o principal accionista da concesionaria é un fondo de investimento norteamericano que se chama Capital Corsario. Capital Corsario, ¡o nome xa o di todo!

E cando pensamos que xa chegamos aos límites do espolio, do agravio e da estafa, resulta que agora nos anuncian unha nova suba das peaxes do 3,81 % para o 2018, que se vén sumar a un incremento dende 2010, é dicir, en seis anos, do 36 %, que é un absoluto escándalo. Un 36 % en sete anos, cando o IPC, por exemplo, subiu o 9,8 %.

O BNG con esta moción pide que non se aplique este novo incremento abusivo das peaxes; que se revisen os convenios asinados nos anos 2011 e 2013; que o Estado asuma con cargo a todos os beneficios que obtén da autoestrada este incremento; e que o asuma tamén a concesionaria con todos os seus beneficios.

Ademais, pedimos con esta moción que se establezan bonificacións para as persoas usuarias da autoestrada: por percorrido completo, por quilómetros percorridos, por días de uso ao ano; e tamén para o transporte de mercadorías, que non só está prexudicado polo incremento abusivo dos combustibles, senón tamén polo prezo abusivo das peaxes. E que se fagan estas bonificacións por política da empresa e non a cambio de compensacións, como leva facendo desde sempre a concesionaria, con gobernos que lle aproban esas compensacións.

E tamén pedimos con esta iniciativa que se eliminen eses privilexios franquistas que aínda permanecen e dos que disfruta a concesionaria, como a bonificación do 95 % do IBI, que a estas alturas é un absoluto escándalo tamén que deixen de pagarlles aos concellos galegos polos que atravesa a autoestrada, que son prexudicados por esta infraestrutura, nada máis e nada menos que 9 millóns de euros anuais.

E a pesar destes beneficios multimillonarios, o que vemos é como empeora o servizo; é dicir, que a empresa concesionaria aplica aquilo de gaña máis porque gasta menos: reduce o cadro de persoal, reduce os gastos en conservación. Son reiterados os episodios de retencións e de atascos, coa permisividade e coa condescendencia do Partido Popular, tanto desde o Ministerio de Fomento como desde a Xunta de Galicia, que, curiosamente, sempre lles encontra unha xustificación a estes atascos.

O BNG nesta iniciativa tamén formula propostas e medidas concretas para pararlle os pés a Audasa neste tema, pedindo un incremento de persoal —sobre todo persoal de cabinas—,

pedindo tamén a aprobación dun protocolo de actuación que estableza, por exemplo, que se levanten as barreiras cando as colas superen 1 quilómetro, ou abrindo expedientes sancionadores á concesionaria, que non se fixo nunca, e se se fixo non acabaron con sancións.

Polo tanto, trátase de plantarlle cara a Audasa e de non permitirlle todos estes abusos, porque ademais é a autoestrada do Estado que ten máis reclamacións, e isto está constatado e demostrado en distintos informes e non pasa nada, non pasa nada porque o Capital Corsario ten patente de curso grazas ao Partido Popular.

Aquí o que pasa é que non só Audasa e Itínere son beneficiarias destes abusos e desta estafa, senón tamén o propio Estado polos ingresos da privatización e tamén polos ingresos dos impostos que a concesionaria paga alí onde ten a sede fiscal, que é en Madrid, e que foron 15 millóns no ano 2016 e arredor de cen millóns desde o ano 2010. Estes tamén son ingresos do Estado que no están repercutindo positivamente en Galiza nin no prezo das peaxes, polo tanto, o Estado tamén é cómplice dese espolio, dese agravio, desa estafa. Porque aquí o Estado e Audasa actúan como vampiros que lle chuchan o sangue a este país e recadan centos de millóns a conta dos galegos e galegas, coa complicidade da Xunta e do Partido Popular.

E por se isto non fora suficientemente escandaloso, estamos asistindo nos últimos días ao que está pasando coas obras de Rande, que se están facendo cunha presión extrema sobre o persoal que traballa nas obras: con horarios interminables, traballando en horario nocturno e nunhas condicións extremas, o que está levando ademais a accidentes graves, e iso unicamente polo interese lucrativo da concesionaria, que quere aplicar a toda costa a suba das peaxes a partir do 1 de xaneiro.

Nós o que dicimos é que non se reciban as obras nestas condicións e que non se aplique esa suba o 1 de xaneiro. Sobre todo que non se aplique a suba mentres non se corrixan e mentres non se minimicen todos os impactos negativos que ten a ampliación da ponte de Rande na súa contorna, sobre todo no concello de Redondela e na parroquia de Trasmañó, e sobre todo especialmente na parroquia da Chapela, que é unha auténtica parroquia mártir polo impacto brutal que distintas infraestruturas tiveron ao longo do tempo e están tendo nestes días nesta parroquia. O lóxico sería, se se fixeran as cousas ben, con planificación, que en gran parte desa parroquia a autoestrada pasase soterrada e non causase o impacto absolutamente brutal que está causando.

E como queremos que se corrixan estes impactos e que se condicione a recepción das obras a que se fagan estas melloras, o que propoñemos aquí é un plan, que denominamos Plan Chapela, que xa presentamos hai oito meses neste Parlamento e que foi rexeitado polo Partido Popular. Foi rexeitado polo Partido Popular, señor Pazos. Vostedes votaron en contra, non diga mentiras porque están aquí os veciños, estano escoitando e xa lle puxeron as cousas claras cando foi á parroquia de Chapela e lle dixeron o que pasara neste Parlamento. Vostedes menten moito, pero cando a xente vén aquí e os escoita, saben o que votan.

E agora veñen cunha PNL que nos van presentar mañá, porque teñen mala conciencia e porque foron incapaces de resolver na Comisión de seguimento que ten o Concello de Redondela todas estas demandas. Ademais nós propoñémoslles moitas máis (*Aplausos.*) que son cousas de xustiza.

Queremos que se corrixa a desfeita que provocou a autoestrada na parroquia de Chapela, e temos unha oportunidade para mellorar a calidade de vida, para corrixir estes impactos.

Propoñemos que se axilicen as obras e o traslado do colexio, que non se dilate ata o ano 2020 ou 2021, que é o camiño que levan vostedes cos trámites que están facendo. Eque se constrúa tamén unha escola infantil nos terreos de Cidadelle.

Pedimos que se corrixa o impacto visual da autoestrada; e a veciñanza presentou iniciativas concretas aplicando a guía que ten a propia Xunta para a corrección destes impactos.

Pedimos a urbanización dos espazos públicos sobrantes, sobre todo a creación dunha praza pública na contorna da igrexa parroquial, que é un espazo que permite importantes melloras.

Pedimos a recuperación de ríos, regatos e o patrimonio que foi afectado por estas obras.

Pedimos unha cousa importantísima, a urbanización da nacional 552, que é outra estrada que atravesa a parroquia e que ten tamén un impacto moi negativo na calidade de vida. É o momento tamén de actuar nesta infraestrutura.

Pedimos a pavimentación de vías e a apertura de novas vías. E pedimos, en definitiva, outras medidas tamén beneficiosas para estas parroquias —para a parroquia de Teis e para toda a contorna— como é que se activen xa dunha vez —e que non se reciban as obras mentres non se faga isto— medidas de protección acústica nas parroquias de Chapela e Teis e que se faga no primeiro semestre do ano 2018. Non se pode dilatar máis porque hai un mapa de ruído elaborado no ano 2012 e non se fixo nada.

Pedimos tamén a transformación en vía urbana do acceso pola AP-9 a Vigo e que se faga un estudo de mobilidade e das conexións tanto de entrada como de saída para analizar os impactos que tería este cambio.

E pedimos, en definitiva, a supresión da peaxe entre Redondela e Vigo, que é de xustiza, e ademais permitiría sacar de Chapela e de Teis moito tráfico de paso —tráfico pesado— que ten ese impacto negativo na calidade de vida da veciñanza.

E, por último, pedimos o apoio desta Cámara ao recurso presentado polo BNG perante o Tribunal Constitucional defendendo os intereses deste Parlamento e os intereses e a dignidade colectiva do pobo galego.

Polo tanto, teñen que decidir, señores e señoras do Partido Popular, de que lado están. Se están do lado de Audasa, ou se están do lado dos intereses de Galiza. Se están do lado da rapina, do espolio e do saqueo, ou están do lado da xustiza. Se están do lado dos abusos de Audasa e de Fomento, ou se están do lado...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BARÁ TORRES: ...da veciñanza, e sobre todo da veciñanza máis afectada, que é a veciñanza de Chapela e de Teis.

Vostedes teñen a palabra e a oportunidade de votar aquí a favor de todas estas medidas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

¡Pasaron 2:05 minutos sobre o previsto! Iso vai arrastrar que agora os demais grupos tamén 2:05... ¡Está ben! Non é moito. (Murmurios.)

Vamos alá. (O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.) Non, xa, xa, pero... En fin.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Boas noites, señor presidente.

Señorías, señor Bará.

Primeiro saudar os veciños de Chapela que nos acompañan a estas horas xa tardías.

Efectivamente, a parroquia de Chapela no concello de Redondela, e a parroquia de Teis no concello de Vigo, son dúas parroquias xeograficamente non sei se dicir mártires, pero, desde logo, enormemente afectadas polas vías de comunicación da entrada norte á cidade de Vigo: unha estrada de competencia estatal, unha estrada autonómica, a AP-9.

Eu tamén quero reivindicar aquí un cambio de proxecto no tren de alta velocidade que o señor Álvarez Cascos no seu momento, cando «España iba bien», deseñou nun mapa cortando pola metade as dúas parroquias, e que foi un ministro de Fomento socialista, o señor Blanco, quen o converteu nun túnel de 8 quilómetros que evita unha nova retallada nestas dúas parroquias. E quen vexa exactamente o que acontece en Arcade dáse conta do que significa o paso da liña de alta velocidade por un casco urbano. Eu creo que é bastante fácil velo alí.

O Grupo Socialista vai solicitar unha votación por puntos, separando o punto 1 e o punto 9. Presentamos unha serie de emendas. En relación co punto 1, a razón fundamental é que estamos falando dun dereito que consideramos que é individual, de cada deputado. É verdade que a situación da AP-9 e a reivindicación da transferencia o que mostra é ou a incapacidade ou a falta de vontade do Partido Popular de Galicia en Madrid para defender as posicións políticas deste Parlamento. E lamentámolo porque cremos que, efectivamente, sería boa para o país esta transferencia, pero tamén sabemos que o fundamental é o tema das tarifas da autoestrada, e, desde logo, no caso das tarifas, a gratuidade na conexión con Redondela, que, unha vez que se acadou tamén nun goberno socialista a gratuidade co Morrazo, ten todo o sentido de mobilidade funcional do que sería a articulación da área metropolitana de Vigo, esa área que o Partido Popular ten nos tribunais e que, polo tanto, está paralizada.

No punto 9 hai unha cuestión en relación co tramo urbano na AP-9. Nós entendemos que o obxectivo fundamental, ademais da conectividade das parroquias de Teis e Chapela, é sacar o tráfico urbano desas dúas parroquias. E desde logo nós entendemos que iso acontece con

máis efectividade se estas obras se fan dende o nudo de Bos Aires, porque en realidade dende Torres de Padín, máis alá das dificultades técnicas no propio entronque, o que teríamos sería que o tráfico pesado que volve á área de influencia portuaria tería que volver pola estrada N-552 de novo cara a Vigo, co cal, efectivamente, o sacabamos por un lado, pero dalgunha maneira teríamos que conseguir que dende Torres de Padín o tráfico pesado chegara á zona portuaria por algunha estrada que non supuxera —cos 850 vehículos pesados ao día— problemas importantes de tráfico.

En relación coas condicións da AP-9, efectivamente, o exemplo paradigmático —pero non o único— é o colexio Igrexa, que efectivamente quedou literalmente enriba da autoestrada. Agora asistimos a unha pretendida construción exprés, pero o certo é que vimos escoitando falar da ampliación dun terceiro carril da AP-9 na parroquia de Chapela dende hai moitos anos. É dicir, que o razoable sería que ese proxecto construtivo e ese colexio estivera construído con folgura suficiente como para que en ningún momento os nenos tivesen pegada ás súas aulas unha autoestrada que ten 52.000 vehículos ao día de tráfico.

Nós solicitamos tamén, dentro das emendas que presentamos, ademais desa conexión de tramo urbano dende a rúa de Bos Aires, todo o que ten que ver co tramo de Vilaboa-Teis, e, en fin, asumir os custos dos investimentos realizados por parte do Goberno de España. E, desde logo, que non sexan os usuarios os que o fagan.

Tamén pedimos que se leve a cabo a rebaixa da liña de afección da AP-9 na parroquia de Chapela e na de Teis ao mínimo legalmente posible. Entendemos que isto é un elemento que dificulta moito o propio planeamento urbanístico e a vida nunha situación de alegalidade de moitas vivendas. E pedimos tamén á Xunta de Galicia que reverta os terreos actuais do colexio Igrexa ao Concello de Redondela.

E logo hai unha cuestión que ten que ver co propio efecto dese tráfico, deses máis de 50.000 vehículos ao día.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Eu estou seguro de que case todos nós entramos algunha vez en Madrid pola A-6. Todos cruzamos o concello de Pozuelo de Alarcón, o concello coa maior renda per cápita de España e onde os paneis anti ruído son constantes ao longo de quilómetros e quilómetros de entrada en Madrid. A A-6 non está pegada a vivendas de ningún tipo de propiedade horizontal, non hai edificios de pisos, hai vivendas unifamiliares. Insisto, vendo a renda media do concello, intúo que, en fin, pasa a certa distancia —por dicilo dalgunha maneira— do límite da finca.

Eu sempre me preguntei cal era a razón —eu que tamén entro en Vigo por Chapela e por Teis— de que os veciños de Pozuelo, onde parece que a casa está alonxada, tiveran todos eses paneis anti ruído durante quilómetros, e que os veciños de Teis e Chapela, que teñen as casas —nalgun caso hai unha concretamente...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Si, si.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Díxome 2:05 e levo...

O señor PRESIDENTE: Non, non, pero eu dixen iso polo que se pasou o señor Bará. Vostede xa se pasou 1, ou sexa que remate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Por iso. Por iso.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Entón gustaríame tamén unha reflexión...

O señor PRESIDENTE: Remate. Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...colectiva de todo este Parlamento —e, desde logo, dos gobernos—, sobre se é que en realidade os veciños de Pozuelo de Alarcón teñen unha maior sensibilidade auditiva ou ten algo que ver con conexións privilexiadas co poder. Porque o certo —insisto— é que son quilómetros de barreiras acústicas que no caso da entrada en Vigo, cruzando o concello de Redondela e de Vigo, non hai practicamente —excepto metros—...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...ningunha delas.

Polo tanto, eu creo que teríamos que reflexionar moito sobre o papel que facemos en termos políticos á hora de satisfacer as necesidades dos cidadáns. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Un saúdo especial aos representantes da Asociación de veciños e veciñas de Chapela que hoxe nos acompañan neste debate.

Dende o noso grupo imos apoiar a moción que trae o Bloque Nacionalista Galego, que trata de reverter a inxusta situación na que nos atopamos coa AP-9, e tamén na cuestión concreta do seu paso por Chapela e Teis.

Evidentemente, non me vou meter en todas as propostas, pero si comentarei algunhas. Entendemos que é fundamental utilizar todos os recursos dispoñibles para tratar de levantar

o veto da vergoña. E dende o noso grupo estamos tramitando tamén un recurso ante o Constitucional, pois ante a parálise do Goberno da Xunta trataremos de facer todo o que sexa posible para mudar esta situación, este ataque á separación de poderes, esta forma de pisotear a xa baixa democracia e a baixa calidade que temos.

O Partido Popular no Goberno central, cando hai unha medida que pensa que se pode aprobar no Lexislativo que non lle gusta, pois vétaa na Mesa, o cal é totalmente antidemocrático, evidentemente.

Vimos esta fin de semana tanto ao señor Feijóo representando o Goberno, como ao señor Puy representando o Grupo do Partido Popular, como se adicaron —lonxe de ser belixerantes con Fomento, con esta situación do Goberno central— a facer de *chicos de los recados* do Ministerio de Fomento e saíron á defensa de todas estas inxustizas que está provocando o Goberno central, amosando que son totalmente cómplices e que están vostedes aquí facendo o paripé votando isto e despois freándoo no Goberno do Estado, porque aínda lle fan de voceiros e o defenden aquí.

Precisamos paralizar a suba do 3,8 e renegociar os convenios. Os beneficios de Audasa son absolutamente escandalosos; estamos falando de 46 millóns de euros netos cada ano. Temos moita marxe —é unha cuestión de interese público—, moitísima marxe, para rebaixar as peaxes aos galegos e ás galegas tendo unha autoestrada de peaxe, que non é o que a nós nos gustaría, fundamental para o desenvolvemento social e económico de Galicia. Polo tanto, entendemos que o Goberno da Xunta, en defensa dos intereses da cidadanía, debería facer todo o posible para paralizar esta suba porque a marxe de beneficio dá máis que de sobra.

Entendemos fundamental incrementar o cadro de persoal, mellorar os investimentos e o mantemento e implementar os protocolos de responsabilidade ante os atascos. Xa o dicía o voceiro, que a AP-9 é a autoestrada de todo o Estado con máis reclamacións. Isto tamén di moito de que tipo de concesión e de privatizacións fai o Partido Popular, que fai unha concesión a prezo de amigo sen ningún tipo de contraprestación, sen ningún tipo de exixencia, que provoca que unha empresa que está gañando 46 millóns de euros netos cada ano poida estar despedindo persoal e destruindo emprego en Galicia. Preguntámonos que tipo de concesións e de privatizacións fai o Partido Popular e que leva a cambio o Partido Popular, evidentemente.

Entendemos importante tamén a realización dunha auditoría global da mala calidade do servizo, que xa debería estar feita, dados os lumes. Estamos falando tamén da autoestrada coa maior sinistralidade de todo o Estado, ademais da que menos emprego e máis reclamacións ten. Polo tanto, unha auditoría debería estar xa realizada.

E non vou preguntar de que lado está o Partido Popular, se do lado de Audasa ou do lado dos galegos e das galegas, eu xa sei que o Partido Popular está do lado de Audasa. Evidentemente, todos os datos, e o que veñen facendo dende a privatización de Aznar, así o están indicando. Non hai ningunha dúbida da conivencia e das contraprestacións que terán vostedes a cambio.

E tamén o privilexio da ditadura franquista do 95 % de desconto do IBI é algo co que hai que rematar porque tamén está indo en prexuízo dos galegos e das galegas que viven nos con-

cellos polos que pasa a AP-9, que están perdendo ingresos para poder mellorar a súa situación de vida.

Hai un movemento por parte de distintos concellos da Coruña por onde pasa a AP-9, e nós presentaremos unha iniciativa que defenderemos seguramente en xaneiro para que a Xunta de Galicia apoie nas súas reivindicacións e nas súas accións a todos estes concellos, porque entendemos que é unha reivindicación totalmente xusta e supoñemos que vostedes tamén.

Recordemos: Audasa gaña 46 millóns de euros netos ao ano, non precisa de ningún privilexio nin de ningún desconto fiscal que prexudique máis os galegos e as galegas.

Falamos moi brevemente sobre o Plan Chapela-Trasmañó. É un tema do que xa temos falado máis dunha vez. Mañá o Partido Popular traerá unha iniciativa, evidentemente, para lavar a cara, porque van saír todas esas iniciativas. Loxicamente, son cuestións que hai que facer, e como sempre están aquí votando en contra, teñen que presentar unha iniciativa para dicir que vostedes tamén, unha vez que estean feitas estas cuestións, están a favor.

É fundamental o tema da humanización da N-552 e da AP-9, e estudar a posibilidade do seu soterramento. E como xa teñen aprobado en Pleno e en Redondela, posiblemente sexa a mellor opción loitar contra os ruídos.

Na saída de Torres de Padín...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CAL OGANDO: ...tamén habería que estudar unha entrada, e non só unha saída. En todos estes servizos estamos falando dun tramo de 800 metros onde se concentran a maioría dos servizos da vila, e é a zona na que hai que solucionar.

Polo tanto, estamos falando de que AP-9 é a autoestrada con maior sinistralidade do Estado, a que menos emprego xera por quilómetro, a que máis reclamacións ten, é a máis longa en duración —dura setenta e cinco anos— e gaña 46 millóns de euros ao ano. Evidentemente, vostedes non se van poñer do lado dos galegos e das galegas, porque vostedes xa están do lado de Audasa. Tanto a xustiza coma os corpos de seguridade do Estado xa nos están dicindo como se financia o Partido Popular a través das concesións, e é evidente que aquí teñen unha situación de convivencia, na que teñen intereses en que isto siga con esta situación. Vostedes están do lado de Audasa, non están do lado dos galegos e das galegas.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Boas noites, señorías.

Unha vez máis, e despois de escoitalos, creo que volven mostrar moita irresponsabilidade en moitos dos seus plantexamentos. E, coma sempre, estamos ante unha moción cargada de demagogia, moita demagogia.

Miren, primeiro creo que hai que recordar outra vez —porque parece que non— que estamos ante unha autoestrada de competencia estatal, que ademais ten firmados e existen contratos xa asinados que hai que cumprir, contratos que recoñecen as peaxes, que, por desgraza, están xuridicamente xustificadas.

Pero, claro, que veñan agora sorprenderse de que teñamos que cumprir contratos firmados que firmaron cando gobernaban vostedes... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, ou gobernos que apoiaban e que aquí alababan. Pero daquela calaban. Non só calaban senón que incluso recordamos as palabras dos seus alcaldes alabando estes acordos.

Claro, daquela alabábase e falábase de que se ampliasen as obras sen que se reduciran as peaxes. E era público como se ían pagar, pero diso non se falaba porque daquela gobernaban, ou apoiaban o Goberno, vostedes, e había que calar.

Mire, a nós non nos gustan as peaxes pero non facemos demagogia con elas. Tampouco as subidas, pero hai contratos firmados polo goberno de Zapatero que hai que cumprilos; si, señor Losada, do goberno de Zapatero. Como nos recordaba onte, señor Losada, o presidente de Itinere —por certo, creo que un ex-secretario de Estado socialista—. Casualidades, pero son as que pasan. (*Murmurios.*)

Pero, claro, escoitar agora os do BNG, que levan corenta anos en contra da autoestrada, os da «navallada», que queiran ser agora os defensores e os máximos adaís da autoestrada, pois sinceramente creo que é pasarse un pouco. (*Aplausos.*)

Pero, claro, esta é a mesma coherencia que ten o BNG, entre cando goberna ou non goberna, co tema da transferencia. Cando gobernaban votaban en contra da transferencia (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), e agora, que non gobernan, a montar ruído e traer este tema. Nós imos estar sempre na mesma postura, que é a defensa desta transferencia.

Pero, mire, señor Bará, os que teñen mala conciencia son vostedes, porque, cando tiñan responsabilidades de goberno, lonxe de pelexar polas infraestruturas de Galicia, calaban e firmaban acordos moi malos para Galicia e moi interesantes para Audasa, como foi o que firmou o Bipartito, do que vostede creo que formaba parte, creo que era director xeral. E xa levamos pagados 60 millóns de euros desas peaxes da Barcala e de Rande, 60 millóns de euros; que nin lle puxeron tope de coches ao convenio. Esas si que son condicións de amigo firmadas polo Bipartito.

Pero, mire, afortunadamente este Goberno, o de agora, o de Feijóo, acaba de chegar a un acordo para aforrar eses 7 millóns de euros anuais aos galegos, que pagabamos todos os galegos, os que tiñamos coche e os que non, e que vai ser un aforro de case 400 millóns de euros ata que termine. Non me canso de dicilo.

Por certo, a diferenza, cando governa o Partido Popular, son 210 quilómetros de autoestradas e de vías de alta capacidade feitos no momento de maior crise, e libres de peaxe. Esta é a diferenza. E por iso vostedes teñen agora mala conciencia. (*Aplausos.*)

Pero recordemos, porque é que hai que recordar un pouquiño as cousas. Porque, claro —si, señor Losada, non me estraña que non queira escoitalo—, no 2011 o que firma o que temos que pagar mañá é un ministro socialista, co aplauso do alcalde de Vigo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señor, si señor. Pero, ademais, jollo!, un 1 % durante vinte anos. E queren comparalo cunha cousa puntual para outra peaxe.

Pero, miren, miren se teñen mala conciencia, señores do BNG, e sigamos recordando como estaban as peaxes cando gobernaban e como subían. E estaban caladiños. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Doulle os datos do ano que soben, que se negocian o ano anterior. No 2007, 3,73 % de incremento; no 2008, 2,23 %; e no 2009 —negociado no 2008—, 4,49 %. Quere dicir isto que nos anos do Bipartito subiron as peaxes o 14,19 %. ¿Que facían vostedes? Calar, votar en contra da transferencia e pagar 7 millóns de euros por unha peaxe estatal, iso é o que facían. (*Aplausos.*)

Miren, nós claro que nos queixamos, pero os acordos son anteriores, ¡claro que nos queixámos! Soben este ano o 3,8 %, e queixámonos, a pesar de que tamén temos que dicir que no ano pasado, no 2017, estiveron conxelados. E, se facemos esta subida nestes dous anos, é o 1,9 %, moito menos que calquera dos anos nos que vostedes gobernaban.

Pero, miren, é que, ademais, por dicir e por seguir recordando cousas —non lles moleste tanto que recordemos, esperen un momentíño, e miren se teñen mala conciencia vostedes—, piden agora que o pague Fomento. ¿Saben canto é a diferenza do que pode investir en infraestruturas Fomento respecto do 2010, cando gobernaba o Partido Socialista co apoio do BNG? Pois, miren, temos agora 7.540 millóns de euros. No 2010, cando o señor ministro Blanco, o excelentísimo señor José Blanco López, dicía que non tiña cartos, eran 21.000 millóns, ¡tres veces máis! (*Protestas.*) (*Murmurios.*) Eses son os grandes discursos...

Miren, en calquera caso, todo o que se está facendo, señores do BNG, é que o que piden que é razoable se está facendo xa. Por iso pedimos a supresión da peaxe en determinados treitos, como é o de Redondela-Vigo.

Pero —miren se teñen mala conciencia— non se preocupen os veciños de Chapela. Mañá vén unha proposición non de lei na que imos ter ocasión de falar de todas estas cousas. Claro, falan de barreiras de son, cando trouxo o Partido Popular a este Parlamento unha proposición non de lei e foi o promotor para que se puxeran, e xa comprometeu o Ministerio de Fomento que as vai poñer —por poñer un exemplo dos moitos dos que falaremos mañá—. Que non se preocupen os veciños de Chapela, que saben perfectamente que o que defende os intereses de Chapela e de Redondela é o Partido Popular, de aquí e de alí. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non se poñan nerviosos.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Remato xa, señor presidente.

Igual que fixo o Partido Socialista, señor Bará, en relación co punto 5 da súa moción, nós estaríamos dispostos a apoiar a solicitude de rebaixa da bonificación do IBI que ten a AP-9, pero, jollo!, sempre e cando non signifique aumento das peaxes para os usuarios. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non é tan directo.

Que quede claro. Estaríamos dispostos, e pediremos tamén, como fixo o Partido Socialista, a votación por puntos para este punto 5. En calquera caso, hai que seguir comprometendo que o Partido Popular e o Goberno que o sustenta vai seguir defendendo os intereses dos galegos, vai seguir demandando de Audasa e do Ministerio de Fomento todo o que sexa bo para os galegos. E aí estaremos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, o señor Bará.

Esta proposición de lei fóiseme das mans, pero hai que... (*Risos.*)

Temos invitados.

O señor BARÁ TORRES: Espírito navideño.

O señor PRESIDENTE: Temos invitados, temos invitados, e por iso é a cuestión. Na próxima retomaremos. E agora termine no tempo, por favor. Na próxima retomamos os tempos, se non, é imposible.

O señor BARÁ TORRES: Señor Fernández Prado, recórdolle que os convenios do 2011 e do 2013 foron asinados polos gobernos do Partido Socialista e do Partido Popular (*Aplausos.*), e a señora Pastor ratificou e ampliou as condicións do convenio do 2011, puxo a primeira pedra e presumiu da ampliación. E os convenios pódense renegociar, pódense mudar, sobre todo tendo en conta os beneficios multimillonarios, como lle dixeran, da concesionaria e mais do Estado. Pódense cambiar.

E mire, vou pedir perdón, porque teño que recoñecer que nos equivocamos co da «navallada», de verdade. Díganlle á veciñanza da Chapela se iso é unha navallada ou é unha auténtica desfeita o que fixeron alí. (*Aplausos.*) Chamarlle a iso navallada é ser moi condescendentes. É unha aldraxe absoluta o que fixeron nesa parroquia.

E equivocámonos tamén co da navallada, ¿sabe por que? Porque non foi unha navallada, foi unha estafa e un roubo á man armada. (*Aplausos.*) Iso é o que foi o da AP-9. O da navallada quedou curto, e por iso temos que pedir perdón.

Ben, vostede vénnos contar aquí outra vez ese truco do almendruco de que van aforrar 400 millóns. ¡Mentira!, non repitan esa mentira, porque o propio Consello de Contas fala de 186 millóns. E ademais sabemos, porque está no *Boletín Oficial do Estado*, que ese aforro é como consecuencia dun novo cálculo das compensacións, que se vai gastar menos no pagamento dese convenio e que o vai asumir integramente o Ministerio de Fomento porque é menos da cantidade que ten aprobada o propio ministerio para facer esa compensación. Polo tanto, non presuman dese aforro, porque é polo novo cálculo.

E dígolle máis: ese novo convenio publicado no boletín fala de enriquecemento inxusto da concesionaria ao longo da vixencia. ¿Que van facer vostedes para evitar ese enriquecemento inxusto? ¿Vanlle pedir esa compensación? Serviría para non aplicar, por exemplo, as subidas das peaxes.

Vostedes están facendo aquí un papel patético, están votando en contra destas medidas que son en defensa deste Parlamento, en defensa da dignidade deste país, en defensa do pobo galego, e para evitar os abusos da concesionaria no servizo e nas peaxes.

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre as emendas...? É que ten moitas solicitudes, porque ten unha por puntos. ¿Que vai pasar?

O señor BARÁ TORRES: Teño moitas solicitudes pero aínda me queda un pouco de tempo.

Pedímoslles, polo tanto, contundencia na defensa dos intereses deste país.

O señor PRESIDENTE: Ás emendas, ás emendas, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Imos aceptar a votación por puntos, e ímoslle aceptar ao Partido Socialista a emenda número 10 *bis*, a emenda número 10 *ter* e —¿como se di iso en latín? (Risos.) —, a última tamén, a 10 *quater*. Que son emendas que, en todo caso, son beneficiosas para ese «plan Chapela» que propuxemos aquí. Lamentamos que o Partido Popular non apoie estas medidas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, moitas grazas.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co dereito a unha vivenda digna

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado D. Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Engadir ao final os seguintes puntos:

<<— Reformular o Programa de Vivendas Baleiras e desenvolver políticas de mobilización de vivendas baleiras mediante incentivos positivos.

— Poñer en marcha o Observatorio Galego de Vivenda, entendido como un órgano de participación, estudo, formulación de propostas, seguimento e avaliación das políticas públicas de vivenda en Galicia.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes outra vez.

O dereito a unha vivenda digna ¡que lonxe o ven Pablo e Magdalena!, ameazados por un desafiuzamento por parte de Abanca, ese banco que se rescatou con 9.000 millóns de euros e que se regalou a un empresario venezolano. ¡Que lonxe ve o dereito a unha vivenda digna Paula, de 21 anos, de Vigo!, ameazada actualmente cun desafiuzamento por non poder pagar un alugueiro. Percibe unha Risga de pouco máis de 300 euros. Non lle renovan o alugamento. ¡Que lonxe ve ese dereito Ana, de 53 anos!, coa Risga tamén, e que non pode pagar ese alugueiro; como o viron Elisabeth, Sandra, da Coruña; María, de Ourense; Aurelia, da Coruña, etc.

Case todos son nomes de muller, son casos onde case todos estivemos en concentracións de apoio para tratar de evitar eses desafiuzamentos. Non é unha estatística, pero é moi representativo do que pasa neste país co dereito á vivenda. O principal colectivo afectado son as mulleres, porque, evidentemente, ás mulleres tamén lles afecta máis a precariedade laboral e a pobreza.

Pan, traballo e teito son fundamentos básicos para garantir unha vida digna aos cidadáns e ás cidadás. Estas deberían ser as prioridades de todo goberno democrático e decente. Non o son en moitos casos, e non é o caso da Xunta de Galicia. A Xunta non prioriza achegar pan, traballo e teito aos galegos e galegas. As súas políticas sosteñen un mercado desregulizado que incrementa as desigualdades, sacrifican as persoas en beneficio das contas de resultados dos señores do mercado —pan—. A pesar da suposta melloría que proclaman nos seus telexornais, increméntase a pobreza, seguen medrando as familias que solicitan a Risga. De 2015 a 2016 hai un incremento do 10,7 %, 10.700 galegos perceptores da Risga, un pésimo balance no capítulo de pan.

No traballo, desemprego masivo e precarización crecente. Hai aproximadamente 300.000 traballadores, o 30 % aproximadamente, que perciben menos do salario mínimo interprofesional; 672.000 persoas teñen ingresos menores de 9.000 euros brutos anuais —estes non son só laborais, senón laborais, pensións e outro tipo de prestacións—, 672.000 persoas que perciben menos de 650 euros por catorce pagas ou menos de 730 euros en doce pagas. A metade dos menores de 35 anos non teñen traballo e a outra metade traballa en precario, un pésimo balance tamén no capítulo traballo.

No teito, a vivenda como ben especulativo. O seu credo fai da vivenda un subproduto do negocio inmobiliario dos bancos. A vivenda hoxe en día non é un dereito, hai tempo que arrin-

caron ese artigo da Constitución, da que son tan devotos servidores. A vivenda segue a ser concibida por vostedes —tanto a Xunta de Galicia como o Goberno do Estado— como un ben de investimento e non como un dereito. A directriz básica destas políticas é non incomodar os bancos, non molestar os especuladores inmobiliarios e desatender sistematicamente o dereito de acceso a unha vivenda propia e digna a milleiros de galegos e galegas. Por iso se negaron sistematicamente a crear, coas vivendas que se lles compraron aos bancos, as vivendas da Sareb, un parque público de alugamento a prezos sociais, para non incorporar un parque de vivendas a un prezo asequible que condicionaría o mercado á baixa dos prezos de alugueiro. Aos bancos e aos grandes tenedores de vivenda non lles interesaba.

Tamén modificaron a Lei de arrendamentos urbanos rebaixando de cinco a tres anos o período de alugamento para forzar reactualizacións e contratos de prezos á alza. Opóñense a regulamentar o concepto de vivenda baleira, paso indispensable, contido xa na lei reguladora de facendas locais, para que os concellos que así o desexen poñan recargo no IBI ás vivendas baleiras, e iso que está na lei.

Para as entidades financeiras, ter un piso baleiro segue a ser tan barato como antes da crise. Para nós, falar do dereito a unha vivenda pasa por incrementar o parque público de vivendas de alugamento e que teña unha dimensión axeitada. O Instituto Galego de Vivenda e Solo conta na actualidade cunhas, aproximadamente, 3.500 vivendas sobre un total de 1.600.000 vivendas que hai en Galicia —1.200.000 de vivendas habituais aproximadamente—. É a todas luces insuficiente. Aínda máis se temos en conta a deficiente xestión e a falta de axilidade na súa xestión. Hai xente que agarda sete ou nove anos pola adxudicación e hai moitas renuncias. E dáse a directriz de priorizar a venda sobre o alugamento.

A maioría dos mozos e mozas, diferentemente de hai dez anos, non poden acceder a unha hipoteca. Acceden á vivenda a través do alugamento. En 2008 era o 41 % dos mozos os que optaban polo alugamento; en 2016, o 71 %. Iso podería non ser malo se houberse un mercado de alugamento público e privado que dotase de estabilidade os contratos e regulamentara prezos máximos asequibles. Nun contexto no que aumenta a demanda de alugamentos, sobre todo nas áreas urbanas, como non hai mecanismos reguladores, o aumento da demanda o que fai é incrementar os prezos moi rapidamente. No ano 2016 medraron un 6 %.

Polo tanto, as súas políticas de vivenda liquidan todo o dereito a un teito digno, fan de Galicia un paraíso especulativo, no que abundan casas sen xente e xente sen casa. Os desafiuza-mentos e a negación do dereito ao acceso á vivenda de milleiros de persoas é algo estrutural, débese á súa negativa a modificar o patrón especulativo das políticas de vivenda. No capítulo de teito, as súas políticas son igualmente negativas, nin pan nin traballo nin teito, só garanten os favores aos bancos e aos especuladores inmobiliarios. Por iso pedimos, unha vez máis, a rectificación das súas políticas, unha rectificación radical. Por iso instamos a Xunta a incrementar substancialmente o parque público de vivenda en alugamento cunha intervención pública coordinada para xerar suficiente vivenda de promoción pública en alugamento, incluíndo a rehabilitación das vivendas do IGVS que se atopan en mal estado, e o desenvolvemento de posibilidades de incorporar ao patrimonio público edificios e vivendas xa construídas de titularidade privada.

Pedimos tamén que se modifique o sistema de adxudicación de vivenda de promoción pública e que sexa máis áxil e xusto, axustándoo a criterios obxectivos de necesidade e modificando con eses obxectivos os decretos 253/2007 e 1/2010.

Queremos tamén que se demande ao Goberno do Estado a cesión das vivendas propiedade da Sareb, as necesarias nas zonas onde sexan necesarias para atender as necesidades de vivenda, para que incrementen ese parque público de alugamento. Pedimos tamén o incremento dos orzamentos e o incremento da execución deses orzamentos.

Pedimos exixir tamén ao Goberno español que dunha vez por todas se regule o concepto de vivenda baleira para poder poñer recargos no IBI aos grandes posuidores de vivenda, para que cumpra a vivenda esa función social, e demandar tamén ao Goberno español outra lei de arrendamentos urbanos que mellore a estabilidade dos contratos, limite o incremento dos prezos entre contrato e contrato, limite as fianzas e algunha outra medida máis.

É dicir, se hai precariedade, se hai desemprego, se hai xente que ten uns ingresos tan baixos como os que dixen antes e por outro lado non hai ningunha política que regule os prezos da vivenda, o resultado vai ser sempre, sempre, o que estamos a ver. A xente non ten o dereito a unha vivenda digna, seguen os desafiuzamentos, seguen os desafiuzamentos dos colectivos máis desfavorecidos, con efectos demoledores que van moito máis alá das estatísticas.

Eu sempre digo que se imaxine calquera de nós, nas nosas circunstancias, que fósemos expulsados da nosa casa, con fillos, con fillas, coa familia. É un trauma moi difícil de superar para calquera persoa. Pero un trauma que está pasando todos os días, e está pasando todos os días cando paralelamente hai miles de vivendas baleiras neste país e hai miles de vivendas baleiras das entidades financeiras rescatadas con diñeiro público neste país. Se isto pasa é porque se quere que pase, se isto pasa é porque vostedes optan por outros intereses que non son os desta xente, e iso tense que saber.

Nós cremos que esta iniciativa ten que aprobarse por dignidade. A Xunta de Galicia ten que atender o compromiso de achegar pan, traballo e teito a todos os galegos e galegas. Son a Xunta de Galicia, non son a xunta de accionistas dos bancos. Isto, o de botar a xente á rúa, é exercer a violencia institucional contra a xente máis desfavorecida, unha violencia exercida durante os últimos anos, dende antes do inicio da crise. E isto ten que rematar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Este asunto ponnos cara a cara cunha das consecuencias máis evidentes e máis devastadoras da chamada crise, que é o espolio, ao que se viu sometida unha gran parte da poboación, de rendas, de dereitos e concretamente tamén das súas casas, das súas vivendas. Os datos falan de máis de 400.000 persoas, familias, privadas das súas vivendas, que na súa maior parte eran persoas que pertencen ás clases popula-

res, ás clases traballadoras deste país, que foron estafadas como consecuencia desta crise. Porque as súas vivendas, ademais, pasaron a ser propiedade da banca, que foi a principal responsábel desa crise e dese espolio e tamén a principal beneficiaria quedando coas casas desafuzadas e tamén coas multimillonarias axudas públicas de máis de 40.000 millóns de euros que non tiveron que devolver, ou dos máis de 32.000 millóns de euros que cobran anualmente as entidades bancarias das contas do Estado polos intereses da débeda. É dicir, que é absolutamente escandaloso o que pasou neste tema, e explica moi ben cales foron as causas e as consecuencias da chamada crise. Así temos que a banca se converteu na principal inmobiliaria do Estado, e que está utilizando, ademais, esas vivendas para facer especulación e buscar o máximo lucro, cando debía ser isto unha oportunidade para a intervención do sector público no mercado da vivenda aproveitando todas esas vivendas que están en mans da banca e que a banca foi beneficiaria desas axudas multimillonarias.

O que está claro é que non pode haber políticas públicas da vivenda sen intervención do Estado, sen intervención do sector público, sen intervención, neste caso, do Goberno e da Xunta de Galiza, sen cambiar, en definitiva, o marco legal. Pero, claro, non hai políticas públicas, auténticas políticas públicas de vivenda, porque iso supón ir en contra dos intereses da banca, que é a principal inmobiliaria do Estado español. E a banca, como sabemos, é intocable para o Partido Popular, porque xa sabemos a que intereses obedece o Partido Popular.

Entón, como non hai política real, política pública de vivenda, o que hai son medidas parciais, limitadas, moitas delas de carácter cosmético, de coidados paliativos, que en moitos casos son farragosas, son burocráticas, son lentas, son desesperantes e que non van á raíz do problema, que ten que ver cun novo modelo económico, ou co actual modelo económico, laboral, de renda, de repartición da riqueza, de exclusión social, de precarización. Porque realmente vostedes conseguiron que o ideal de vida da xente nova neste momento sexa optar a un traballo precario, e iso é un auténtico drama.

E, ao mesmo tempo, vimos como nestes anos se reduciron drasticamente os investimentos públicos na oferta de vivenda protexida, que baixaron de 52 millóns de euros no ano 2009 a 4 millóns no ano 2016. Vimos, ao longo deste tempo, a incapacidade que tiveron para mobilizar as vivendas baleiras, co fracaso dese plan de vivendas baleiras que foi un auténtico bluff e que, por riba, utilizaron para facer oposición aos concellos, pero que se está revelando inoperativo, inoperante. Temos 300.000 vivendas baleiras, con datos de 2011, en Galiza, das cales 90.000 están nas cidades.

E fracasaron tamén as políticas de rehabilitación, como xa temos denunciado aquí nos debates sobre a rehabilitación e como se pode ademais comprobar. O señor portavoz do Partido Popular sabe perfectamente o que pasou nestes anos, o que está pasando co barrio da Tinería en Lugo, o que pasou —xa o falamos aquí— no caso de Betanzos. Non lles imos falar dos modelos alternativos que defende o BNG, pero poderíamos falar moito sobre iso.

E por riba, por riba de todo iso, de que non teñen unha auténtica política pública de vivenda, o que fan é incumprir os seus propios plans. Incumpren o Plan galego de vivenda 2015-2020, en primeiro lugar, porque son incapaces, absolutamente incapaces, incompetentes, para

executar o propio orzamento. E volvemos falarlles aquí da partida de fomento da rehabilitación e da calidade de vivenda, que tivo no ano...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando. Fáltanlle 26 segundos. Hai que ir avisando.

O señor BARÁ TORRES: ...15,8 % en 2016, 7,3 % de execución en 2014, 1,3 % de execución en 2013, 12,2 % en 2012. ¿Cantos millóns quedaron sen executar nun programa que é fundamental?

O BNG, desde logo, quere un cambio de rumbo na política de vivenda e por iso vai aprobar esta iniciativa. Fixemos emendas tamén para melloralala no posible, con incentivos positivos, ademais dos negativos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...—porque cremos que ten que haber tamén negativos para a vivenda baleira— e creando un observatorio galego da vivenda.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boa noite a todas e a todos.

A verdade é que esta moción que hoxe se presenta contén toda unha declaración de intencións no que á política de acceso á vivenda se refire. E podemos discrepar nalgúns matices, pero de forma xeral imos apoiala polo que fala da mellora das condicións de vida das persoas e de xustiza social.

O pasado ano, no congreso de arquitectura celebrado na cidade de Barcelona, o lema do mesmo dicía así: «A vivenda, un dereito coma unha casa». É graficamente moi acaído, posto que pon de manifesto como a vivenda é un dereito que non pode considerarse unha cuestión menor. E o Grupo Parlamentario Socialista ten claro que hai que seguir traballando para conquerilo.

Hai uns días aprobábase neste Parlamento unha iniciativa socialista sobre o impulso do *co-housing*. E dende esta portavocía facíase fincapé no vital que é para os nosos maiores decidir como e con quen queren vivir a súa ancianidade, así como evitar que sintan a temida soidade non desexada, cuestión entendida por todos os grupos, que a impulsaron unanimemente. Por iso chama a atención que durante anos fosen os bancos os que decidiran onde e como ían vivir moitos galegos e galegas, e que ante isto a reacción fose moito menos unánime. Eles e elas si que sentiron e senten esa soidade e vulnerabilidade, por iso o tema dos desa-

fiuzamentos ten que ser prioritario e as políticas de vivenda teñen que atender a varias fronteiras, porque tamén as realidades dos galegos e galegas son diferentes. Isto non é un xogo de *Playmobil* con clips estándar aos que se lles muda a perruca, este é un mundo real, de diversidade, e para o que hai que ofrecer respostas.

Nestas datas do nadal existe un coñecido anuncio que seguro que está na mente de todos vostedes, e que di: «*Vuelve a casa, vuelve*». Dende o ano 2007 foron preto de 500.000 os desafiuzados en toda España, 500.000 que xa non volverán á súa casa nin no nadal nin nunca, un drama. En Galicia, no acumulado da primeira metade do exercicio, os desafiuzamentos ascenden a 1.416, máis que no mesmo período do pasado ano, e aspirando a empeorar ese dato de case 2.000 desafiuzados das súas vivendas por ano; 2.000 familias galegas que non poderán volver á súa casa polo nadal porque este ano, como a moitos outros lles aconteceu dende o 2007, ven como o que foi o seu fogar xa non é tal.

Pero, claro, en todo o que é política de vivenda, os datos son os que son. Son supostos, son intuídos, son estimados, e sempre está o Goberno para reinterpretar as cifras. Porque a transparencia de datos, neste sentido, foi durante anos totalmente opaca. Onte anunciou o Goberno a posta en marcha do Observatorio da Vivenda, xustamente nove anos máis tarde da aprobación da Lei de vivenda do ano 2008, que xa contemplaba na súa disposición adicional sexta a súa creación. E foi substituída por outra no 2012 que a eliminou do articulado. Francamente curioso que a día de hoxe caian por fin na conta de que é preciso contar con esta ferramenta.

A nosa sensación é que, durante os anos da crise, vostedes non querían nin tiñan intención de observar o que acontecía. Puxeron as mans nos ollos e deixáronse levar xustamente no momento no que as familias máis sufriron as consecuencias da crise coa perda das súas vivendas. E, polo tanto, onte anuncian que se crea o observatorio. Eu penso francamente que estes tempos da virtualidade e da realidade tridimensional están a facer moito dano no Grupo do Partido Popular. Porque, ¿como vai isto?, ¿as cousas inicianse a golpe de micro e cámaras?

A creación dun observatorio coma unha ferramenta útil non pode resumirse na celebración dunha reunión en xaneiro con axentes do sector. O Observatorio da Vivenda estará operativo, ao noso entender, cando asuma o deber da transparencia e facilite aqueles datos que permitan mellorar a lectura do estado do parque de vivendas públicas e privadas de Galicia, así como moitos outros datos. Porque este grupo ten claro que non se pode mellorar unha xestión se non se coñece o que está a fallar ou, o que é peor, se se sabe e deliberadamente se fai o posible por ocultalo ou difuminalo.

E sobre por que non deron os pasos para a súa posta en marcha ata o de agora pode ter dúas lecturas: unha, a de evitar ese control da súa xestión e, outra, porque foron vostedes mesmos os que retiraron o observatorio como obxectivo da Lei de vivenda, algo que si se contemplaba na anterior lei do 2008, como dixeran, aprobada durante o Goberno bipartito.

Polo tanto, hoxe temos que dicir iso de que sen tempo non foi. Como sen tempo non foi que o que onte vían mal hoxe o vexan ben. No seu día a señora Rojo criticou a Lei de vivenda do 2008 polo seu carácter intervencionista e expropiatorio. A día de hoxe vostedes, no borrador

da Lei de rehabilitación, propoñen exactamente o mesmo. Polo tanto, o resumo perfecto da súa política de vivenda é: hoxe voume, mañá voume e non sei cando nin sei para onde.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Señor presidente, señorías.

Señora Pierres, teño que dicir que me deixou desconcertado, porque a teño por unha persoa seria e, dende logo, teño que dicir que non coñezo ningunha lei de vivenda do Bipartito. Hai o Decreto hábitat, o famoso Decreto hábitat, non é unha lei jeh! Non confunda, non confunda a xente, que é o Decreto hábitat —desastroso, por certo—, non é unha lei. (*Murmurios.*) A Lei de vivenda, a única que se aprobou e que está en vigor, é do ano 2012, da que tiven a honra de ser ponente xunto co señor Toxo, ao cal, dende logo, me une unha amizade e un agradecemento polo seu traballo nesa lei. Pero foi a primeira lei de vivenda, non confundamos. E xa digo que a teño por unha persoa seria e rigorosa.

E, ¡home!, Barcelona precisamente é un moi bo sitio para facer un congreso de arquitectura, pero non para dar leccións de necesidade de vivenda. Porque son precisamente en Cataluña os que lideran os desahucios de toda España dende hai moitos anos.

E tamén é certo o que dixó vostede, e hai que agradecerlo, de que desahucios dende o ano 2007 van 500.000. E hai que dicir que son de todo, porque non son todo vivendas. Aí hai dende garaxes a trasteiros, fincas rústicas e de todo tipo. Non hai ningunha separación nin se sabe cal é vivenda habitual ou non vivenda habitual. Pero no 2007 quen gobernaba tanto na Xunta como en Madrid era o Partido Socialista —por se acaso non se acorda—, ata o 2011; 350.000 desahucios na época do goberno de Zapatero, e curiosamente foron eles os que sacaron o desahucio exprés, rapidamente. ¿Acórdase?, o desahucio exprés, que se poden acordar de como era. Polo tanto, está ben recordalo e agradezo que dera os datos desa maneira, que dá a oportunidade.

Señor Sánchez, mire, non se pode tolerar —e hai que dicilo claramente— o que acaba de dicir vostede, porque é unha falsidade total e absoluta. Iso de que a Xunta neste momento está priorizando a venda sobre o alugamento é falso totalmente. Sobre o 70 % das vivendas que se fan novas, ou rehabilitadas, son en alugamento. E o parque público de vivenda da Xunta neste momento son sobre 3.700; das cales, 3.500 son en alugamento, de 3.500 é o parque público de vivenda en alugamento. E, por certo, xa me dirá, se hai uns anos había 2.800 e agora hai 3.700, pois hai un incremento do 32 %. ¡Home!, ¡algo se faría, algo se faría! Posiblemente faise máis en Cataluña e os seus amigos, aos que foi vostede visitar con frecuencia, fixeron unha política mellor. Se esa é a política que En Marea nos propón, igual que a dos concellos onde gobernan aquí, dende logo non creo que sexa a que interesa para Galicia, nin moito menos. Porque creo que estaríamos desgraciadamente con moitos máis problemas de desahucios, como pasa en Cataluña ou na Comunidade Valenciana, que son as que lideran, xunto con Andalucía, desgraciadamente, ese ránking pouco apetecible por liderar.

Pero tamén lle quero dicir unha cousa. Vostede empezou —claro, é o de sempre—, con nomes de persoas. Si, Paula, de 21 anos. Con Paula, de 21 anos, xa falou a Xunta con ela. E, dende logo, se cumpre os requisitos —por suposto, ao mellor, se termina un contrato, terá que cambiar de vivenda— terá unha vivenda á súa disposición. E de Aurelia, cando queira, facemos unha monográfica, sobre Aurelia da Coruña, de hai varios anos. Vostede sabe coma min o que pasou aí, mellor ca min, porque eran os que se ataban coas cadeas alí ao lado. E, polo tanto, señor Sánchez, demagogia a xusta. Porque vostede veu aquí falar de demagogia clara, populismo barato, e a desfacer as políticas a ver o que cae. Iso non é serio, e non debería de ser serio.

Pero, miren, vostedes fagan o que queiran. Mentres, a Xunta teno moi claro. E o Goberno ao que apoia o Partido Popular, xa dixen, está a traballar seriamente e rigorosamente. Mentres haxa unha familia con problemas de vivenda, alí estará a Xunta. Si, esas 12 medidas —que vostedes se burlan delas—, 12 medidas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu respectei dende o primeiro minuto e intentei escoitar con atención, señor Sánchez, con atención intentei ver se dicía algunha cousa que escapara da demagogia. ¡Difícil atopala, difícil!

Pero mire, esas 12 medidas que a Xunta ten en vigor e que aprobou tiveron o visto bo... E non só o visto bo, senón que no ano 2005 o informe da Valedora do Pobo veu dicir que eran significativamente mellores que en calquera outra comunidade as medidas que a Xunta de Galicia estaba poñendo para evitar os desahucios. E, mire, hai máis de 1.500 familias que foron atendidas con esas medidas, ben por problemas en alugamentos ou ben en temas hipotecarios, evitando os desahucios ou poñendo axudas. Houbo 6.000 medidas que deron lugar a que máis de 6.000 familias obtiveran axudas para o alugamento, ou máis de 400 bonos-alugueiro —204 no que vai de ano—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Si, remato, señor presidente. E o único que lle quero dicir é que o programa de vivendas baleiras, que vostede descualificou, se as grandes cidades non queren participar, ou se se suman pero non queren participar, é difícil poñelo en marcha. Polo tanto, a colaboración, señor Sánchez, é necesaria. Curiosamente nas grandes cidades, A Coruña, Ferrol ou Vigo, onde máis problemas hai de desahucios, resulta que non queren participar ou non queren axudar. A día de hoxe hai 53 concellos que xa están aí incluídos, e están adxudicadas vivendas dese programa de vivendas baleiras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

Polo grupo autor da moción, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Castiñeira, a ver cando toma en serio isto, e cando o seu grupo e o seu goberno toman en serio isto. É demasiado serio o que pasa coa xente que vai á rúa como para vir aquí a utilizar a táctica de que os outros o fan peor e non aportar nunca un argumento serio. Nunca aporta ningún argumento serio. Vostede falou de Barcelona. ¡Claro

que pasa en Barcelona!, ¡claro que pasa en Barcelona! E o que pasa en Barcelona pasa aquí con menos intensidade nas zonas urbanas deste país. Porque xa lle dixen que 672.000 persoas neste país gañan menos de 9.000 euros brutos—, non fan ningún tipo de política de regulación dos prezos da vivenda —ao contrario, fomentan que suban os prezos da vivenda— e despois ¿que resultados pretenden acadar máis que a xente non teña dereito ao acceso á vivenda?

Iso non é demagogia, é a realidade, señor Castiñeira. Non é demagogia dicir que vostedes gastaron e deron por perdidos 40.000 millóns de euros en rescatar os bancos. E non puxeron as vivendas dos bancos á disposición da xente que tiña que ir á rúa. Vostedes ampararon unha lexislación hipotecaria que estafou a millóns de persoas neste país. E tivo que vir a xustiza europea a poñelos no seu sitio, pero durante eses anos moita xente foi desafiuzada e estafada polos bancos, con cláusulas abusivas que vostedes permitiron —e a xustiza, da que tanto presumen, tamén—.

Polo tanto, falen en serio, tomen en serio este auténtico drama, e tomen partido pola xente e non polos bancos. Non é ningunha demagogia, señor Castiñeira, dicir que vostedes son uns fariseos cando falan de vivenda. ¿Onde están os mecanismos de regulación do mercado da vivenda neste país, señor Castiñeira? Nunca, nos debates que tivemos, me dixen aquí onde estaban eses mecanismos de regulación. Non hai un parque público de alugamento cunha dimensión axeitada e non hai unha lei que regule os prezos do alugueiro nin os prezos da vivenda. Para vostedes é unha boa noticia que suba o prezo da vivenda e que baixen os salarios, pero iso provoca o sufrimento de moita xente que se ten que ir da casa. E iso é o que están facendo vostedes, e despois dime vostede que... (*Murmurios.*) ¿Como pode, como pode...? ¿Está tomando de broma vostede a xente, a xente que non ten dereito a unha vivenda, señor Castiñeira? Está tomándoa de broma cando di e presume de que subiron o parque público de alugamento de 2.800 a 3.700 —dixo—. E, claro, entón manipula e di que esa é unha gran porcentaxe de incremento. Si, claro, gran porcentaxe porque partiamos de onde partiamos. Pero 3.700 vivendas é unha ridiculez de parque público de vivenda de alugamento, é unha ridiculez que non serve para os obxectivos que din pretender. Polo tanto, non veña aquí a manipular.

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Sobre a emenda, vostedes gobernaron neste país a maior parte dos anos desta democracia, e levan gobernando nove anos. E durante eses nove anos máis de 5 persoas ao día foron desafiuzadas neste país porque vostedes o permitiron.

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda do Bloque.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Aceptamos a emenda do Bloque, señor presidente. E gustárame que fora tan flexible comigo como co señor Fernández Prado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, pero non se queixe que vostede está compensado no tempo. Non, non, perdoe, perdoe, que niso non... Non, iso si que non. No tempo, aquí hoxe foise

flexible, tiñamos invitados... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Na anterior. E xa dixen que agora tiñamos que axustarnos un pouco ao tempo. Cada cousa non seu sitio, jeh!, cada cousa no seu sitio.

Imos votar.

(A señora Pierres López pide a palabra.)

Si, señora Pierres, ¿para que quere a palabra?

A señora PIERRES LÓPEZ: Para corrixir unha imprecisión.

O señor PRESIDENTE: ¿A que se refire?

A señora PIERRES LÓPEZ: Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia —DOG do martes 20 de xaneiro do 2009—.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, pero é que iso é unha inexactitude. Consulteino cos letrados e dinme que, efectivamente, esa lei foi aprobada o 29 de decembro. *(O señor Castiñeira Broz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas.

Pois imos votar.

Pechen as portas, por favor.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a Moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia laboral na Administración de xustiza. Estaba pendente unha transacción entre os puntos 4 e 5. ¿Hai esa transacción? *(A señora Vilán Lorenzo: Si.)*

Se nola le, por favor, a todos...

A señora VILÁN LORENZO: «O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a atender as reclamacións dos sindicatos con representación entre o persoal de xustiza de Galicia abrindo un período de diálogo permanente nos seguintes termos:

1. Mellorando as retribucións dos traballadores da Administración de xustiza coa media do resto de comunidades autónomas, especialmente no complemento autonómico transitorio.

2. Consolidando as prazas que responden a necesidades estruturais, especialmente as de máis de tres anos.

3. Repoñendo as prazas que foron amortizadas naqueles supostos e ámbitos de especial afectación.

4. Negociando un acordo tendente a acadar a eliminación da discriminación no ámbito xudicial con outros corpos de funcionarios ou autoridades no tratamento das situacións de incapacidade temporal.

5. Aboando o cen por cento das retribucións nos casos de substitucións dun corpo superior, demandando ao Goberno do Estado a reforma da lexislación estatal mediante a aplicación do principio de non discriminación e igualdade de trato recollido na sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 14 de setembro de 2016».

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Votamos, polo tanto, esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia laboral na Administración de xustiza.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Propoñolles tres votacións. A primeira sería dos puntos 1 e 9, que pediu por separado o Grupo Parlamentario Socialista. Despois unha segunda votación co punto 5 —polo Grupo Parlamentario do Partido Popular—. E, por último, votariamos xa o que é a moción, incorporando as propostas.

Entón imos comezar votando os puntos 1 e 9 da moción, tal e como pediu o Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación dos puntos 1 e 9 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 39; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto número 5 da moción.

Votamos.

Votación do punto 5 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa AP-9.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 5 do texto transaccionado desta moción.

O señor PRESIDENTE: E agora, por último, votariamos o resto de puntos da moción, na que se incorporan os puntos das emendas; en concreto, o 10 bis), o 10 ter) e o 10 quater) do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa AP-9, cos puntos 10 bis), 10 ter) e 10 quater) incorporados, agás os puntos xa votados.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos do texto transaccionado desta moción.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora a Moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Antón Sánchez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co dereito a unha vivenda digna.

Aceptouse a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co dereito a unha vivenda digna.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.


O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o texto desta moción.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos o pleno ata mañá ás dez.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás dez e oito minutos da noite.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25